

CLARIDAD

REVISTA DA FUNDAÇÃO LUIS TILVE

A ARCHIVO
HISTÓRICO
de la Provincia de Buenos Aires
AS PENSIONES

DECEMBRO DE 2009



Consello de Dirección e Redacción:

Xesús Mosquera Sueiro, Roxelio Pérez Poza, Juan Pais Andrade, Domingo Barros Montáns, Emilio Garrido Moreira, M^a Xosé Rodríguez Galdo, Guillermo Pérez Agulla, José Ramón Copa Novo, Manuel Barbeitos Alcántara, Laureano Aragón Arroyo, Luis Sánchez Gala, Isidoro Gracia Plaza.

Consello Editorial:

Fernando González Laxe, Xesús Mosquera Sueiro, Roxelio Pérez Poza, José Antonio Gómez Gómez, Rosa Arcos Caamaño, Juan Pais Andrade.

Escriben neste número:

Xesús Mosquera Sueiro, Manuel Barbeitos Alcántara, Isidoro Gracia Plaza, José María Miranda Boto, Carla Cunqueiro Pérez, Amelia Uveira González, José Antonio Gómez, José Antonio Neira, Carmen Brea Iglesias, Clara Gamarra Lozano, Antolín Alcántara Álvarez, Emilio Garrido Moreira, Jerónimo E. Boragina, Guillermo Pérez Agulla e Antonio Rodríguez.

Redacción e administración:

Avenida Cruceiro da Coruña, 22-baixo
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
Telf.- 981 58 54 90 ; Fax- 981 56 68 30;
Correo-E: fluistilve@hotmail.com e flt89@telefonica.net;
web: <http://www.fundacionluistilve.org>

Depósito legal: C-1129/2006

ISSN: 1886-3639

Deseño e maquetación: FACTOR[®]

Imprime: Plana Artes Gráficas, SL

Prezo: 6 euros - subscripción anual: 15 euros

Tirada deste número: 1.000 exemplares

OS ARTIGOS PUBLICADOS NOS REFLECTEN O CRITERIO DA REVISTA,
SENON A OPINIÓN QUE OS SEUS AUTORES VIRTEN NELES

CLARIDADE

SUBSCRIPCION A CLARIDADE

Condições: A subscrição terá un custe de 15 € o ano, o que dará dereito a recibir no domicilio os 3 números anuais, mais calquera especial que sexa publicado nese tempo.

Nome e Apellidos: _____

Domicilio _____

Poboación _____ C.P.: _____

Banco / Caixa _____ Domiciliación Bancaria _____

Dirección _____ Sucursal _____

Código Conta Cliente (CCC), 20 díxitos: _____

Sinatura,

Data: _____ de _____ de _____

Enviar a: CLARIDADE (Revista da Fundación Luís Tilve).- Avda. Cruceiro de A Coruña, nº 22, baixo. 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).



SUMARIO

	PÁXINA
Presentación	7
Editorial: Unha controversia permanente e interesada	9
As pensións no Sistema de Seguridade Social en España	13
<i>Xesús Mosquera Sueiro.</i>	
A importancia das Pensións en Galicia	27
<i>Manuel Barbeitos Alcántara.</i>	
Os Plans e Fondos de Pensións privados. Alternativa ou complemento do Sistema Público?	35
<i>Manuel Barbeitos Alcántara.</i>	
Pensiones, Protección Social y otros temas de debate	43
<i>Isidoro Gracia.</i>	
A Unión Europea e as Pensións: tres estratexias de intervención	49
<i>José María Miranda Boto.</i>	
O Fondo de Reserva, unha garantía	55
<i>Carla Cunqueiro Pérez.</i>	
O Sistema de Pensións nos Estados Unidos	59
<i>Amelia Uveira González</i>	
A Seguridade Social factor de cohesión política	65
<i>Xesús Mosquera Sueiro</i>	
As nosas Pensións, un sistema seguro que debemos mellorar	67
<i>José Antonio Gómez.</i>	
A opinión dos axentes sociais galegos: CEG, UGT, CC.OO.e CIG	73

PAXINAS DA MEMORIA:

A Unión Obreira Galaico Portuguesa, un antecedente do CSI Galicia Norte de Portugal	83
--	-----------

Emílio Garrido Moreira

Discurso de Manuel Sarille Lanceiro en Montecubeiro	89
--	-----------

Gallegos en Argentina. Voluntarios en España	95
---	-----------

Jerónimo E. Boragina

LIBROS: Lecturas para tempos estraños	103
--	------------

Manuel Barbeitos Alcántara

Reseña de “Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española”	104
---	------------

Jerónimo E. Boragina

Reseña de “Ricardo Pérez Medín. Memorias”	105
--	------------

REseña de “Diccionario Biográfico del Socialismo Español”	106
--	------------

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN:

Actividades	107
--------------------	------------

Guillermo Pérez Agulla

Convocatoria Premios Luís Tilve 2010	119
---	------------

IN MEMORIAM Santiago Fernández Loureiro	123
--	------------

Antonio Rodríguez

José María Bouza Allegue “Mario Bouza”	124
---	------------

Demetrio Chorén Vázquez	125
--------------------------------	------------

PRESENTACION

Comprácenos poder achegar aos lectores de CLARIDADE este novo número da revista, no que “As Pensións” ocupan a temática central dos seus traballos. Trátase dunha cuestión tan importante que por si mesma condiciona e da carácter á política, á economía e á sociedade dun país. Un tema sobre o que se leva dito e escrito moito, e que segue de permanente actualidade, pois estamos diante dun debate que non cesa, no que dende a revista queremos participar, intentando facelo dende a perspectiva dos traballadores e para os traballadores, contribuíndo así, aínda que sexa modestamente, a compensar en parte os grandes silencios do que son obxecto as súas opinións á hora de falar dun tema tan importante.

Para elo, ademais de traballos de Manuel Barbeitos e outros economistas estudosos do tema, contamos coas contribucións do profesor José María Miranda Boto, e do enxeñeiro Isidoro Gracia Plaza. Ao igual que engadimos un cuestionario con preguntas clave realizado a

destacados representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, así como da UGT, CC.OO. e CIG. Tamén aportan artigos o Presidente da Fundación Luís Tilve, Xesús Mosquera, e o Secretario Xeral da UGT, José Antonio Gómez Gómez.

O historiador Emilio Garrido Moreira ilústranos sobre o que foi a Unión Obreira Galaico Portuguesa, un antecedente do Consello Sindical Interrexional (CSI) Galicia Norte de Portugal, un órgano estatutario da Confederación Europea de Sindicatos (CES), que acaba de cumprir neste 2009 os seus vinte anos de vida.

No campo da Historia, tamén contamos coa inestimábel participación do historiador arxentino Jerónimo E. Boragina, que aporta un artigo destacado, non só polo seu interese, senón por tratarse dunha temática pouco coñecida, como foi a contribución dos voluntarios arxentinos durante a Guerra Civil Española, do cal el é especialista, realizando unha impagábel e necesaria labor, xunto ao equipo de investigación do Grupo de Historia desde Abajo.

Estamos diante dun debate que non cesa, no que queremos participar dende a perspectiva dos traballadores e para os traballadores, contribuíndo a compensar en parte os grandes silencios do que son obxecto as súas opinións

O ano 2009 foi intenso en actividades e importante en acontecementos. Trouxo unha nova maioría no Parlamento galego, un cambio de signo político na Xunta de Galicia e un novo Presidente. O PSdeG – PSOE renovou a súa dirección, elixindo un novo Secretario Xeral e a UGT de Galicia reelixiu a José Antonio Gómez como Secretario Xeral

Recibido da súa familia, publicamos o discurso pronunciado por Manuel Sarille Lanceiro o 23 de agosto do ano 2003 en Montecubeiro (Lugo), con motivo do descubrimento dun monólito en memoria dos feitos acaecidos naquel lugar en agosto de 1937, e dos que Manuel Sarille viviu sendo un rapaz. Trátase dunha testemuña de indubidable valor histórico.

O que fora Secretario Xeral do PSdeG-PSOE e Presidente da Fete-UGT, Antonio Rodríguez, fai unha entrañable lembranza de Santiago Fernández Loureiro, recentemente falecido. Do mesmo xeito, recollemos palabras de recordo para outros compañeiros igualmente queridos e que tamén acaban de finar como José María Bouza Allegue (Mario Bouza), ex Secretario Xeral da UGT de Ferrol e Coordinador da Unión de Xubilados e Pensionistas da UGT de Galicia, e como Demetrio Chorén, ex Secretario de Acción Sindical da Federación de Transportes, Comunicacions e Mar.

Como é habitual, expóñense tamén algunhas das principais actividades levadas a cabo pola Fundación Luís Tilve ao longo dos últimos meses, e anúnciase a convocatoria e as bases dos Premios Luís Tilve 2010.

O ano 2009 foi intenso en actividades e importante en acontecementos. Entre outras cousas trouxo consigo unha

nova maioría no Parlamento galego, e un cambio de Presidente, de Goberno, e do signo político na Xunta de Galicia. O PSdeG – PSOE celebraría un congreso extraordinario renovando a súa dirección, aceptando o relevo Emilio Pérez Touriño, e elixindo un novo Secretario Xeral na persoa de Pachi Vázquez, e novos estatutos, ao abeiro dos cales estreariase unha nova estrutura, organizándose os primeiros congresos provinciais deste partido en Galicia dende o inicio da transición democrática.

A UGT de Galicia, tamén celebrou o seu X Congreso Ordinario, reelixindo a José Antonio Gómez como Secretario Xeral. Producíronse novas incorporacións ao Padroado da Fundación Luís Tilve, que cumpriu neste 2009 vinte anos, e que ao igual que a revista CLARIDADE apréstase a encarar unha nova etapa.

Unha controversia permanente e interesada

Con calculada periodicidade aparecen nos medios de comunicación nacionais, opinións, comentarios e artigos, referidos a estudos alertando sobre unha suposta crise do sistema público de pensións. Os argumentos utilizados son sempre os mesmos: unha situación demográfica marcada por unha porcentaxe cada vez maior das persoas da terceira idade (son máis e viven máis anos), un gasto tamén en aumento que fai “insostible” a actual situación da Seguridade Social, e sobre todo, do sistema público de pensións. Paralelamente aparecen as receitas que, casualmente, son tamén sempre as mesmas: retardar a idade de xubilación, ampliar o período mínimo de carencia, dar pulo ós sistemas privados, etc.

Non é casualidade que, na maioría dos casos, estes argumentos procedan de sectores xa non ben relacionados, senón dependentes ou financiados en moitos casos, por entidades financeiras, compañías de seguros, ou sociedades e colectivos que se moven na esfera dos diversos fondos de pensións privados.

Tampouco resulta casual que case ninguén faga referencia ó importe medio real das pensións en España. En todo caso resaltan algúns que as bases de cotización son moi altas facendo abstracción de que os salarios reais son baixos e que, como consecuencia, as pensións en España –e, particularmente, en Galicia– son tamén moi baixas, das máis baixas entre os países da UE15, en todas e cada unha das modalidades. Como proba

do que dicimos está o feito de que en tódolos estudos serios que se fan sobre a pobreza en España resáltase que é máis elevada entre as persoas da terceira idade e que aquela vai en aumento: a pobreza entre as persoas anciáns é máis elevada que en calquera outro estrato de idade. Situación a que non é allea o baixo importe medio das pensións de vellez.

Resulta tamén paradoxal que cando se fai referencia á suposta insostibilidade do actual sistema público de pensións non se acompañe esta afirmación con datos fiables que a xustifiquen nin que, moito menos, se faga referencia á situación do gasto público en pensións. Así, atopámonos por unha parte con que persoas alleas á Seguridade Social advirtennos do risco financeiro que corre este sistema público

Máis alá dos círculos reducidos do ámbito institucional, tampouco se insiste coa forza e claridade debidas, na necesidade de separar as fontes de financiamento, de xeito que o Estado deixe de botar man dos recursos da Seguridade Social e asuma con cargo a fiscalidade xeral, as súas obrigas en materia de asistencia social

de asistencia social, mentres que os auténticos responsables e xerentes do mesmo, que teñen unha información de primeira man da situación, asegúranos que, moi polo contrario, o sistema público de pensións en España “goza de boa saúde” incluso en situacións de crise como na actualidade polo que non existe risco de sostibilidade.

Por outra parte, e como xa argumentamos noutro número de CLARIDADE, o gasto público en pensións en España é dos máis baixos da UE15. Curiosamente ningún dos medios de comunicación, financeiros e políticos que tanto nos advirten dos riscos orzamentarios que corre a Seguridade Social, acostuman a facer referencia a esta situación que, pola nosa parte, si consideramos moi preocupante. Máis alá dos círculos reducidos do ámbito institucional, tampouco se insiste coa forza e claridade debidas, na necesidade de separar as fontes de financiamento, de xeito que o Estado deixe de botar man dos recursos da Seguridade Social e asuma con cargo a fiscalidade xeral, as súas obrigas en materia de asistencia social.

Cando se nos fala dunha porcentaxe cada vez maior de persoas da terceira idade en detrimento da xente mais nova, intentando xustificar así o argumento da inevitable insostibilidade inmediata e futura do sistema se non se retarda a idade de xubilación, estase ofrecendo, como ben demostrou o pro-

fesor Vicenc Navarro no seu magnífico traballo “El subdesarrollo social en España”, unha conclusión errada. Ben é certo que nos derradeiros anos asitiuse a nivel europeo a un importante crecemento da esperanza media de vida pero este crecemento débese máis ao espectacular descenso da mortalidade entre a poboación infantil e moza que a un incremento na idade media da poboación. O incremento medio de idade na poboación vella ten sido moi cativo, polo que incrementando a idade de xubilación o que realmente se fai é reducir o período medio de desfrute da pensión. Isto non quere dicir que non esteamos a favor de que exista a posibilidade de retardaren a idade de xubilación sempre e cando esta sexa voluntaria e non obrigatoria, nin que non sexan necesarias medidas de política económica que estimulen a mellora da actual taxa de natalidade en España, en retroceso por outros motivos.

Enlazando de novo co relativo ós ingresos do sistema por cotizacións, hai que subliñar que nun sistema de reparto como o español, aquelas están en función dos salarios si, pero tamén do emprego, e dos niveis de fraude, que medran precisamente en situacións de crise económica. Compre reflectir nos salarios as melloras por produtividade, e cotizar pola totalidade dos salarios percibidos. Faise necesario mellorar a cobertura dos parados, e por remedio ás lagoas temporais de cotización derivadas do paro

de longa duración, sobre todo nos anos mozos e a partir dos cincuenta anos en adiante. Faise necesario igualmente poñer coto a alta taxa de economía somerxida en España, superior o 20%, da que se derivará moita poboación excluída do Sistema Contributivo, aumentando no futuro a porcentaxe de persoas que deba subsidiar ao Estado.

A pretensión das organizacións empresariais de reducir ate cinco puntos a porcentaxe de cotización á Seguridade Social, sería contraditoria coas afirmacións de que o sistema público de pensións está en perigo, se non fose porque se sabe que esta última afirmación é unha falsidade. O sistema non está en perigo, por iso foi posible poder contar co actual Fondo de Reserva, pero unha redución das cotizacións como solicitan algúns si podería colocalo en grave risco. Non é polo tanto unha demanda razoable, porque España ten uns custos salariais (salario máis cargas sociais), dos máis baixos da UE15, e pretender competir a base de precariedade e baixos salarios, asemellándonos máis os países do norte de África que a aqueles dos máis prósperos da Unión Europea, non é un horizonte recomendable.

E por iso que queremos finalizar facendo referencia á situación financeira das pensións en países da UE15 cun nivel de desenvolvemento económico e social dos máis elevados. Os países nórdicos europeos —como se reflicte neste núme-

ro— non só acoden ós Orzamentos do Estado para o financiamento do sistema público de pensións cando é necesario, senón que saben que un nivel de contribución fiscal razoable, é unha das condicións necesarias para manter o seu nivel de prosperidade. Algo que en España tamén resultaría factible chegado o caso, e máis se temos en conta que na actualidade somos un dos países coa presión fiscal máis baixa. Estamos convencidos de que, se chegada unha situación de dificultade que hoxe non temos, ós cidadáns españois se nos explica con claridade e rigor que unha suba pequena dos impostos sería necesaria para a mellora do sistema público de pensións, a maioría non só o aceptaría, senón que a apoiaría. Máis ameazado estaba o sistema financeiro e de seguros privados que viñeron administrando os detractores do sistema público de pensións, e moitísimo máis imos ter que pagar todos agora.

A pretensión das organizacións empresariais de reducir ate cinco puntos a porcentaxe de cotización á Seguridade Social, sería contraditoria coas afirmacións de que o sistema público de pensións está en perigo



As pensións no sistema de Seguridade Social en España

Xesús Mosquera Sueiro

Presidente da Fundación Luis Tilve

Defínese á Seguridade Social como o conxunto de medidas adoptadas polo Estado para protexer aos cidadáns contra os riscos individuais que nunca deixan de presentarse por próspera e equitativa que sexa a sociedade na que vivan.

Dende unha perspectiva teórica cabe distinguir dous grandes modelos de sistemas de Seguridade Social:

1.- Modelo Profesional:

As súas características básicas son: Que a poboación protexida está comprendida pola poboación laboral asalariada, ampliándose a outros casos de xeito moi limitado. Que a contribución ao traballo cumpre a dobre condición e medida dos dereitos de Seguridade Social: a relación salarios – cotizacións – pensións establecen o tipo

de prestación e a contía da mesma. O sistema estrutúrase arredor dun conxunto de riscos propios dos traballadores.

2.- Modelo Universal:

E máis amplo e ten como obxectivo a cobertura total de persoas e de necesidades, adecuando a prestación de xeito que sirva para proporcionar un nivel de renda mínimo, preciso para a subsistencia de tódolos que o necesitan.

3.- Financiamento:

Ambos tipos de sistemas admiten distintas formas de financiamento:

a) A cargo do Sector Público, vía recursos fiscais dos Orzamentos do Estado.

b) A cargo das cotas dos afiliados. Este tipo admite a súa vez dúas formulas:

- O SISTEMA DE REPARTO, baseado nun contrato interxeneracional implícito, no cal as cotas e ingresos actuais serven para cubrir as prestacións do momento actual.

- O SISTEMA DE CAPITALIZACION, baseado en modelos que utilizan técnicas de aforro e xeración de reservas dos ingresos actuais para facer fronte aos gastos do futuro.

A Seguridade Social española

O proceso de evolución seguido pola Seguridade Social en España, con reformas frecuentes, fai que o modelo español non se axuste plenamente a ningún dos expostos anteriormente.

Na actualidade volve a debaterse con forza, a nece-

sidade ou non de reformas, e no seu caso como deberan producirse estes cambios. Esta situación non é un feito illado na historia da Seguridade Social, pois o volume de recursos que administra e a amplitude da poboación implicada con intereses en xogo -a práctica totalidade dos habitantes- e a principal causa desta constante evolución.

Algo de historia

O primeiro antecedente claro da Seguridade Social Española data do ano 1883 cando se crea a Comisión de Reforma para a mellora da clase obreira, que se acabará materializando na Lei de 30 de xaneiro de 1.900, coa que se implanta o primeiro seguro obreiro de España, concreto nun seguro de accidentes de traballo.

En 1908 crease o Instituto Nacional de Previsión Social (INP), que se caracteriza por ser voluntario e por utilizar o sistema de capitalización individualizada, de maneira que en España, fai 101 anos, nos comezos do século pasado xa foi experimentado un sistema de capitalización.

O primeiro seguro obrigatorio implántase en 1919 co nome de “Seguro Obrero”. Nun primeiro momento a súa vía de financiamento é dual (Sector Público e Empresas), para logo despois incorporar aos empre-

gados utilizando un sistema de capitalización colectiva.

En 1939, trala Guerra Civil, o que se coñece como “Retiro Obrero” transfórmasse en “Seguro Obligatorio de Vejez e Invalidez (SOVI)”, substituíndose o sistema de capitalización utilizado ate entón polo de reparto. En 1946 constitúese o Mutualismo Laboral, como un sistema de previsión obrigatorio para empresas e traballadores de certos sectores produtivos.

A falta de coordinación entre os dous sistemas existentes entón, o SOVI e o Mutualismo, traerá consigo a Lei de Bases da Seguridade Social de 1963, na que se define á Seguridade Social como “una tarea nacional que impone sacrificios a los jóvenes respecto a viejos, a sanos respecto a enfermos, a ocupados respecto a los que no lo están, A las actividades económicas en auge y prosperidad respecto a los sectores deprimidos”. E dicir, elíxese un sistema de reparto, coa intención de aplicar políticas redistributivas.

Pouco antes de finalizar o período da ditadura, apróbase no ano 1972 a “Ley de Financiación y Perfeccionamiento de la Acción Protectora del Régimen General de la Seguridad Social”, e pouco despois en 1974 o “Texto Refundido de la Ley General de Seguridad Social”.

A Constitución de 1978 no seu artigo 41 establece que “os poderes públicos mantendrán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garante a asistencia e prestacións sociais suficientes diante de situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres”. E dicir, hai un cambio cara a universalización do sistema.

En 1985 co Acordo Económico e Social (AES), elaborouse o Documento Base sobre a Reforma da Seguridade Social, sen valor xurídico, pero asumido polo goberno no que se establece un proceso de reforma que desembocaría en tres niveis:

1. Nivel profesional contributivo.
2. Nivel complementario libre.
3. Nivel non contributivo.

A Lei 26/1985 de Medidas Urxentes para a racionalización da estrutura e da acción protectora da Seguridade Social (coñecida como Lei de Pensións) reforza o papel proporcional das pensións respecto ao tempo cotizado e inicia un proceso de universalización a través das pensións asistenciais.

A Lei 26/1990 de Prestacións non Contributivas amplía o sistema de Seguridade Social ao incluír a colectivos que aínda non cumprindo os criterios

vixentes poderán acceder ás prestacións por xubilación, regulando ademais as prestacións familiares.

Esta é pois, a situación actual, dende un punto de vista legal, da Seguridade Social en España.

Estrutura actual e características do sistema

Como dicíamos, o actual modelo de Seguridade Social español non se corresponde exactamente con ningún dos modelos teóricos mencionados, senón que é un sistema singular, condicionado pola súa evolución histórica. Tres son as súas características esenciais:

- É un sistema profesional, ao delimitar aos suxeitos protexidos dentro de categorías de poboación, aínda que de feito o sistema tende a ser universalizado.

- É un sistema contributivo, pois o seu financiamento recae principalmente nas cotas ou contribucións dos interesados (traballadores e empresarios), utilizando o sistema de reparto.

- Está xestionado públicamente, coa participación en réxime de colaboración de entidades privadas (empresas e mutuas).

A Constitución Española de 1978 recolle ademais os obxectivos da Seguridade Social, entre os que destacan: a protección á familia, a redistribución da renda e o pleno emprego, a atención aos diminuídos e á terceira idade.

A xestión da Seguridade Social está baixo a responsabilidade do Sector Público (Estado, Comunidades Autónomas, Administracións Locais) e nalgúns casos coa colaboración de certa actividade privada.

Temos en primeiro lugar as entidades dispensadoras de prestacións:

- Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).-

Xestiona e administra as prestacións económicas do sistema. Goza de personalidade económica propia e estrutúrase en órganos superiores, uns colexiados de participación no control e vixilancia da xestión, e outros unipersoais de dirección e xestión. A nivel provincial son as Comisións Executivas, integradas polo Director Provincial de Traballo, o Director Provincial do INSS, o Director Provincial da Tesourería, e representantes dos sindicatos e das organizacións empresariais.

- Instituto Nacional da Saúde (INSALUD).-

Ten como función o desenvolvemento e execución dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria. En

Galicia esta é unha competencia transferida ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

- Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSER-SO).-

É o seu cometido o desenvolvemento e execución dos servizos sociais. En Galicia moitas das súas funcións están transferidas á Comunidade Autónoma que as leva a cabo a través do Sistema Galego de Benestar, de carácter público. Como instrumentos importantes para levar a cabo a súa tarefa cabe destacar o Servizo Galego de Atención á Dependencia (SGAD) de carácter público, e a Sociedade Galega de Servizos Sociais (SOGAER-SO), tamén de carácter público, aínda que neste caso creada cun protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e as Entidades Caixa Galicia e Caixanova.

- Instituto Social da Marina (ISM).-

Coa función principal de xestión e administración das prestacións do sector marítimo pesqueiro.

Como servizos comúns a todo o sistema e entidades de colaboración, cabe sinalar:

- A **Tesourería Xeral** (Caixa Única), que leva a cabo a recadación e administración financeira do sistema e unifica os recursos financeiros.

- A Xerencia de Informática.

- As **Mutuas Patronais de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais**.

- A **participación das empresas** (pago de prestacións de ILT).

Prestacións e financiamento do sistema

A Seguridade Social ten dúas modalidades de protección: O nivel contributivo e o non contributivo. O primeiro deles componse dun Réxime Xeral e cinco Réximes Especiais, que son: Empregados do Fogar, Traballadores Autónomos, Minería e Carbón, Traballadores do Mar e Agrario. Integrado neste nivel contributivo están os anteriores aínda vixentes, como o SOVI.

En canto ás prestacións son as seguintes:

1. PRESTACIONES SANITARIAS: Asistencia médica e sanitaria por enfer-

midade común, accidente de traballo, accidente non laboral e maternidade. Inclúen cirurxía, hospitalización e farmacia, e amparan a familiares.

2. PRESTACIONES ECONOMICAS: Incapacidade Laboral Transitoria (ILT); Invalideces (provisional, permanente, parcial, absoluta, etc.); Lesións; Subsidios de Recuperación; Prestacións familiares por fillo a cargo; Protección por morte e supervivencia; Servizos Sociais; Subsidio de Maternidade; Atención ás persoas dependentes; Desemprego e PENSIONES

As Pensiones

As pensións inclúen ás de xubilación, invalidez (parcial, total, absoluta, gran invalidez), viuvez, orfandade, a favor de familiares. Pola súa importancia económica e social comprefacer mención dalgunhas cifras actuais (finais do 2009) en relación ás pensións, especialmente referidas a Galicia.

A contía da pensión máxima do sistema é de 2.432'21 euros. A mínima correspóndese coas antigas procedentes

do "Seguro Obligatorio de Vellez e Invalidez" (SOVI), cun importe de 366'89 euros, e das que hai en Galicia algo máis de 19.000. A mínima para un xubilado de 65 anos sen cónxuxe a cargo é de 559'41 euros.

Contributivas

Son aquelas derivadas dunha contribución ou cotización regular a través dun período de tempo mínimo de 15 anos. O número de beneficiarios destas pensións contributivas en Galicia, representa o 8'36 do total de España, e o seu importe medio resulta inferior nun 16'5% ao importe medio destas pensións en España.

Segundo datos do Ministerio de Traballo referidos a Galicia con data de 1 de setembro de 2.009, o maior número das pensións galegas corresponde ás de xubilación con 440.770, e un importe medio de 703'21 euros; seguen ás de viuvez con 181.500 e 465'63 euros de media; ás de incapacidade permanente con 68.445

	Pensións Contributivas		Pensións non Contributivas	
	Beneficiarios	Importe Medio	Beneficiarios	Importe
España	8.553.971	755'86	456.848	336'33
Galicia	715.772	631'27	48.375	336'33

pensionistas e un importe medio de 718'87 euros; ás de orfandade ascendían a 20.018 por importe de 335'64; e a favor de familiares 5.473, por importe de 411'62 euros. Convén subliñar que segundo a mencionada información **a pensión media de xubilación en España acadou os 857'38 euros, o que supón 154 euros máis que a media de Galicia.**

Entre as razóns destas diferenzas, algunhas son obvias, e outras probables: As pensións contributivas son máis baixas porque tamén o son os salarios, as mesmas cotizacións dos autónomos (cun volume importante en Galicia) son tamén inferiores por un contexto económico difícil e por unha insuficiente motivación. Hai tamén existencia de lagoas nos períodos cotizados ao longo da vida laboral, períodos con cotizacións por contías inferiores ás retribucións realmente percibidas, etc.

Non Contributivas

A universalización crecente do sistema fai aparecer prestacións que non esixen previa cotización por parte dos beneficiarios. Son as prestacións non contributivas que amparan, aínda que con contías menores, invalideces, prestacións familiares con fillo a cargo, así como prestacións por desemprego e xubilación.

No caso das pensións son pois subsidios públicos financiados a través doutros ingresos do Estado, destinados a amparar a aquelas persoas carentes de ingresos, que ou ben non cotizaron, ou as súas cotizacións foron por un período inferior ao necesario para recibir unha prestación contributiva.

Estas pensións amparan en Galicia a algo máis de 48.000 persoas, e supoñen o 10'6 % do conxunto das pensións non contributivas de toda España, unha porcentaxe superior en máis de dous puntos á existente con respecto ás contributivas. O 62% destas pensións son de xubilación, e o 38% restante son pensións de invalidez. O seu importe é fixo e sitúase para este ano 2009 en 336'33 euros ao mes, por catorce pagas.

Estas pensións, polo exiguu, están sendo incrementadas por algunhas comunidades autónomas en España. No caso de Galicia este complemento iniciouse a finais do ano 2.008 cunha paga adicional de 200 euros/ano por pensionista.

Financiamento

¿Cómo se financian as Pensións e a Seguridade Social? Básicamente a través de dúas fontes: As cotizacións de traballadores e empresas e o financiamento público.

As cotizacións supoñen as achegas básicas do sistema. A obriga de cotizar nace co inicio da actividade e non cesa por ILT, períodos de proba, etc. Únicamente cesa coa finalización da prestación de servizos e conseguinte comunicación da baixa á Dirección Provincial da Tesourería da Seguridade Social no prazo regulamentario.

Os obrigados a cotizar legalmente son os traballadores e as empresas, sendo estas últimas responsables de aplicar a retención nas nóminas dos traballadores. Con carácter xeral, e para o ano 2009, as cargas repártense do seguinte xeito:

Empresa: Continxencias comúns 23'6, Desemprego 5'50, Fondo de Garantía Salarial 0'2, Formación Profesional 0'6. Total: 29'90 %.

Traballador: Continxencias comúns 4'7, Desemprego 1'55, Formación Profesional 0'1. Total 6'35 %.

O total entre empresa e traballador ascende ao 36'25 %. Hai especificidades para o Réxime Especial de Traballadores Autónomos, para o Réxime Especial de Empregados do Fogar, e un Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios.

Na actualidade, a base mínima de cotización sitúase en 728'10 € día, e a máxima en 3.166'20 € día.

Anos de evolución, tensión social e reformas

A realidade actual, que está sendo obxecto, de novo, dun amplo debate entre os que reclaman a introdución de reformas e os que se negan a seguir perdendo dereitos, é o resultado a súa vez de trinta anos de evolución ao longo dos cales foron reformándose xa aspectos importantes, no medio de fortes tensións políticas e sociais.

Unha primeira reforma de calado realizouse en 1985, ao aumentarse o período mínimo de cotización para ter dereito á pensión dos dez aos quince anos; e ao aumentar o número de anos utilizados para o cálculo da base reguladora que pasou dos dous anos ate os oito previos a xubilación. Aínda que con elo se contribuíu a erradicar algunhas prácticas fraudulentas, as dúas medidas traerían consigo unha rebaixa na contía de tódalas novas pensións a partir desa data.

O tratamento das pensións nos Orzamentos do Estado para 1988, foi unha das causas, sen dúbida a principal, que levaron ao Secretario Xeral da UGT, Nicolás Redondo, a presentar a súa dimisión como Deputado no Congreso en 1987, e abrir diferenzas que acabarían por modificar o modelo histórico de relación

entre a UGT e o PSOE, existente ate entón. O 14 de decembro de 1988 tería lugar unha folga xeral que paralizaría por completo o país.

O 15 de febreiro de 1994 apróbase polo Pleno do Congreso dos Deputados, unha proposición para crear unha Ponencia na Comisión de Presupostos co fin de elaborar un informe sobre os problemas e as posibles reformas do sistema da Seguridade Social. O informe, feito público en 1995, foi coñecido como Pacto de Toledo, e analizou tanto os antecedentes como os factores que podían condicionar a súa evolución futura, realizando quince recomendacións, que orientarían o desenvolvemento da Seguridade Social e das Pensións ao longo dos anos seguintes. Cabe mencionar entre elas a “Separación e clarificación das fontes de financiamento”, “A constitución dun fondo de reserva”, “A mellora nas bases de cotización”, “O financiamento dos réximes especiais”, “A mellora dos mecanismos de recadación e a loita contra a economía irregular”, “A evolución dos tipos de cotización”, “A equidade nas retribucións”, “A idade de xubilación”, “O mantemento do poder adquisitivo das pensións”, “O sistema complementario”, e medidas para mellorar a xestión e a posta en práctica de instrumentos polo Goberno e polo Parlamento para realizar un seguimento e unha avaliación

periódica de resultados coa participación dos axentes sociais.

En base a aquelas recomendacións, o 9 de outubro de 1996, subscríbese entre o Goberno do Partido Popular e os sindicatos UGT e CC.OO., o que se denominou “*Acuerdo sobre Consolidación y Racionalización del Sistema de Seguridad Social*”. Este acordo foi posteriormente plasmado na Lei de Consolidación e Racionalización do Sistema da Seguridade Social, aprobada polo Congreso o 15 de xullo de 1997. Entre as modificacións que introduciu no sistema, cabe destacar o **aumento de 8 a 15 do número de anos aplicados para o cálculo da base reguladora da pensión**; a revalorización das pensións segundo a evolución prevista para o IPC, e a súa revisión en función das diferenzas entre o IPC previsto e o rexistrado en novembro de cada ano, a creación dun fondo de reserva destinado ao pago das pensións a dotar cos excedentes da Seguridade Social, e a gradual supresión dos topes máximos e mínimos de cotización. Como principal logro para os pensionistas cabe destacar a actualización automática da contía das pensións, cuestión moi importante. E como contrapartida negativa, a ampliación a 15 anos do período para calcular a base reguladora, medida esta que reduciría a contía da maioría das pensións xeradas a partir desa data.

En marzo do ano 2.000 o Partido Popular volve a gañar as eleccións xerais, nesta ocasión con maioría absoluta. De seguido se inician conversas coas organizacións sindicais e empresariais, encamiñadas a unha fonda reforma laboral e das pensións. En abril de 2.001 o novo Goberno, a CEOE e o sindicato CC.OO., subscriben un acordo para “a mellora e desenvolvemento do sistema de protección social”, que a UGT non firma por diferenzas substanciais en materia de pensións. Entre outras cousas a idade para xubilación anticipada pasa dos 60 os 61 anos, salvo para mutualistas con cotizacións antes do ano 1967. Estas e outras reformas que pretende o Goberno desencadean duras reaccións en contra, dende amplos sectores do mundo laboral. En xuño do 2.001 ten lugar unha folga xeral en Galicia convocada por UGT e CIG que Comisións Obreiras non secunda. Ao ano seguinte sen embargo, tamén no mes de xuño, a convocatoria de folga xeral contra as reformas que pretende o goberno, esténdese a toda España co apoio de tódolos sindicatos.

O Pacto de Toledo limitara a súa vixencia a cinco anos, establecéndose que a partir do ano 2000 debía procederse a súa revisión. Como resultado desta revisión, o 2 de outubro do 2003, foi aprobado polo pleno do Congreso dos Deputados o informe elaborado pola Comisión non permanente para a valoración dos resultados obtidos pola aplicación das



Imaxe durante a Folga Xeral do 15 de xuño de 2001

recomendacións de 1995. Nas súas conclusións o informe efectúa 22 novas recomendacións expostas en tres bloques: o primeiro contén valoracións sobre o grao de cumprimento das resolucións iniciais, o segundo inclúe algunhas recomendacións adicionais, e o terceiro apartado configura o sistema de pensións no marco da Unión Europea.

O 13 de xullo de 2006, e tomando novamente como referencia ás últimas prioridades marcadas polo Pacto de Toledo, firmouse entre o Goberno socialista, a UGT, CC.OO., CEOE e CEPYME, o “Acuerdo Sobre Medidas en Materia de Seguridad Social”. Entre as principais modificacións introducidas cabe sinalar a eliminación dos días correspondentes ás pagas extraordinarias como cómpu-

to para o cálculo dos 15 anos mínimos de cotización para ter dereito á pensión, de xeito que dito período mínimo queda definido en 5.475 días, en lugar dos 4.700 necesarios ate entón. Os coeficientes redutores por xubilación anticipada, nos supostos de extinción non voluntaria da relación laboral, pasan do 8% o 7’5%. Introdúcense melloras na contía das pensións dos prexubilados antes do 1 de xaneiro do ano 2002, mellóranse as pensións de viuvez con fillos a cargo, e ampliáanse os incentivos para a ampliación voluntaria da vida laboral (un 2% por cada ano despois dos 65), e perceptores do subsidio por desemprego para maiores de 52 anos, sube o 125% do Salario Mínimo Interprofesional á cotización pola continxencia de xubilación.

No umbral dunha nova etapa

Cando se cumpren cinco anos das últimas recomendacións do Pacto de Toledo feitas no 2003, o Boletín Oficial do Estado do 11 de abril de 2008, publica a proposición aprobada polo Congreso dos Deputados á proposta do Grupo Parlamentario Catalán, para crear unha nova Comisión Permanente para seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo, e en base a elo, ***“estudar o desenvolvemento futuro dentro dos criterios de estabilidade, sustentabilidade e igualdade de prestacións para toda España, que permita garantir a continuidade e mellora do nivel de benestar dos nosos pensionistas, con especial atención ás pensións de menor contía”***.

A Comisión constitúese no mes de abril, composta por corenta deputados pertencentes aos diversos grupos parlamentarios da Cámara, baixo a Presidencia Juan Morano Masa do Grupo Popular, e a Vicepresidencia 1ª de Josu Montalbán Goicoechea como Vicepresidente 1º.

Dende entón fóronse sucedendo as comparecencias de responsables políticos, e representantes de diversas entidades económicas e sociais, entre as que cabe mencionar ao Ministro de Traballo, Celestino Corbacho; o Secretario de Estado da

Seguridade Social, Octavio Granado; ao Gobernador do Banco de España, Miguel Ángel Fernández Ordóñez; ao Comisario Europeo para Asuntos Económicos e Monetarios, Joaquín Almunia; aos Secretarios Xerais de UGT e CC.OO., Cándido Méndez e Ignacio Fernández Toxo, respectivamente; á Presidenta da patronal de seguros UNESPA, Pilar Fernández Frutos; ao Secretario Xeral de UPTA; José María Lacasa, Secretario Xeral da CEOE, e Elías Aparicio de CEPYME, entre outros.

Os traballos da nova Comisión do Pacto de Toledo inicianse e desenvólvense en plena crise económica, un feito que unido ás presións mediáticas que sobre a reforma das pensións que se manteñen dende hai anos, dará lugar a que as exposicións dos comparecentes e as declaracións posteriores aos medios de comunicación, non só susciten un vivo debate na sociedade española, senón que ao relacionar intencionalmente “reforma das pensións”, “reforma do mercado de traballo”, e “paro” se converten na cuestión central da política no país.

Que está en xogo?

Nos vindeiros meses xógase o futuro de aspectos importantes do modelo de relacións laborais, e do sistema de pensións. Ate agora o Goberno negouse a por en práctica reformas que non tive-

sen o aval dun acordo previo entre UGT e CC.OO por un lado, e CEOE e CEPYME polo outro, resistindo ás presións encamiñadas a conseguir que o eixo dos debates para a “reforma laboral” fose trasladado da Mesa do Diálogo Social ao Parlamento. Unha reforma laboral trala que se agochan medidas das que se fala moito menos polo que teñen de rexeite social, pero que son a verdadeira substancia da reforma que se reclama. Entre elas, un despido máis fácil e barato, e cambios no modelo de negociación colectiva e no sistema público de pensións.

Os estudos, interesados moitas veces, augurando graves riscos para o futuro do sistema de pensións en España, veñen de vello. Pero vai ser no seo da Comisión do Pacto de Toledo por un lado, e na Mesa do Diálogo Social polo outro onde se concreten as novas recomendacións e no seu caso os acordos sociais e legislativos para levalas a cabo no inmediato futuro.

Argumentan os defensores do “Privado”

A Seguridade Social española, e as pensións públicas, non poderán financiarse soamente coas cotizacións de traballadores e empresarios. Necesitará cada vez máis achegas do Estado procedentes dos impostos



ordinarios que recada, o que lastrará á economía, á competitividade e ao emprego.

O crecente aumento da esperanza de vida, obrigará a pagar as pensións durante mais anos, e a incrementar o gasto en medicina e farmacia.

A baixa taxa de natalidade fará cada vez máis difícil que se poidan cubrir con cotizacións os ingresos necesarios para pagar as pensións futuras.

En consecuencia fan falta medidas encamiñadas a reducir o gasto, retrasando a idade de xubilación, a contía das pensións futuras, e sobre todo, ir reducindo o modelo contributivo e de reparto, de carácter público, para substituílo gradualmente por un modelo de capitalización, de

carácter e xestión privados. Para elo é preciso un forte impulso do sistema complementario, cousa que xa se está facendo pola vía dos estímulos e desgravacións fiscais.

Consideran os defensores do "Público"

As pensións, o Servizo Nacional de Saúde e os Servizos Sociais, son dereitos das persoas, que non deben ser obxecto de negocio privado, e deben manterse no sector público e con xestión pública. Se co que se aporta ao sistema entre as cotas de traballadores e empresarios e achegas do Estado hai problemas, ¿Qué pasará se a

maiores hai que detraer beneficios para os inversores e xestores privados?

En consecuencia, hai obrigas do Estado que, lóxicamente, este ten que financiar a través dos ingresos ordinarios, vía impostos. Isto é así, e non pode ignorarse, sobre todo cando en España temos unha presión fiscal inferior á media europea, e unha economía somerxida do 20%, na que se moven persoas que en moitos casos, ao non ter cotizado, acabarán dependendo dos subsidios do Estado.

Os sistemas de pensións e de seguridade social públicos, teñen demostrado a súa eficacia, como un factor de redistribución de riqueza, e de barreira contra a pobreza, a enfermidade e a exclusión social.

A invocada seguridade dos sistemas de capitalización no é tal. Ademais de pagar de xeito continuado uns altos gastos de xestión e importantes dividendos aos seus accionistas, as situacións de crise, ou simplemente mala xestión, poden levarse por diante fortísimas compañías de seguros privadas, como ocorreu recentemente nos Estados Unidos e noutros países, tendo que ser os estados os que, con diñeiro público, puxeran en marcha custosas operacións de rescate para evitar as quebras.

Mais alá destas consideracións xerais, compre situarnos no escenario concreto do Pacto de Toledo na actualidade e coñecer, sen ánimo exhaustivo, algunhas das principais cuestións que se formulan en torno ás grandes cuestións que se suscitan: Os ingresos, os gastos, e novas necesidades, tomando como referencias as comparencias do Ministro de Traballo, do Gobernador do Banco de España, e as de UGT, CC.OO., CEOE e CEPYME, así como estudos sobre o tema feitos públicos por estas entidades.

No capítulo dos Ingresos:

- O tipo de cotización.-
Con carácter xeral, descárgase un aumento do tipo de cotización como vía para a mellora de ingresos. Polo contrario, a CEOE deman-

da unha redución de entre 3 e 5 puntos na porcentaxe de cotización, co argumento de que elo favorecerá a capacidade para competir das empresas, e a creación de emprego. Unha medida á que se opoñen UGT e CC.OO., por considerar que esta decisión poría en perigo o futuro do sistema público de pensións que se vería abocado a unha redución de prestacións, e porque o noso futuro non está en pretender competir a base de precariedade, con baixos salarios e baixa protección social.

- Destopes.- É nun traballo recente da Dirección Xeral do Servizo de Estudos do Banco de España, no que se formula a posibilidade de "eliminar los topes salariales máximos y mínimos sobre los que se aplican los tipos de cotización", como medida para, supostamente, incrementar a taxa de cotizacións, e mellorar o nivel de ingresos. Unha medida rexeitada polos sindicatos, aínda que a UGT considera que o tope máximo, si debiera ser elevado de maneira notable. O debate sobre os destopes non é novo, pero ate agora, non se puxera en cuestión a fórmula en si mesma, senón a contía dos topes máximos e mínimos.

- Separación das fontes de financiamento.-

Unha cuestión sobre a que hai coincidencia, e na que se ven insistindo dende o ano 1995. Trátase de que deixen de ser financiados con fondos da seguridade social aspectos que deben financiarse con cargo aos gastos do presuposto ordinario do Estado, como por exemplo o complemento de mínimos das pensións, e os gastos inherentes a tódalas pensións de carácter non contributivo. A pesar dos avances segue sendo unha cuestión pendente.

- Reducir o fraude.-
Aspecto no que insisten particularmente os sindicatos, toda vez que a taxa de economía somerxida sitúase no 20%, dez puntos por enriba da media europea dos 15. O descenso de tan só algúns puntos nesta taxa, tería uns efectos enormemente positivos para o conxunto da economía española, e para as finanzas da seguridade social a curto, medio e longo prazo.

No capítulo dos gastos:

- Incremento dos anos cotizados para ter dereito á pensión.- Na actualidade son 15 os anos de cotización necesarios para ter dereito a unha pensión do réxime contributivo da Seguridade Social. O estudo do Banco de España, no que se basea

a comparecencia do seu Gobernador, Miguel Ángel Fernández Ordóñez, suxire esta medida, que lóxicamente, de levarse a cabo deixaría fora do dereito a pensión a moitos cotizantes, sobre todo entre aqueles que desenvolven a súa vida laboral no medio de sucesivos contratos en precario, ou na economía somerxida, con longos períodos de cotización en branco na súa vida laboral. A Seguridade Social reduciría gastos, a costa de excluír do réxime contributivo a moitas persoas, que acabarían dependendo dos subsidios do Estado pola vía das “pensións non contributivas”, con moita menor contía e a partir unicamente dos 65 anos.

- Incremento do número de anos para acadar o 100% da base reguladora da pensión.- Na actualidade, con 15 anos cotizados accedese ao dereito a unha pensión en contía do 50% da base reguladora. É preciso cotizar 35 anos para ter dereito o 100% da base reguladora. O informe do Servizo de Estudos do Banco de España, do que se fai eco o seu Gobernador na comparecencia diante da Comisión do Pacto de Toledo, propón incrementar o número de anos cotizados para ter dereito o 100% da base reguladora, aínda que non especifica en cantos.

- Ampliar o período de cálculo para fixar a base

reguladora das pensións.- Tamén é unha proposta que destaca no mencionado informe do Servizo de Estudos do Banco de España, aínda que, o igual que as anteriores non é novidosa pois figura tamén en diversos estudos anteriores encargados por entidades financeiras privadas. Na actualidade a “base reguladora da pensión” calcúlase sobre as cotizacións habidas nos últimos 15 anos previos á data da xubilación. Pois ben, propónse ampliar este número de anos, ate chegar incluso a incluír toda a vida laboral. É esta unha proposta feita xa polo equipo económico de Rodrigo Rato nos tempos do Presidente Aznar, que merecera entón un rotundo rexeite dos sindicatos e do mundo do traballo en xeral.

- Incremento da idade de xubilación.- Na actualidade poden xubilarse anticipadamente, coas reducións correspondentes, traballadores con 60 anos que cotizaran con anterioridade ao ano 1967, e acrediten os 15 de cotización para ter dereito a pensión. Tamén o poden facer os de 61 anos aos que sen cotización antes de 1967, acrediten entre outros requisitos os 15 anos cotizados. Sen embargo e con carácter xeral, é a idade dos 65 anos a da referencia para a xubilación en España, aínda que é posible ampliar ate os 69 anos a xubilación obrigatoria. A prolongación

da idade de xubilación a partir dos 65 anos está bonificada nun 2% anual. Pois ben, o que se propón nos estudos mencionados, e que, con carácter xeral se incrementa o número de anos.

- Modificación do sistema de incremento ou de recuperación do poder adquisitivo das pensións.- Na actualidade o incremento anual das pensións prodúcese no mes de xaneiro de cada ano en base a previsión da evolución do IPC para ese exercicio, e conforme aos criterios que figuran nos Presupostos Xerais do Estado. No mes de novembro de cada ano, en función da evolución dos prezos e da diferenza entre o IPC previsto e o realmente producido, se corresponde, establécese unha paga polos atrasos, e actualízase a pensión conforme ao IPC real. Son de novo os estudos do Banco de España os que propoñen modificar este sistema, establecendo o que denominan “revalorización estrita conforme o IPC”, o que se supón habería de producirse ao final de cada ano. Preténdese así evitar situacións como a deste ano 2009, no que as pensións incrementáronse en xaneiro conforme á previsión de inflación (2%), sendo que, segundo as previsións de FUNCAS e outras entidades financeiras acabará no 0'8% ao

final de ano, cunha suba polo tanto do 1'2% por enriba do IPC real.

- Ligar a contía da pensión á esperanza de vida.- Unha alternativa esta, mais novidosa, en palabras do Gobernador do Banco de España, que permitiría segundo el, axustar de maneira máis ou menos automática a contía das pensións á esperanza de vida.

- Cambio da natureza xurídica das pensións derivadas por morte.- Unha proposta realizada polas organizacións empresariais e referida ás pensións de viuvez e orfandade, que se excluírían do sistema contributivo pasando a ser de natureza non contributiva e sufragadas integramente con cargo aos gastos xerais do Estado.

Certamente, a maioría das medidas mencionadas non son novas. Xa foron debatidas no seo do Pacto de Toledo en ocasións anteriores. Abandeiradas agora polo Gobernador do Banco de España, coinciden co exposto en numerosos estudos realizados e divulgados por diversas compañías de seguros e entidades financeiras privadas. Obvio é dicir que detrás de cada unha destas propostas están en xogo moitos miles de millóns de euros, así como a contía e calidade das pensións actuais e futuras de millóns de cidadáns, afectando á práctica totalidade das familias españolas.

Por parte dos sindicatos, hai coincidencias puntuais, como a mencionada sobre a necesidade de acelerar o proceso de separación das fontes de financiamento ou na redución do fraude, pero o rexeite ao resto das medidas é absoluto, pois consideran que se basean en previsións de dubidosa solvencia técnica e imparcialidade, descartan outras posibles opcións, e pretenden arranxar o problema a base de recortar dereitos e prestacións dos traballadores e os pensionistas exclusivamente. Sen embargo, como a mera oposición non é suficiente, as organizacións sindicais, tamén expuxeron as súas propias propostas, entre as que cabe destacar

- Non ao alarmismo.- A modo de cuestión previa, importante certamente, consideran os sindicatos que se fomenta un alarmismo infundado sobre o futuro das pensións públicas, xogando cos sentimentos de inseguridade de moitos cidadáns, para, en base a esa premisa infundada, concluír que son imprescindibles recortes nas prestacións, e dar pé a campañas publicitarias para ofrecer plans de pensións privados como suposta garantía de seguridade. O sistema público de Seguridade Social, pensións incluídas, non só non está en perigo, senón que pode e debe mellorar as súas coberturas.

- Novas fontes de

financiamento.- Hai marxe para mellorar as achegas do Estado á Seguridade Social a tenor da porcentaxe deste gasto con respecto ao PIB noutros países da Unión Europea. O secretario xeral da UGT fixo mención ao imposto xeral existente en Francia para este fin, na liña de que, se fora preciso, unha moi leve achega pola vía da fiscalidade xeral, reforzaría o sistema e permitiría incluso mellorar e ampliar as prestacións. Os efectos da crise económica actual, con altísimas taxas de paro ao longo de períodos de tempo prolongados, xunto coa tamén elevada taxa de precariedade, terá efectos sobre o número de anos cotizados e a contía das cotizacións de moita xente, o que lastrará á baixa as súas pensións futuras.

- Subida do Salario Mínimo Interprofesional.- Unha cuestión na que incidiu o secretario xeral de CC.OO., pedindo que continúe o proceso de equiparación do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), ate situalo no 60% do salario medio neto, o que incrementará as cotizacións, reforzando financeiramente o sistema.

- Mellorar as prestacións das familias con fillos.- Establecendo mellores compensacións públicas ás familias polos gastos que supón o coidado dos fillos. Unha

medida necesaria dende o punto de vista social, pero tamén económico, dado que a caída da fecundidade é un dos grandes problemas aos que se enfronta o sistema de pensións ao non garantir a substitución xeracional.

- Favorecer a incorporación e permanencia da muller no traballo.- Como unha medida social que ademais se precisa para mellorar os ingresos do sistema, e que implica un marco laboral e social axeitados, que permita compatibilizar axeitadamente o coidado dos fillos coa actividade laboral de homes e mulleres.

- A xubilación aos 65 anos.- Debe incentivarse que a idade media de xubilación (actualmente en algo máis de 63 anos) se achegue aos 65 anos, con medidas específicas nas empresas mediante a posta en práctica de medidas activas para estas ocupacións, adecuacións dos postos de traballo, e reforzamento da protección contra o despedido destes colectivos e contra a discriminación por razóns de idade. Debe seguir fomentándose e incentivándose a

prolongación voluntaria da vida laboral. Compre recordar ao respecto que a idade máxima para a xubilación obrigatoria en España está xa nos 69 anos.

- Anticipación da idade de xubilación nos sectores de risco.- Debe reducirse a idade mínima de xubilación sen perda de dereitos, para persoas que traballen en actividades penosas, tóxicas, insalubres ou perigosas.

- Integración e Reforma dos Réximes Especiais.- Trátase dun compromiso do ano 2006, aínda non desenvolto. Refírese a integración dos traballadores agrarios por conta allea no Réxime Xeral e a reforma do Réxime de Empregados do Fogar.

Polo que respecta a outra importante parte interesada, o Goberno de España, compareceron en sendas ocasións, o Ministro de Traballo e Inmigración e o Secretario de Estado da Seguridade Social. Aportaron cifras para demostrar que o sistema de Seguridade Social en España

non está en crise, é viable e garante plenamente o pago das pensións, defendendo que os principais vectores para o desenvolvemento do sistema continúen sendo os que conforman o actual marco do Pacto de Toledo: A necesidade da separación de fontes de financiación, o reforzamento do principio de contributividade, e o mantemento e mellora do poder adquisitivo das pensións. Sobre as posibles reformas que puidese precisar o sistema de pensións, estas deben acometerse a xuízo do Goberno, no longo prazo e sen precipitación.

Sen embargo, a ofensiva para introducir reformas de calado no sistema e facelo con urxencia, é moi forte e moi ampla. Son as organizacións empresariais, as entidades financeiras, o propio Banco de España, e un notable fronte político no Congreso dos Deputados. A “reforma das pensións” está incluída no lote da chamada “reforma laboral”. Sen dúbida que os sindicatos teñen por diante unha dura batalla.

Documentación: “La Seguridad Social Española. Los problemas del Sistema de Pensiones”, José María García López e Claudia Pérez Forniés, Universidade de Zaragoza; “La Reforma de las Pensiones en España”. Dirección Xeral do Servizo de Estudos do Banco de España; “Comparecencias diversas diante da Comisión non permanente de Seguimento e Avaliación do Pacto de Toledo”; Páxina web do Ministerio de Traballo e Inmigración. Seguridade Social; Instituto Galego de Estadísticas; Documentos sobre pensións de UGT e CC.OO.



A importancia das pensións en Galicia

Manuel Barbeitos Alcántara

Economista

A situación actual das pensións en España presenta características moi distintas segundo ás comunidades autónomas. O seu presente e futuro afecta de xeito moi diferente segundo do territorio nacional de que se trate, dado que tanto a nivel social, segundo o número e o tipo de pensionistas, como económico e financeiro, dado o importe medio e a contía global, as realidades son diferentes como veremos a continuación.

Esta situación lévame á formular a tese de que no presente e no futuro das pensións en Galicia non só está en xogo o presente e o futuro económico da Comunidade Autónoma e, xa que logo, de toda a sociedade galega. Tanto a dimensión do número de pensionistas no conxunto da poboación, como a realidade de pensión media, e en consecuencia o importe global das pensións, fan que en Galicia estas teñan un protago-

nismo e unha relevancia que desborda o aneto particular e familiar para transformarse nun factor económico de primeira magnitude, e nunha dimensión superior a de calquera outra comunidade autónoma española.

A relevancia política e social desta tese, en absoluto nova, non me resulta allea, polo que a continuación intentarei demostrala súa exactitude. Nembargantes non podo por máis que reflectir a miña sorpresa e perplexidade, ó comprobar que, en Galicia, cando dende os distintos ámbitos sociais, políticos, económicos, culturais, etc. se abordan as pensións non se reflicte, ou si se fai non se pon o debido acento niso, este aspecto: a relevancia económica global das pensións e tal, que sen lugar a dúbidas, non resulta hoxe factible planearse un programa de crecemento económico para Galicia que non teña como un dos seus eixes centrais “a reforma progresista das

pensións”, unha reforma que atenda tanto ó seu valor medio, como a súa extensión e ampliación. En definitiva, unha elevación do gasto público social en pensións.

Relevancia social

Galicia conta con 573.500 pensionistas número que a sitúa, segundo datos da Seguridade Social, como a quinta comunidade autónoma de España, só superada por Cataluña (1.110.300), Andalucía (1.109.500), Madrid (788.200), e Comunidade Valenciana (788.200), comunidades todas elas que teñen unha moito maior poboación.

Se temos en conta a poboación total de cada comunidade autónoma, Galicia é a segunda en importancia polo peso dos pensionistas entre a poboación: 206 pensionistas por cada 1000 habitantes, índice só superado por Asturias que conta 215,



cifras que están moi por riba da media nacional de 144 pensionistas por mil habitantes.

Esta elevada relevancia social terá, como veremos máis adiante, o seu reflexo nas economías familiares que, en Galicia, e nunha porcentaxe moi significativa, dependen sobre maneira dos ingresos dos pensionistas. Relevancia social que tamén se reflicte na súa relación coa actividade, cando comprobamos a elevada relación entre as pensionistas e os activos, xa que con 444 pensionistas por cada 1000 activos, só é superada de novo por Asturias con 491, ambas moi por riba da media nacional de 301 pensionistas por cada mil activos.

Quero rematar este apartado sublimando que os pensionistas son maioría (52,7%) entre os inactivos en Galicia nunha porcentaxe moi superior á media nacional (43,1 %) e de

calquera outra comunidade autónoma agás a Rioxa (58,1%). Este indicador adquire a súa real relevancia se temos en conta que Galicia é xunto a Asturias a comunidade española con maior porcentaxe de inactivos, claramente por riba da media nacional.

Queda, xa que logo, suficientemente demostrada a relevancia dos pensionistas entre a poboación galega, que superan en importancia social a maioría das comunidades autónomas españolas.

Peso na economía galega

As pensións en Galicia, ó igual que nas outras comunidades autónomas españolas, enúcleanse en torno ás pensións de xubilación (61,5 %). Con preto de medio millón de pensións de xubilación

(438.508) é a quinta comunidade española polo seu número sendo só superada polas comunidades de Cataluña (93.162). Andalucía (715.654), Madrid (579.570) e a Comunidade Valenciana (503.985).

Se as pensións de xubilación lle sumamos ás pensións de viuvez (25,4%) atopámonos con que este grupo copa a maioría das pensións en Galicia (86,9%) en claro paralelismo co que sucede tanto a nivel nacional (85,7%) como en todas e cada unha das comunidades autónomas españolas. Dende outra perspectiva, o importe medio e o monto global destas dúas pensións (xubilación e viuvez) marcará a importancia e o peso económico do conxunto.

Na comparativa rexional do importe medio das pensións observamos como en todas e cada unha das categorías de pensións aquel está en Galicia claramente por debaixo da media nacional, sendo no seu conxunto o importe medio (626, 55 euros) o máis baixo de todas as comunidades autónomas. Diferenza que é especialmente acusada tanto nas pensións de xubilación, como de viuvez, onde o importe medio en Galicia (697 e 463,30 euros) é o máis baixo a nivel nacional sendo ámbalas dúas notablemente inferiores á media nacional. (82,1% e 83,9% respectivamente).

Dada a relevancia das pensións de xubilación e viuvez no conxunto pensional de Galicia, ós seus valores medios e abso-

lutos, determinan os ingresos medios e absolutos dos pensionistas Galegos. Se contrastamos o valor das pensións por comunidade autónoma, coa distribución territorial do seu número, veremos que Galicia ocupaba a nivel nacional o quinto lugar polo número de pensións, polo importe total ocupa o sexto, sendo superado polo País Vasco, que ten un número moi inferior de pensións presenta unha distancia maior cas comunidades de pensións máis altas, como son, por exemplo, Cataluña e Madrid, e unha distancia menor con comunidades que teñen un número claramente inferior de pensións pero un importe medio superior, como Navarra e Asturias. Non resulta estraño, xa que logo as comunidades autónomas españolas con pensións medias máis altas sexan, tamén, as que presentan un maior nivel de PIB por habitante, medido en termos de paridade de poder adquisitivo: País Vasco, Madrid, Navarra e Cataluña. Noutra veira, as comunidades autónomas españolas coas pensións máis baixas, -coa excepción sublimada de Asturias, son tamén as que presentan os rexistros máis baixos: Extremadura, Andalucía e Galicia.

Dalgún xeito podemos dicir que as pensións contribúen a consolidar a distribución desigual da riqueza nacional a nivel das comunidades autónomas-coa excepción de Asturias que ten un importe medio nas pensións de xubilación e viuvez notablemente elevado.-

Fenómeno que se consolida no caso galego pola crecente importancia das pensións na riqueza familiar.

Distribución da riqueza nacional

Segundo os datos facilitado polo Instituto Nacional de Estadística (INE) na súa publicación Contabilidade Rexional de España. Serie 2000-2007, “en referencia a UE-27, as comunidades autónomas españolas que presentan un maior nivel de PIB por habitante, medido en termos de paridade de poder adquisitivo (PPA) son o País Vasco e a Comunidade Autónoma de Madrid (ámbalas dúas un 37 % superior á media europea), Comunidade Foral de Navarra (ámbalas dúas un 37% superior á media europea), Comunidade Foral de Navarra(33% por riba) e Cataluña (24%). A lista remátaa Extremadura, cuxo PIB por habitante, medido en PPA é un 27% inferior á media europea (INE, 30 de decembro de 2008). Nesta clasificación Galicia aparece no extremo inferior cun PIB por habitante 11 puntos inferior á media europea.

Este organismo (INE), apoiándose na información subministrada por EUROSTAT difundía as estimacións do PIB rexional por habitante medido en paridades de poder adquisitivo. “Analizando conxuntamente as estimacións da Contabilidade Rexional e a

información publicada por EUROSTAT, nove comunidades autónomas presentan un PIB por habitante en PPA superior á media da UE-27. As comunidades que presentan índices mais elevados son o País Vasco e a Comunidade de Madrid (un 37% superior á media europea) seguidas da Comunidade Foral de Navarra (33%) e Cataluña (24%). No lado oposto, Extremadura é a única comunidade autónoma que mantén un índice inferior ó 75%. Séguenlle Andalucía e Castela a Mancha cuxos PIB por habitante en PPA son inferiores á media Europa nun 18 e un 17% respectivamente.” Nesta clasificación, Galicia aparece no extremo inferior con un PIB por habitante en PPA, un 11% inferior á media.

En relación á Renda dispoñible por habitante, “País Vasco e Comunidade Foral de Navarra foron as comunidades autónomas con Renda Dispoñible Bruta do sector fogares, por habitante, máis elevada no ano 2006. En concreto dita renda situouse en 18.355 euros por habitante no País Vasco, e en 17.887 euros na comunidade Foral de Navarra. Polo contrario Extremadura (11.098 por habitante) e Andalucía (11.438 euros) presentaron os rexistros máis baixos. O dato nacional foi de 14.192 euros por habitante, 11 territorios superaron este rexistro.”: País Vasco, Comunidade Foral de Navarra, Comunidade de Madrid, Cataluña, Aragón, Illes Baleares, A Ríoxa, Cantabria, Castela e León, Principado de Asturias e Melilla, “e oito situáronse por

debaixo": Ceuta, Galicia, Comunitat Valenciana, Canarias, Castela A Mancha, Rexión de Murcia, Andalucía e Estremadura.

Tomando como base estes datos, e tomando como índice a media nacional española, aparecen en PIB por habitante, medido en termos de paridade de poder adquisitivo, no tramo superior, o País Vasco, Madrid, Navarra, Cataluña, Aragón, Illes Baleares, A Ríoxa e Cantabria. No outro extremo aparecen as comunidades autónomas que tiveron un PIB por habitante, medido en termos de paridade de poder adquisitivo, claramente inferior á media nacional: Canarias, Galicia (un 16% inferior), Murcia, Castela a Mancha, Andalucía e Estremadura.

En relación á Renda dispoñible por habitante, sitúanse por riba da media nacional amais das citadas no epígrafe anterior, as comunidades autónomas de Asturias e Melilla. No extremo inferior, con valores claramente por debaixo da media nacional están, por orde, Ceuta, Galicia (un 5 % inferior á media), Canarias, Valencia, Estremadura, Castela A Mancha, Murcia e Andalucía.

Se votamos unha ollada conxunta á distribución rexional do PIB per cápita e a Renda Dispoñible por habitante por un lado, e a Pensión media e o Gasto en Pensións per Cápita por outra, atopámonos que:

a) O grupo de comunidades autónomas con maior riqueza (PIB per cápita e RDB por habitan-

te) son tamén, na súa maioría, as que teñen unha pensión media máis elevada e un maior gasto en pensións per cápita. As excepcións son Illes Baleares (9,5%) e A Ríoxa (4,5%) cunhas pensións medias inferiores á media nacional e Madrid (4,4% inferior) e outra vez as Illes Baleares (25,6 %) cuns gastos en pensións per cápita inferiores á media nacional.

b) As comunidades autónomas con menor riqueza son tamén, na súa maioría as que teñen unha pensión media e un menor gasto en pensións per cápita. As excepcións son Ceuta (8,1% superior) e Asturias (19,9%) cunhas pensións medias superiores á media nacional e de novo Asturias (un 76,8 % superior) e Galicia (16,3%) cun gasto en pensións superior per cápita superior á media nacional.

En definitiva podemos dicir que maioritariamente hai unha relación directa entre a riqueza reflectida neste caso en termos de PIB per cápita e RDB por habitante e as pensións a nivel de comunidades autónomas. A maior riqueza maior gasto en pensións e maior pensión media coas excepcións xa subliñadas de Baleares, Ríoxa e Madrid, entre as comunidades máis ricas, e Ceuta, Asturias e Galicia entre as de menor riqueza e que todas xuntas acollen ó 27 % dos pensionistas españois.

Riqueza e pensións nas comunidades autónomas

Alguns conceptos contables poden axudar a coñecer a importancia que teñen en Galicia as pensións tanto no global da economía autonómica como a nivel particular.

Renda dispoñible bruta:

Renda que queda en poder dos fogares e institucións sen fins de lucro ó servizo dos fogares, logo de paga-los impostos directos que recaen sobre elas e as cotas da Seguridade Social, e contabilizalas as transferencias correntes e en especies que reciben do Estado.

As pensións, xa que logo, forman parte da renda bruta dispoñible dos fogares cegando nalgúns casos, como sucede na Comunidade Autónoma de Galicia, a constituir a súa principal compoñente xa que a renda dispoñible bruta dos fogares obtense como saldo da Conta de distribución secundaria da Renda, e recolle a influencia e o impacto que as administracións públicas e outros axentes económicos teñen nos fogares ó traveso das transferencias de rendas (prestacións) así coma as detraccións fiscais (impostos e cotizacións ós fogares.

Renda dispoñible axustada bruta: Se á renda dispoñible bruta se lle engaden as transferencias sociais en especie e a transferencias de bens e servizos individuais non mercantes

obtense como saldo a renda dispoñible axustada bruta.

Hai un grupo de comunidades Autónomas- País Vasco, Madrid, Navarra, Cataluña, Aragón, Illes Balears, A Ríoxa, Cantabria, Castela León, Asturias e Melilla,- con unha Renda Dispoñible Axustada Bruta Superior á media nacional, aínda que con grandes diferenzas entre elas xa que no extremo superior está o País Vasco (131% da media nacional) unha renda notablemente maior que Melilla (101 %). As demais comunidades Autónomas -Ceuta, Galicia, Canarias, Comunitat Valenciana, Extremadura, Castela a Mancha, Murcia e Andalucía teñen unha Renda Dispoñible por habitante claramente inferior á media nacional

Producto Interior Bruto (PIB): Valor monetario do conxunto de bens e servizos que un país produce durante un período determinado que pode ser ben un trimestre ben un ano.

Hai diversos xeitos de calculalo PIB polo método da demanda ou método do gasto, polo lado da oferta ou método de valor agregado. Polo método da distribución ou ingreso o PIB e a suma dos ingresos de tódolos factores que contribúen o proceso produtivo: soldos e salarios, comisión de alugueres, dereitos de autor, honorarios, xuros, utilidades. Polo método do gasto o PIB mídese sumando demandas finais de bens e servizos nun período dado: existen catro grandes áreas de gasto, o consumo das familias (C), o investimento en



novo capital (I), o Consumo de Goberno (G) e os resultados netos do comercio exterior (Exportacións-Importacións).

Producto Interior Bruto per cápita (PIBpc): Tamén chamado, aínda que non sexa totalmente correcto, renda per cápita ou ingreso per cápita, trata de medirla riqueza material dispoñible. Calcúlase simplemente como o PIB total dividido polo número de habitantes do territorio en cuestión.

Hai un grupo de comunidades autónomas, case as mesmas xa mencionadas -País Vasco, Madrid, Cataluña, Aragón, Illes Balears, A Ríoxa, Cantabria, Castela-León- que presentan un PIBpc superior á

media nacional e tamén grandes diferenzas entre elas reflectidas, p.e., entre o extremo superior limitado polo País Vasco (35,4%) e o extremo inferior de Castela-León (100,7 %) que presentan unha diferenza de 35 puntos. O resto das comunidades autónomas -Ceuta, Asturias, Comunitat Valenciana, Melilla, Canarias, Galicia, Murcia, Castela a Mancha, Andalucía e Extremadura- teñen un PIBpc inferior á media nacional.

Se comparamos estes indicadores da riqueza a nivel autonómico ("PIBpc e RDBpc") ca importancia económica das pensións-"pensión per cápita(Ppc)"-hai algúns elementos que merecen atención.

a) As comunidades autónomas con maior riqueza (PIBC) concentran as pensións per cápita (PcP), máis elevadas-superiores á media nacional- coas excepcións de Madrid e Illes Baleares pero a inclusión de Asturias e Galicia que están no grupo de menor riqueza.

b) A importancia relativa da Renda Dispoñible (RDBpc), na riqueza autonómica (PIBpc) só se corresponde coa importancia das emisións (Ppc) nas Comunidades Autónomas de Aragón, Cantabria, Castela León, Asturias, Galicia, Castela a Mancha, Andalucía e Extremadura.

c) O maior peso das pensións (Ppc) na renda persoal (RDBpc) dáse nas comunidades autónomas de País Vasco, Cataluña, Aragón, Cantabria, Castela León, Asturias, Galicia, Castela a Mancha, Andalucía e Extremadura.

d) As comunidades autónomas onde se da unha maior equivalencia entre a “renda per cápita” (RDBpc) e as “pensións per cápita” (IPpc) son Aragón, Cantabria, Castela León, Asturias, Galicia, Castela a Mancha, Andalucía e Extremadura.

e) As comunidades autónomas con maior peso das pensións (Ppc)-

son un peso superlativo- tanto na riqueza individual (RDBpc) como na autonómica (PIBpc) son, de forma nitidamente destacada, Asturias e Galicia.

Galicia e Asturias son, xa que logo, as comunidades autónomas españolas onde as pensións amais dunha meirande importancia social teñen unha maior relevancia económica, tanto dende o punto de vista individual, de renda persoal (RDBpc), como autonómica, de riqueza rexional (PIBpc). Nembargantes hai entre elas dúas unhas diferenzas notables que debemos destacar:

a) Aínda que o peso social dos pensionistas é bastante similar en Galicia e en Asturias- son as dúas comunidades autónomas españolas con maior presenza de pensionistas- non sucede o mesmo cando se trata do peso económico das pensións: como reflectimos en páxinas anteriores, pois o importe medio das pensións en Asturias (119,9 % da media nacional) é notablemente superior ó importe medio en Galicia (83,5%).

b) Este superior valor medio das pensións fai que a importancia económica das pensións- medida en “pensión por cápita” (Ppc)- sexa tamén moi superior en Asturias (177% da media nacional) que en Galicia (116%).

c) Importancia económica superior das pensións en

Asturias que se reflicte paralelamente tanto nunha maior riqueza autonómica, como nunha maior riqueza das familias: as pensións en Asturias turran de ámbalas dúas con maior forza que en Galicia coadxuvando a que en ámbolos dous casos sexan superiores.

d) Finalmente subliñar que, se deixamos de lado ás comunidades autónomas uniprovinciais de Ceuta e Melilla, son Asturias (75,80) e Galicia (71,60) aquelas nas que, segundo a estrutura da súa demanda agregada e o seu PIB por habitante, tanto o consumo privado presenta unha maior correlación positiva có crecemento rexional, como as pensións co consumo privado e, xa que logo, co crecemento rexional.

Relevancia das pensións no crecemento económico de Galicia

Polo sinalado en páxinas anteriores, as pensións en Galicia teñen un “superlativo peso dentro das transferencias monetarias en gasto social”. Unha situación que nembargantes “marca, paradoxalmente, a débil posición de Galicia no contexto nacional e europeo”, xa que “en tódalas modalidades de pensións o valor prometio de Galicia claramente inferior ó valor prometio nacional.”



Centrándome en variables macroeconómicas direi que en comunidades periféricas como en Galicia, o consumo -privado e público- é unha compoñente esencial da demanda agregada quen a súa vez, e como ben é sabido, condiciona a dimensión e o crecemento económico da comunidade. E isto é así non por que aquel- o consumo tanto público como privado- sexa elevado - non pode selo, xa que a capacidade de gasto dos consumidores e outros axentes é cativo, dados os niveis de salarios, rendas e outros ingresos-, senón porque as outras compoñentes da demanda agregada ocupan un lugar menos relevante no conxunto rexional: a relevancia do consumo privado na demanda agregada ben reflectida, xa que logo, pola menor relevancia dos outros compoñentes.

A demanda agregada recolle o gasto total que realizan as dife-

rentes entidades da economía, entre elas, e de xeito destacado en Galicia, as economías familiares. O Consumo das economías familiares ven determinado - ó igual que o aforro- pola renda dispoñible. A renda dispoñible en Galicia, como reflectín en páxinas anteriores, en moitas economías familiares ven marcado polas pensións. O importe medio das pensións marca, xa que logo, o consumo privado e con este a demanda agregada, compoñente básico do crecemento económico desta autonomía. Poderíamos tamén falar da importancia das pensións no aforro de moitas economías familiares e no papel daquel no investimento privado, outro, como se sabe, compoñente da demanda agregada pero coidamos que ese papel é, hoxe en día, moito menos relevante: foino fai anos especialmente no sector agrario, onde a modernización de moitas explotacións agrarias estivo vinculada ós ingresos

procedentes das pensións, pero na actualidade xa non.

E esta relevancia económica das pensións dáse nunha comunidade autónoma onde o gasto público en pensións -tanto en termos de PIB como per cápita- é dos máis baixos en España- un país, á súa vez, cos índices máis baixos da UE- o tempo que o importe medio e tamén moi baixo, o que contradí os argumentos de que en España- e con ela en Galicia- gástase moito en pensións.

Son estas razóns as que me levan a subliñar a importancia social e tamén económica das pensións en Galicia, polo que resulta dende todo punto de vista necesario reivindicar o fortalecemento daquelas, como condición necesaria e imprescindible non só por razóns de xustiza social senón tamén de crecemento e desenvolvemento económico.



Os plans e os fondos de pensións privados.

Alternativa ou complemento do sistema público?

Manuel Barbeitos Alcántara

Economista

Un recente informe da OCDE reflicía que a actual crise financeira tamén afecta aos fondos de pensión privados. A crise financeira actual dou un golpe serio ós sistemas de pensións privados e os fondos de pensións dos países da OCDE acumularon entre xaneiro e outubro de 2008, unha perda do 20% do seu patrimonio que a finais do ano 2007 era de 12.831 billóns de euros (17.859 billóns de dólares). Isto supón uns números roxos de 2'5 billóns de euros, que se elevan a 3'59 billóns (5 billóns de dólares) si se inclúen os Individual Retirement Accounts (IRA), produtos similares os plans de pensións. A crise mundial provocou un burato de 1'4 millóns de euros (2 billóns de dólares) nos fondos de pensións que as empresas dos países da OCDE teñen para cubrir as xubilacións privadas dos seus empregados.

Na práctica esta descapitalización dos fondos de pensións privados pode, xa que logo, supoñer que non poidan cumprir cos contratos de xubilación asinados cos seus beneficiarios a menos que reduzan o importe tanto das xubilacións presentes como futuras, algo que reconece a propia OCDE: *"Una depreciación importante dos activos pode implicar unha perda de ingresos permanente dende o momento no que o diñeiro economizado nas contas de aforro provisional debe servir para mercar a renda de xubilación ó momento do retiro laboral. En Inglaterra, sobre 7.800 fondos privados de prestacións definidas, 6.468 teñen un déficit de 122.000 millóns de libras. Como as empresas non poden cubrilos, moitas planean reducir as xubilacións futuras. Así por exemplo, British Telecom, que ven de anunciar a supresión de 10.000 empregos, quere alargar en cinco anos o período de cotización ó fondo*

para ós seus futuros empregados e tomar como referencia para o cálculo da xubilación, o soldo promedio antes que o salario de fin de carreira".

Esta situación leva a que países que no seu día impulsaron os fondos de pensións privados estean agora estudando volver ao sistema público. *"As perdas encaixadas polos plans nos derradeiros meses levou a que varios gobernos dalgúns países da Europa do Leste se planteen a posibilidade de seguir os pasos dados por Arxentina e nacionalizar de novo os plans de pensións privados"*. Nos derradeiros anos, Polonia, República Checa, Países Bálticos ou Romanía traspasaron aforro dende a cobertura estatal das pensións ós fondos xestionados por entidades privadas e agora á vista dos malos resultados poderíase desandar o camiño e volver as arcas públicas.

En España o número de fondos de pensións privados supera os tres mil, e o de partícipes os dez millóns de persoas (25% do total da poboación española), un número que non sendo excesivamente relevante -o volume de investimentos apenas representa o 9'1% do PIB nacional-, se o comparamos con outros países onde estes produtos financeiros si están fortemente implantados, o tema merece unha reflexión.

Que son os fondos de pensións?

Nos derradeiros anos e a carón da liberalización financeira internacional apareceron no mercado financeiro uns produtos que buscan complementar -cando non substituír- os programas públicos de pensións: son os plans privados de pensións. En decembro do 2007 o valor dos activos dos fondos de pensións privados nos países da OCDE ascendía a 28 billóns de dólares (111% do PIB), que se concentraban en fondos de pensións (64%), contas de aforro para xubilación administrados por bancos ou sociedades de investimento (18%), contratos de seguros de pensións (16%). Máis do 60% dos activos destes fondos corresponden a USA (17 billóns de dólares).

Que é un Plan de Pensións? Acudindo a algúns expertos podemos dicir que *"un plan de pensións consiste*

nunha achega periódica, cuxos rendementos cóbranse a longo prazo, dunha soa vez ou como renda vitalicia o acadar a xubilación". Tratan de cubrir as necesidades económicas coas que se atopan a maioría das persoas trala redución dos ingresos a consecuencia da xubilación. Nacen, xa que logo, co obxectivo declarado de complementar o sistema público de pensións, sendo constituídos voluntariamente, con carácter privado e sen que en ningún caso as súas prestacións poidan ser substitutivas daquelas ás que se puidera ter dereito no réxime correspondente da Seguridade Social.

Convén subliñar dúas características máis: Que se trata dun produto financeiro que *"ao longo da duración do contrato establece unha rendibilidade garantida, que se fixa en función da situación dos mercados financeiros"*, e que ademais, ofrece vantaxes polo seu tratamento fiscal *"deduccións nas primas pagadas, non tributación dos rendementos anuais e tratamento favorable no incremento provocado no patrimonio"*.

Os argumentos máis salientables a prol dos plans de pensións privados podemos resumilos do xeito seguinte: 1.- Xorden diante da incerteza existente a sobre as prestacións futuras da Seguridade Social, 2.- Tratan de cubrir as necesidades provocadas pola redución de ingresos que se producen ao pasar a cubrir a pensión, 3.- Teñen un tratamen-

to fiscal privilexiado, e 4.- Como produto financeiro que son producen rendibilidades garantidas. Argumentos que pechan en si mesmos no so contradicións, senón o que resulta peor, hipóteses claramente falsas, intencionadamente falsas nuns casos, ou non tan certas noutros.

O seu marco normativo

Os aspectos subliñados no apartado anterior veñen recollidos nos diferentes e numerosos marcos normativos legais ditados a prol dos plans de fondos de pensións, singularmente a Lei de Regulamentación dos Plans de Fondos de Pensións, e os decretos que a desenvolven.

Os fondos de pensións abranguen tódalas modalidades que cobre o sistema público de pensións: xubilación, viuvez, invalidez, morte, dependencia severa, etc, tentando aparecer como complementos daquel.

Segundo a súa categoría agrúpanse en: a) Fondos de pensións de emprego *"cuxo ameto de actuación limitase o desenrolo de plans de pensións do sistema de emprego exclusivamente"*, b) Fondos de pensións persoais. *"cuxo ameto de actuación limitase o desenrolo de plans de pensións do sistema asociado e/ou individual"*.

En relación ós procesos de investimento os fondos de pen-



sións poden encadrarse dentro de dous tipos: a) Fondos de pensións pechados, *“destinados exclusivamente a instrumentar o investimento dos recursos do plan ou plans de pensións adscritos a eles”* e b) Fondos de pensións abertos, *“caracterizados por poder canalizar e desenrolar xunto con o investimento dos recursos do plan ou plans de pensións adscritos a aqueles, o investimento dos recursos*

doutros fondos de pensións da súa mesma categoría”.

No referente a súa territorialidade os fondos de pensións poden superar as fronteiras nacionais xa que *“os fondos de pensións autorizados e rexistrados en España poderán integrar plans de pensións para os traballadores promovidos por empresas establecidas en outros Estados membros da UE, e os autorizados noutros Estados*

membros poderán integrar plans de pensións promovidos por empresas establecidas en España”.

En canto aos promotores establécese que ten tal consideración calquera entidade, corporación, sociedade, empresa, asociación, sindicato ou colectivo de calquera clase que inste a súa creación ou participe no seu desenvolvemento. Liberdade, xa que logo, para a creación destes fondos de pensións, aínda que, sendo pola súa propia natureza un produto financeiro, e como tal interveñen e están marcados polo devir dos mercados financeiros, o que entre outras cosas, na práctica, limita a mencionada liberdade de creación.

A implantación en España

Aínda que non hai unha total coincidencia entre as distintas fontes consultadas sobre a dimensión dos plans de pensións privados en España, si se pode afirmar con algunha garantía que a finais do ano 2007 o número de Fondos de Pensións privados en España ascendía a 3.185, dos cales 1.873 (58'8%) correspondían a fondos de emprego, 1.103 (34'6%) individuais, e 209 (6'6%) do sistema asociado. O patrimonio destes fondos estaba avaliado en 86'6 millardos de euros, dos cales 54'2 (62'6%) correspondían ao sistema individual, 31'2% (36%) dos fondos de emprego e 1'20 (1'4%) ao sistema asociado. Os partícipes

ascendían a 10'36 millóns de persoas, a maioría adscritas ao sistema individual (8'53 millóns: 82'3%), e en menor escala ao sistema de emprego (1'75 millóns: 16'9%), e asociado (0'08 millóns: 0'8%).

Nos sistemas individual e de emprego hai unha forte concentración empresarial. No sistema individual os 10 maiores fondos –BBVA (5), Europopular, Caixa Madrid, MAPFRE, SCH (2)– teñen o 21% do patrimonio, os 50 maiores o 50%, e os 146 maiores, que representan o 8% de total destes fondos, teñen o 75% do patrimonio. De maneira que tres cuartas partes do patrimonio acumulado polos fondos de pensións do sistema individual, pertence o 8% dos fondos. No sistema de emprego, a concentración é aínda maior xa que os 10 maiores fondos –Telefónica, La Caixa, Endesa, Iberdrola, Caja Madrid (2), Caixa Galicia....–, teñen o 58'6% do patrimonio e os 29 maiores o 75%.

En termos relativos á dimensión dos fondos de pensións privados en España pódese dicir que é escasamente relevante, xa que se a finais de 2008, o patrimonio mundial destes fondos ascendía a 16.000 millardos de euros, concentrados sobre todo nos Estados Unidos (65%), Gran Bretaña (9%), e Xapón (8%). A parte española avalíabase en 80 millardos, o que supón tan so o 0'5%.

O volume de investimentos dos fondos de pensións en España durante o ano 2005

representaba aproximadamente o 9'1% do PIB fronte a países como Holanda, Suíza, Estados Unidos, Islandia, Gran Bretaña, Finlandia, Canada e Austria, que superaban o 50 do PIB. Outros, como Francia, Alemaña e Portugal sitúanse en niveis parecidos ao español ou incluso inferiores.

Nestes intres tan só o 9% dos ocupados do noso país, algo máis de 1'74 millóns de persoas, beneficianse dos plans do sistema de emprego. Nembargantes o número neto de partícipes ao peche do exercicio de 2007 estímase en máis de 10 millóns. Elo supón que máis do 40% da poboación ocupada ten xa constituído un plan de pensións.

En relación a algunhas características dos partícipes nos fondos de pensións privados, vense aceptando entre os traballadores, que son aqueles de maiores ingresos (os encadrados nos grupos de cotización 1 e 2 e os funcionarios do grupo A, e en menor medida os do grupo B) os que individualmente ou mediante un plan de emprego ou asociado, subscriben plans de pensións, xa que os traballadores de maiores ingresos teñen un tope aos salarios polos que poden cotizar, o que lle corresponde un tope á pensión que poden recibir, de aí que as pensións representan porcentaxes decrecentes dos salarios superiores ó tempo de cotización a medidas que estes medran.

Os fondos na Unión Europea

A sinal de partida dos Plans de Fondos de Pensións privados a nivel comunitario tivo lugar coa publicación pola Comisión do *“Libro Verde sobre Sistemas Complementarios de Pensións no Mercado Único”* (COM 97), no que requiríase aos estados membros e aos axentes económicos e sociais interesados que presentaran os comentarios e consideracións que considerasen oportunos. Dous anos mais tarde, en 1999, a Comisión presentaba unha *“Comunicación”* na que se sistematizan e analizan tódolos elementos relacionados coa posibilidade de desenrolar unha actuación comunitaria coordinada en materia de réximes complementarios de pensións e que involucran a varias Direccións Xerais da Comisión, pola súa incidencia en múltiples aspectos: mercado único, liberdade de movemento de capitais (investimentos), prestación de servizos, libre circulación de traballadores e fiscalidade.

A base argumental do *“Libro Verde”* remitía a teses xa coñecidas derivadas da evolución demográfica, do descenso da natalidade, do aumento da esperanza vida, e do aumento do índice de dependencia, sinalando que na actualidade cinco persoas en idade de traballar financian as necesidades dun xubilado mediante as súas cotizacións sociais, considerándose que no ano 2040, estas cinco persoas deberán financiar



as necesidades de dous xubilados. En consecuencia, no capítulo das alternativas, a Comisión acaba afirmando que *“unha das posibilidades que se prevé, e que xa está comezando a facerse realidade, sería que os Estados membros creen de xeito gradual condicións máis propias para o desenrolo de réximes complementarios privados mediante capitalización”*.

En consecuencia, a Comisión Europea reforza o papel dos fondos de pensións como nos intermediarios financeiros, afirmando que *“o desenvolvemento dos réximes complementarios de pensións financiados mediante capitalización aumentará o volume de activos financeiros que se ten que investir ... Os mercados de*

capitais deberán adaptarse para absorber estes fondos. A moeda única, a competencia entre institucións e prazas financeiras, así como o aumento dos recursos financeiros dispoñibles, deberían permitir mellorar o funcionamento dos mercados europeos de capitais”.

Os mais recentes planeamentos da Unión Europea encol dos sistemas de pensións veñen recollidos no chamado *“Informe Almunia”* (Comunicación da Comisión ao Parlamento, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións. Bruxelas 2009). Neste informe recóllese que *“como consecuencia do envellecemento, a necesidade para a poboación de dispoñer de transferencias relacionadas coa idade e os*

servizos increméntase”. O impacto fiscal do envellecemento da poboación prevense, xa que logo, que sexa substancial en case tódolos Estados membros e xa se manifeste no transcurso da próxima década. En xeral, e sobre a base das actuais políticas públicas, prevense un aumento medio de 4'75 puntos porcentuais do PIB para 2060 na UE, e por máis de 5 puntos porcentuais na zona euro, especialmente a través das pensións, asistencia sanitaria e coidados a longo prazo.

Existen sen embargo notables diferenzas entre os Estados membros. Nalgúns países existe a xuízo da Comisión, unha urxente necesidade de reformar as pensións e os sistemas de asistencia sanitaria para frear a longo prazo a tendencia do gasto mentres outros teñen que asegurarse que poden aumentar os ingresos suficientes para satisfacer o aumento do gasto. As reformas das pensións vixentes nunha serie de Estados membros son positivas para a sostenibilidade das finanzas públicas. Case todos os estados membros reforzaron os requisitos de elixibilidade para recibir unha pensión pública, en particular mediante o aumento da idade de xubilación e a restricción do acceso ós sistemas de xubilación anticipada. Xunto a reforma das pensións moitos países introduciron os rexímenes complementarios de pensións. Nembargantes, a crise actual expuxo as vulnerabilidades dos sistemas de capitalización que invisten en activos de renda variable.

A modo de conclusións

En torno aos plans e fondos de pensións privados hai, dende a miña óptica, unha serie de circunstancias que aparecen meridianamente claras:

1.- Os plans e fondos de pensións privados naceron e se desenrolaron a carón da liberalización financeira chegando a desempeñar un papel serodio dentro do sistema financeiro internacional tal, que, a nivel mundial o investimento institucional concentrado en fondos de pensións sitúase en torno ao 41% da capitalización bursátil, volume que nos sitúa no primeiro lugar da intermediación financeira e os converte nos principais compradores e vendedores e tódolos mercados financeiros.

2.- Os plans e fondos de pensións privados aparecen como institucións de tipo financeiro cuxa tarefa fundamental non é outra que a canalización do aforro-pensión deica o investimento rendible. Elo supón que na práctica non deben descartarse condutas de risco respecto a esa finalidade de conservación e acrecentamento do patrimonio que o fondo ten encomendada. Algo que se puxo claramente de manifesto na actual crise financeira que provocou un burato de 1'4 billóns de euros (2 billóns de dólares) nos fondos de pensións que as empresas dos países da OCDE teñen para cubrir as xubilacións privadas dos seus empregados.

3.- Os plans e fondos de pensións privados acadan o maior protagonismo, relevancia e dimensión, naqueles países que ben carecen dun sistema público de asistencia social, caso de Estados Unidos ou Xapón, ou ben este sufriu un grave deterioro, como en Gran Bretaña.

4.- Na defensa destes produtos os argumentos máis utilizados xiran en torno á incerteza existente a prol das prestacións públicas futuras, ás necesidades provocadas pola redución de ingresos que se producen ao pasar a percibir a pensión, ao tratamento fiscal favorable, e a produción de rendibilidades garantidas.

5.- O primeiro dos argumentos anteriores apoiase na tese de que “a relación entre activos cotizantes e pasivos beneficiarios pode por en perigo a supervivencia do sistema. En consecuencia non pode predicarse a garantía económica das prestacións, porque agora os vellos viven mais que antes, o que explica as dificultades financeiras da Seguridade Social. Tese que, considero, carece de base científica tendo polo contrario, un marcado carácter ideolóxico. Dicar que a esperanza de vida aumentou catro anos máis dos derradeiros vinte, o que non quere dicir que agora os anciáns vivan catro anos mais, senón que, o espectacular crecemento da esperanza de vida en España e en Europa, débese ao marcado descenso da mortalidade entre os nenos e mozos, co cal hai

moita máis xente que chega a ser ancián, aínda que os anos de vida destes medraran moi pouco.

En relación ás dificultades financeiras da Seguridade Social, que acentúan os temores pola supervivencia do sistema en España, os principais responsables daquela institución aseguran, con coñecemento de causa, que *“non hai problema de sostenibilidade na Seguridade Social en España”*. E mais, nestes intres a Seguridade Social é a institución económica mais solvente de España. En calquera caso, se nalgún momento –dentro de 50 anos por exemplo- se dera o problema a solución sería aumentar o financiamento procedente dos fondos xerais do Estado. Hai países que financian as súas pensións a través dese tipo de fondos. E aí si que non pode argumentarse que España esgotara a súa capacidade fiscal, cando o gasto público en España en pensións é dos máis baixos da UE15 e está claramente por debaixo da media europea.

6.- Este reducido gasto público en pensións que se reflicte nuns importes medios moi baixos é utilizado como argumento a prol das vantaxes e beneficios dos fondos privados de pensións que permitirían cubrir *“as necesidades provocadas pola redución de ingresos que se producen o pasar a cobrar a pensión”*. Cando en realidade, como ben subliñan algúns autores *“a inserción dos plan privados de pensións no*

ámbito do sector público, debe deixarse anotado que entraña numerosos riscos en canto a posibilidades de mellora e desenrolo das políticas de gasto público; é dicir, cábase plántear coa incentivación do plan de pensións no ámbito de pensións da función pública a posible merma dos instrumentos públicos de previsión”.

Asemade está máis que probado que o maior protagonismo da capitalización no cadro xeral das fontes de ingresos dos pensionistas previsiblemente vai incrementar as desigualdades sociais ao interior da poboación ancián, e, particularmente, ás existentes entre homes e mulleres.

Segundo numerosos autores, coa implementación dos actuais fondos de pensións privados introdúcese un trato discriminatorio entre os traballadores, futuros pensionistas –tese que compartoxa que se a esixencia dunha determinada antigüidade como condición de acceso a un plan profesional non pode resultar unha medida neutral con respecto ao principio de non discriminación, o establecemento dun período de permanencia previa na empresa de ate dous anos antes de poder integrarse no sistema de previsión adoptado vai a ter unha consecuencia indubidable : a exclusión dos empregados cunha antigüidade inferior á requirida. Os efectos perniciosos desa medida resultan evidentes, pero agrávanse aínda máis atendendo á estrutura do emprego actual caracterizada por unha crecente temporalidade.

A existencia de contratos temporais maniféstase na práctica como un elemento desincentivador da participación nun plan de pensións, xa que, dun lado, a propia incerteza tanto das perspectivas de permanencia na empresa como as dunha posible recolocación e, doutro a imposibilidade de rescate das achegas efectuadas levan á falta de estímulos á hora de acceder a un plan determinado.

Hai que lembrar ademais, que o prexuízo que se ocasiona ós traballadores eventuais é dobre, dado que, con toda probabilidade, o establecemento dun plan de pensións na empresa pode ter unha incidencia directa nos niveis retributivos dos empregados como contrapartida ás achegas comprometidas polo promotor. No caso dos traballadores fixos, a creación dun plan pode compensar a moderación salarial, pero non no suposto dos contratos temporais, os cales van a sufrir unha dobre desvantaxe: a exclusión do plan e as consecuencias negativas no plano retributivo que aquel conleva.

7.- Incidindo no apartado anterior e retomando a tese das vantaxes dos fondos de pensións privados derivadas do tratamento fiscal favorable, quero recoller as experiencias derivadas da implementación deste sistema nalgúns países latinoamericanos e que, sen esquecer as diferenzas entre sistemas, poden resultar esclarecedores.

Segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT) a introdución en países de

América Latina dos fondos privados de pensións trouxeron reformas que resultaron custosas dende o punto de vista fiscal e só beneficiaron a unha pequena parte da forza de traballo, na súa maioría a aqueles que xa gozaban dunha mellor situación no mercado laboral.

Para Fabio Bertranou (OIT, 2005), a experiencia, citando os casos de Arxentina, Uruguai, e Costa Rica, presenta resultados diversos xa que *“os traballadores que teñen unha carreira profesional estable e gañan uns ingresos relativamente elevados, desenvólvense satisfactoriamente, e incluso mellorarán a súa situación económica xa que as reformas introduciron tamén un pia voluntario que goza de incentivos fiscais. Outros traballadores, con carreiras profesionais menos estables, beneficiaríanse máis dos antigos sistemas de pensións xa que os requisitos para ter dereito a prestacións eran máis flexibles. Ademais, os traballadores que perciben ingresos baixos e contan cun historial de emprego moi inestable, terán enormes dificultades para obter unha pensión decente e incluso calquera tipo de pensión”.*

Asemade avisa sobre os posibles riscos de incentivar o sistema privado de pensións posto que *“elixir entre sistemas públicos e privados non é a solución ao problema das pensións”.* A posibilidade de elección podería fragmentar aínda máis os sistemas existentes. Di que a súa principal obxección ao novo sistema de pensións e

o proceso de reforma é que se prestou demasiada atención nas políticas públicas ao segundo pilar privado, pero se descoidou en moitos países o primeiro pilar público que constitúe a base de calquera sistema de protección social das persoas de idade.

8.- Finalmente, en relación á produción de rendibilidades garantidas sómente reflectir que comparto as teses de que, **a)** Os sistemas de Fondos de Pensións ofrecen pouca confianza en xeral, xa que nos países nos que funcionaron presentan un índice de fracaso ou creba en torno o 30%, e **b)** Como reflectín ao principio deste traballo un recente informe da OCDE dicíanos que a actual crise financeira tamén afecta aos fondos de pensións privados, que acumularon entre xaneiro e outubro de 2008 unha perda do 20% do seu patrimonio.

BIBLIOGRAFIA:

Pensións privadas. OCDE. Outlook 2008.

R.D. 304/2004 de 20 de febreiro polo que se aproba o Regulamento de plans de fondos de pensións.

R.D. Lexislativo 1/2002 de 29 de novembro que aproba o texto refundido da Lei de Regulamentación dos plans e fondos de pensións.

R.D. 1684/2007 polo que se modifican o Regulamento de plans e fondos de pensións e o Regulamento de compromisos.....

Plans e fondos de pensións: propostas de reforma. J.L. MONE-REO E J.A. FERNANDEZ, 2008.

Libro Verde sobre sistemas complementarios de pensións no Mercado Único. COM 97.

Os réximes privados de previsión social no contexto da Unión Europea. J.C. GARCIA DE QUEVEDO. J.R. PLAZA. ICE 1999.

COM (97) 0283-C40392/97. PARLAMENTO EUROPEO. Decembro 1998.

Comunicación da Comisión COM (1999) 134 final/2.

Informe Almunia.
COMUNICACIÓN DA COMISION AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITE ECONOMICO E SOCIAL E AO COMITE DAS REXIONS. Bruxelas 2009.

A implantación en España do sistema de fondos de pensións. D. PARRA MARTIN-URDA no Os planes e fondos de pensións. ECONOMISTAS 1988.

Aspectos financeiros dos fondos de pensións. A. DE LA PUENTE RUA.

Plans e fondos de pensións: presente e futuro. M. RABADAN.

Todo o poder para os fondos de pensións?. P.A. IMBERT en "Attac contra a dictadura dos mercados", 2001.

A globalización financeira. M. AGLIETTA, 2000.

A bolsa e a vida: as finanzas contra os pobos. E. TOUISSANT 2002.

Economía. PAUL SAMUELSON, 1993.

O subdesenrolo social en España. VICENÇ NAVARRO, 2006.

Replantexamento da Seguridade Social: a reforma das pensións en América Latina. FABIO BERTRANO. OIT 2005.

A perspectiva da UGT diante da Lei e o Regulamento de plans e fondos de pensións. M. MERAYO RAMOS 1988.

Pensiones, protección social y otros temas de debate

Isidoro Gracia Plaza

Enxeñeiro industrial

GLARIDADE

43

DECEMBRO 2009

Visión general

Ante la crisis devenida por una causa básica clara: el fracaso del neoliberalismo como filosofía política aplicada al gobierno de los pueblos al final del siglo XX y principio del actual, hay quien pretende que la factura se pague reduciendo, aún más, los mecanismos de que el Estado dispone para controlar los abusos, y recortando, e incluso intentando eliminar, todos aquellos que sirven para redistribuir la riqueza de forma relativamente justa. Hay otras causas no menos evidentes: la incapacidad del mercado de funcionar eficientemente como único mecanismo regulador y la pérdida, continuada, de peso del Estado frente a las manos ocultas de los grandes capitalistas y especuladores, solo movidos por la avaricia sin freno.

Los argumentos esgrimidos para defender los recortes, normalmente muy genéricos y poco precisos, se presentan como científicos, solo al alcance de los “expertos”, y son esencialmente falsos. Ni la demografía actual, pasada o futura, es el factor determinante, baste para demostrarlo recordar a Malthus y sus fallidas profecías catastróficas, ni lo son los distintos sistemas de financiación, ni quien es la población activa o pasiva, dependiente o productiva.

Imaginemos que, en vez de por los aproximadamente 20 millones de trabajadores en activo, la riqueza producida anualmente en España se realiza por la mitad, o por el doble de trabajadores, pero al final se producen los aproximadamente 1.100.000 millones de € del año 2008, ó algo más en los años venideros. El factor decisivo será la voluntad política de los ciudada-

nos, depositada en el gobierno de turno, para repartir esa riqueza y decidir a quién se destina. El Estado debe decidir cuanta de esa riqueza se reparte mediante la política fiscal, que grave, sobre todo, a quien acumula en exceso, y a que (educación, sanidad, defensa, etc.) y a quien se destina (pensionistas, funcionarios, marginados, etc.), mediante la política social.

Política fiscal, presión fiscal, eficiencia productiva

Los defensores o inspiradores de las tesis que han servido de soporte a las políticas neoliberales imperantes en los últimos años, políticas que nos han conducido a la actual situación de confusión y desastre económico, durante lustros nos han venido

insistiendo en que los impuestos eran extorsión legal, el mercado un dios infalible y la intervención sobre los beneficios por las administraciones algo satánico (son expresiones literales sacadas de sus textos públicos). Para ellos era, y aún es, inevitable bajar los impuestos, sobre todo a las rentas de capital, reducir drásticamente las cotizaciones sociales, no prorrogar las coberturas al desempleo (desincentivan la recolocación), etc., porque, el sostenimiento del Estado de bienestar hace al sistema poco eficiente y competitivo. La generalizada creencia, que han logrado introducir en la mente de muchos ciudadanos, de que los países con mayor presión fiscal se encuentran entre los menos eficientes y competitivos del mundo es sencilla y radicalmente falsa. Según el informe Tendencias de los Impuestos en la UE (Taxation trends in the European Union Edition 2007), Suecia, Bélgica, Francia, Finlandia, Austria y Alemania se encuentran entre los diez primeros puestos de Europa en cuanto a carga fiscal global (total de los impuestos y cotizaciones de seguridad social) y superan a España en la carga fiscal sobre el trabajo (impuestos sobre el trabajo más cotizaciones sociales). Si comparamos ahora las economías de aquéllos con nuestro país en 12 variables recogidas en el Informe Global De la Competitividad 2007-2008 (The Global Competitiveness

Report 2007-2008), el resultado es demoledor: los seis nos superan ampliamente en eficiencia y competitividad. Tan sólo tres países se sitúan por detrás de nosotros en una de las variables y cuatro en otra. En el resto, España ocupa una posición inferior.

En España el peso de los ingresos públicos por impuestos y cotizaciones sociales sobre la actividad pasó, en la primera legislatura del gobierno socialdemócrata de Zapatero, del 34,5% al 37,1% del PIB. El crecimiento económico se transformó entonces en una recaudación mayor de impuestos, por la estructura progresiva de los tributos y los réditos del boom inmobiliario.

A pesar de ello España sigue siendo una de las grandes economías con menor presión fiscal, aunque recortó distancias con la zona euro (41%) en esos años. Pero en 2008, según datos elaborados a partir de las series estadísticas de la Intervención General de la Administración del Estado, el peso de impuestos y cotizaciones sobre el PIB se ha desplomado. La última actualización de datos sobre operaciones de las administraciones públicas, muestra que el peso del total de los ingresos públicos sobre el PIB bajó en 2008 al 36,6%. La presión fiscal, que según los criterios de la OCDE y la UE, se limita a impuestos y cotizaciones sociales, quedó en menos del

33% del PIB, algo menos de lo previsto en el Programa de Estabilidad que el Gobierno envió a Bruselas en enero.

En resumen, si la voluntad política se concretara en un posible aumento de la presión fiscal, España tiene un buen margen, para aumentar los ingresos del Estado, sin que nadie pueda argumentar con fundamento comparativo que su competitividad se va ver seriamente comprometida solo por ese hecho.

Política Social: Estado de Bienestar, gasto social

Europa ha recorrido un largo camino para construir lo que se conoce como Estado de Bienestar. El término, utilizado desde el siglo XIX, se generalizó tras la segunda guerra mundial. Lo que en su inicio no había pasado de ser un experimento de defensa frente a la alternativa de los países comunistas (pocos en Europa occidental creían que la intervención del Estado fuera rentable social y económicamente) se fue consolidando y los poderes públicos estatales fueron asumiendo funciones tradicionalmente desempeñadas por los concejos municipales, las iglesias o las instituciones benéficas. El sistema gozó desde los años cuarenta de un amplio consenso pero la crisis económica de 1973 hizo ganar



Chiste de "El Roto"

enteros a los políticos neoliberales. Para éstos, el Estado del Bienestar favorecía el estancamiento económico, fomentaba la ineficacia y el despilfarro, y reducía los beneficios empresariales. Durante los años 80 los gobiernos dieron prioridad a cuestiones muy distintas como la reducción del déficit público y la inflación, y los sistemas de protección social sufrieron importantes recortes al generalizarse en Europa la reducción de impuestos y la flexibilización del mercado laboral.

España nunca ha conseguido situarse a la misma

altura de los países más avanzados de Europa. En 1975, al final de la dictadura, España gastaba menos del 14% del PIB frente al 23% de gasto social medio en la UE, este retraso ha disminuido con la democracia, en especial con los gobiernos de Felipe González, pero la convergencia social está aún lejana. Durante los primeros años de la década de los 90 el gasto aumentó hasta alcanzar el 24 % del P.I.B. en 1993, pero las inversiones en sanidad, educación o ayudas a las familias no crecieron en la proporción que hubiera sido necesaria. Con los gobiernos del PP se apuntalaron las ten-

dencias neoconservadores y el Estado del Bienestar sufrió un duro varapalo. El superávit en las cuentas del Estado no se aprovechó para afianzar el sistema educativo, mejorar la sanidad o cambiar el modelo productivo. De hecho, el gasto social en 1998 estaba entre los tres más bajos de la Unión Europea y la diferencia era de 6 puntos porcentuales. En 2000 había aumentado a 7,2 puntos.

En resumen, en el terreno del Gasto Social España también tiene un amplio margen de mejora sin que tampoco nadie pueda argumentar, con fundamento comparativo, que su competitividad se va ver seriamente comprometida por ese hecho.

Globalización y génesis de la crisis

Lo cierto es, que a pesar de las limitaciones y recortes, en Europa y en España el sistema de producción y redistribución de la riqueza, basado en el Estado de Bienestar, ha colocado a sus sociedades entre las más productivas y competitivas del mundo, además de las relativamente más justas.

Pero, en esto llegó la globalización y el capitalismo industrial se convirtió en capitalismo financiero, de cada 100 transacciones, de lo que algunos siguen llamando "mercado", más de 90 son

solamente financieras, es decir no se compra nada con presencia física, se cambia dinero (real o ficticio) por dinero, ni siquiera existe intercambio de papel, casi todo es "virtual". Es decir se vende y compra algo que es menos que humo y ha sido, y aun es, el caldo de cultivo perfecto de la mera especulación estéril para la sociedad y muy beneficiosa para los depredadores sin escrúpulos.

Simultáneamente el capitalismo ha profundizado en su principal defecto: crear más oferta que demanda, se producen viviendas, productos virtuales, tecnologías de consumo, automóviles etc., sobreexplotando la naturaleza, a los trabajadores y a los bienes públicos, en términos menos técnicos, existe despilfarro de recursos escasos y limitados. Lo que en la crisis de 1973 fue un problema de oferta, hoy lo es de demanda. Se ha creado tanto dinero ficticio y se ha acumulado tanto por unos pocos, que se ha privado a la mayoría de capacidad de consumo y, claro, las llamadas "burbujas" han estallado una de tras de otra. Es en la evolución del capitalismo y en el reparto injusto de la riqueza donde se sitúa la génesis de la actual crisis. Porque además esto ha ocurrido en una época en la que los beneficios empresariales y la productividad han subido muy por encima del conjunto de las rentas salariales, en todo el mundo, de forma muy especial en USA donde desde 2002 los beneficios empresariales subie-



ron 8 veces más que los salarios, pero también en Europa los salarios solo captaron la tercera parte de los crecimientos de productividad, incluso durante el gobierno socialdemócrata español desde 2004 a 2008 la masa salarial perdió peso en la renta nacional, aún cuando fuera muy moderadamente.

Así pues puede afirmarse, con poco margen de error, que la desigualdad está en el origen de la crisis y que serán la corrección de las desigualdades, mediante el reparto más justo de la riqueza, y el control público sobre los excesos del mercado, buenos remedios para resolver la mayor parte de los problemas, que los defensores y promotores del neoliberalismo político han generado, desde sus posiciones de gobierno, en connivencia con los especuladores y con su permisividad hacia gurús y dirigentes financieros que bordean la delincuencia, cuando no caen en ella.

Pensiones

Visto y analizado el bosque, detengámonos ahora en el árbol de las pensiones, hoy el más atacado y discutido, entre otras cosas porque su hucha de más de 60.000 millones de € y su excedente de más de 2.500 millones de € mensuales, en los peores meses de la crisis, despierta la codicia de quien quiere acumular más y de sus servidores ideológicos, que se enfrentan a la contradicción que el excedente de la solidaridad genera con sus postulados, basados en el egoísmo del beneficio individual.

Nuestro sistema es un "sistema de reparto", basado en la solidaridad inter-generacional, mediante el cual se reparte algo de la riqueza que entre todos producimos, y como vimos en la introducción general, capacidad de producción y solidaridad, son los factores decisivos para la

pervivencia del sistema, junto con la voluntad política, plasmada en las políticas fiscal y social de los gobiernos. El sistema alternativo es que los individuos, que pueden, capitalizan una parte de su ahorro, para que otros, “los expertos”, lo administren y cuando llega la contingencia prevista se recupera lo que se ahorró más los rendimientos (positivos o negativos) que los expertos han logrado administrando nuestro dinero, a cambio de una generosa remuneración.

En Europa, territorio del Estado de Bienestar, todos los sistemas de reparto han sobrevivido desde su creación, hace más de 60 años, y una gran parte de los que en ese tiempo han suscrito sistemas de capitalización en todo el mundo han sufrido pérdidas, en algún caso lo han perdido todo. (Véase el caso de Enron, el de Telefónica al comienzo de actual época democrática, o, el actual problema de las pensiones británicas residenciadas en Islandia)

Aun cuando los elementos básicos que sirven para elaborar los sistemas de pensiones, en los países que han optado por el “Estado de bienestar” como modelo, son pocos, su aplicación en cada uno de estos ha dado lugar a fórmulas bastante alejadas; cada gobierno toma sus decisiones que se acumulan sobre las anteriormente aplicadas, que en algún caso entran en detalles muy específicos de las características de los ciudadanos beneficiarios y con exi-



gencias muy específicas ligadas a la situación económica de sus sistemas.

Un elemento de la máxima importancia es la financiación: mediante impuestos generales, contribución de los trabajadores activos ó aportación de capital durante la vida laboral del futuro beneficiario.

Como las circunstancias económicas, demográficas y políticas están en permanente evolución, todos los países someten a sus sistemas a reformas permanentes. Las tendencias de esas reformas hoy son: reducir la posibilidad de jubilaciones anticipadas (salvo en casos muy justificados), mantener la edad de referencia, para devengar el derecho, en 65 años, incentivando una actividad voluntaria hasta edades más avanzadas, medidas para aumentar los activos que cotizan disminuyendo el desempleo eliminando privilegios de determi-

nados colectivos, e incorporando nuevas capas de población al sistema productivo (mujeres, emigrantes).

Para conocer el punto de partida: España tiene un sistema de reparto, financiando con cotizaciones las prestaciones contributivas y con impuestos las prestaciones de protección social (p/e. Las pensiones “no contributivas” o las prestaciones derivadas de la Ley de Dependencia), a lo que se suma un sistema voluntario de planes de pensiones, mediante capitalización incentivada fiscalmente.

En España el peso del gasto en pensiones públicas en el año 2000 era del 9,4% del PIB y está descendiendo (según datos de la U.E. será del 8,9% en 2010) mientras que esa misma fecha del 2000 en Alemania, Francia o Italia, el gasto era del 11 al 13% de su PIB, cifras a las que España llegaría hacia el 2030, si no hubie-

ra ninguna modificación de las circunstancias. Como quiera que durante el presente año esté prevista la reunión del "Pacto de Toledo" para adecuar nuestro sistema a los nuevos datos, parece evidente que la intranquilidad, que se intenta sembrar desde algunos medios, tiene una base ideológica y ningún fundamento técnico o científico

Respecto a los distintos y alarmantes informes que periódica y repetidamente se hacen públicos, un recientemente seminario internacional sobre Cambios Demográficos y Envejecimiento, celebrado en Vigo en 2007, hizo surgir titulares sobre lo insostenible de nuestro sistema de pensiones públicas. Ciertamente es que entre lo que dicen los titulares y el contenido de las intervenciones, que posteriormente se recogen en los textos de la información, hay diferencias notables, pero la alarma ya está generada y las conclusiones de que hay que retrasar hasta los 68 o 69 años la edad de la jubilación y que hay que acudir en masa y con urgencia a las entidades privadas a suscribir un plan de pensiones, están más que sugeridas grabadas a fuego en las neuronas del lector. El que uno de los expertos sostenga que el desastre comenzará en 4 ó 5 años o que otro, en el mismo seminario, presente un modelo, elaborado en una universidad de prestigio como la

Carlos III, que sitúa en el 2031 el comienzo del déficit del actual sistema, tiene menor importancia que la música de fondo: el sistema está enfermo de gravedad.

Desde la posición de un ciudadano medianamente formado e informado, tengo muy presente que los expertos han tenido que ir adaptando sus previsiones según han ido fracasando, con estrépito, sus anuncios, que siempre han mantenido lo que anteriormente calificaba como música de fondo. Recuerdo el informe de la Comisión Europea de 1999 (hace menos de 10 años) en el que anunciaba una gravísima e inminente crisis del sistema español basándose, entre otros, en los informes de los expertos demógrafos que preveían el absoluto estancamiento de la población, anunciando para 2050 un techo de 41 millones de habitantes envejecidos; el último censo oficial nos coloca en 45 millones de una población rejuvenecida por la emigración (hay casi 2 millones de cotizantes a la Seguridad social de ese colectivo). Está anunciando otro inminente informe de la misma fuente, actualizado a 2009, del que ya se puede decir que errará como todas las previsiones sociales a medio plazo, esperemos que menos estrepitosamente.

Hasta donde conocemos los ciudadanos de a pie, el

actual sistema está vivo y en reforma permanente, está consiguiendo superávit, e incluso se ha generado una hucha que supera los 60.000 millones de € a principios del 2009.

Aún cuando es menos conocida, la cifra de todos los recursos de los planes de pensiones privados apenas llega a ese nivel y debe cubrir todos los años futuros, por lo que las garantías de que los posibles beneficiarios, para obtener rentas, son muy limitadas, eso sin tener en cuenta los errores y posibles apropiaciones indebidas de los administradores, errores y apropiaciones no demasiado infrecuentes, como hemos tenido ocasión de ver este año. Baste decir que la práctica totalidad de los planes de pensiones de "todos" los bancos españoles hoy están en negativo (los hay que pierden el 30 o 40% y otros "solo" el 10%), y hay que recordar que los bancos españoles están entre los más "sanos" del mundo.

Conclusión: los hechos contrastables no coinciden con la música de fondo, la solidaridad si que es garantía suficiente para el mantenimiento de un sistema, que ha cumplido con sus compromisos durante más de 60 años, con la casi únicas condiciones de que exista voluntad política de mantenerlo y apoyo social activo para defender

A Unión Europea e as pensións: Tres estratexias de intervención

José María Miranda Boto

Universidade de Santiago de Compostela

A hora de abordar a actividade en materia de pensións no Dereito comunitario, debe terse sempre en mente a distinción entre tres campos de actuación, que responden a tres filosofías moi apartadas entre si. En primeiro lugar, hai que sinalar o artigo 137 TCE, situado no Título XI sobre Política Social, que aspira á harmonización das lexislacións nacionais. En segundo lugar, ha de terse en conta a existencia do Método aberto de coordinación, que desde o Cume de Lisboa de 2000 estase revelando como a ferramenta predilecta dos gobernantes comunitarios, orientada a coordinar actuacións e decisións políticas. En terceiro e último lugar, pero non menos importante, está a base contida no artigo 42 TCE, sito no Título III relativo á Libre Circulación de Persoas, Servizos e Capitais, que contempla o establecemento de normas relativas á articulación

dos sistemas nacionais de Seguridade social, respectando as súas esencias.

A pesar deste amplo abanico de posibilidades de actuación, a realidade demostra que a capacidade real da Comunidade para establecer normas comúns en materia de pensións é limitadísima. Se a construción dun Dereito europeo do traballo, que harmonice as condicións laborais nos Estados membros, está moi afastada, a soa idea dun Dereito europeo harmonizado en materia de Seguridade social entra no terreo da ciencia ficción.

1. A harmonización lexislativa: normas similares para todos os Estados

A primeira destas tres formulacións coñeceu un escaso desenvolvemento. A harmonización do Tratado da

Comunidade Europea pretende crear, principalmente a través de directivas, normas mínimas comúns para todos os Estados, que poidan ser interpretadas polo Tribunal de Xustiza. Como pode comprenderse con facilidade, os Estados membros da Unión móstranse moi reticente a permitir que a Comunidade deseñe os seus sistemas nacionais de Seguridade social, aínda que sexa cunha medida mínima. A pesar diso, nun momento clave da historia social comunitaria, no Programa de Acción Social de 1974, aparecían numerosas mencións a esta materia entre os seus obxectivos, que se traducían no desexo de “*establecer unha concertación apropiada das políticas de protección social dos Estados membros*”.

Os desexos dalgúns Estados dunha maior intervención neste campo provocaron a inclusión no Protocolo Social do Tratado de Maastricht no artigo 2.2

dunha referencia á “*seguridade social e a protección social dos traballadores*” como unha das materias susceptibles de actuación comunitaria, sometida, iso si, a unha rigorosa votación por unanimidade e baixo o procedemento de consulta. A mención incorporouse ao corpo do Tratado da Comunidade tras a reforma de Amsterdam, co final da Europa social de dúas velocidades. Coa entrada en vigor do Tratado de Niza, que estableceu a redacción vixente hoxe en día, o artigo 137 TCE pasou a recoller un considerable catálogo de materias de competencia comunitaria como “*a seguridade social e a protección social dos traballadores*” (137.1.c TCE).

Esta capacidade de actuar, non obstante, está sometida a un severo límite de índole financeira. En efecto, no artigo 137.4 TCE dise que as medidas adoptadas “*non afectarán á facultade recoñecida aos Estados membros de definir os principios fundamentais do seu sistema de seguridade social, nin deberán afectar de modo sensible ao equilibrio financeiro deste*”. Esta precisión foi engadida polo Tratado de Niza ao reordenar o artigo 137 TCE e trátase doutra traba máis para o desenvolvemento dunha lexislación comunitaria en materia de pensións.

A pesar desta posibilidade de actuación, os resultados comunitarios neste campo

son puramente anecdóticos. Só dúas normas europeas trataron tanxencialmente a xubilación: a Directiva 79/7/CEE, sobre a aplicación progresiva do principio de igualdade entre homes e mulleres en materia de seguridade social, e a Directiva 86/378/CEE, tamén sobre igualdade, pero centrada especificamente nos réximes profesionais de seguridade social. En síntese, o seu contido é a prohibición de toda discriminación por razón de sexo, xa sexa directa ou indirecta, no relativo ao ámbito de aplicación dos réximes de protección social e as súas condicións de acceso, a obrigación de contribuír e o cálculo das contribucións, e o cálculo das prestacións, incluídos os aumentos debidos por cónxuxe e por persoa a cargo, e as condicións de duración e de mantemento do dereito ás prestacións. A excepción máis significativa permitida aos Estados era a posibilidade de fixar idades diferentes para o acceso ás pensións en función do sexo, que foi aproveitada por algúns deles, sempre que non resultase prexuízo para a muller.

Non existe, en definitiva, norma comunitaria algunha que fixe períodos de carencia, contías de pensións ou dereitos asociados. A capacidade lexislativa da Comunidade foi case estéril e non hai visos de que esta situación vaia cambiar no futuro.

2. O método aberto de coordinación: discutir sen obrigarse a nada

Este é a segunda gran formulación en materia de Seguridade social no ámbito comunitario, e supón un afastamento do método comunitario a favor das instancias intergubernamentais. Non debe pasarse por alto, con todo, que goza na actualidade de gran predicamento entre os Estados membros. A idea foi lanzada pola Comisión na súa Comunicación “*Unha estratexia concertada para mellorar a protección social*”. Nela propugnábase unha estrutura unificada que abarcase a protección social no seu conxunto e que estivese organizada en principio ao redor de tres alicerces: a integración social, as pensións e a asistencia sanitaria e os coidados de longa duración.

A aplicación deste novo “*método aberto de coordinación*” introduciuse no Consello Europeo de Lisboa a fin de divulgar as mellores prácticas e de garantir a maior converxencia no que respecta aos principais obxectivos da Unión Europea. Preséntase como un método flexible de gobernanza, que completa o método comunitario existente e outros procesos baseados no Tratado, como a Estratexia Europea para o Emprego, que seguen sendo os instrumentos centrais básicos da Comunidade. A posta en práctica deste método, tal e como se configura na actualidade, baséase en catro

ferramentas fundamentais: a formulación de directrices, a procura das mellores prácticas ou dos mellores exemplos, a análise ou a revisión conxunta entre Estados dirixidos á aprendizaxe mutua e a xestión por obxectivos.

A partir de 2003 empezouse a considerar a oportunidade de abordar a cuestión desde un enfoque integrado coa protección social. A Comisión propuxo nunha nova Comunicación: racionalizar o método en materia de protección social, nunha concepción extensa, aproximándoo aos mecanismos previstos no Tratado para a política económica e para o emprego, que ese mesmo ano foran rediseñados polo Consello Europeo para introducir unha dimensión trienal non prevista no Tratado da Comunidade. A primeira medida neste sentido sería a elaboración dun Informe anual conxunto polo Consello e a Comisión a partir de 2005, que substituiría ao Informe sobre a protección social en Europa que viña elaborándose desde a creación do Comité de Protección Social. A Comunicación incluía un detallado calendario para a posta en práctica, que incluía o exame das políticas estatais, a adopción de conclusións e o establecemento de obxectivos comúns por parte do Consello Europeo.

Unha posterior Comunicación da Comisión de 2005, no contexto da redinamización da Estratexia de Lisboa, recolleu os froitos da experiencia paralela en materia de exclusión e pensións.



A sede do Consello Europeo

Refinounos coa intención de “crear un MAC máis forte, máis visible, con maior énfase na execución das políticas, que interactúe positivamente coa estratexia revisada de Lisboa, simplificando ao mesmo tempo a notificación e aumentando as oportunidades de intercambio político”. Para iso a Comisión consideraba necesaria a concertación entre a Estratexia de Emprego coas liñas de traballo consolidadas en materia de pensións e exclusión social e a incipiente apertura cara á asistencia sanitaria e os coidados de longa duración. No referente a pensións e exclusión social, a comunicación apostaba pola elaboración de indicadores e obxectivos comúns, que permitirían axustes baseados nas peculiaridades de cada sector, a preparación de estratexias nacionais e unha posterior avaliación e aprendizaxe recíproco entre os Estados, sempre nunha formulación trienal.

Outro ámbito da protección social onde o método aberto de coordinación foi levado á práctica máis recentemente é o da asistencia sanitaria. O Consello Europeo de Goteburgo de xuño de 2001 é considerado como o fito inicial do interese comunitario, desde a perspectiva aquí considerada, pola asistencia sanitaria e a atención aos anciáns. Nel encomendouse ao Consello a elaboración dun informe sobre a cuestión. A Comisión preparou ese mesmo ano unha Comunicación na que lanzou ideas sobre a posta en práctica do método aberto nesta cuestión, que serían referendadas no Consello Europeo de Barcelona de marzo de 2002.

O informe conxunto da Comisión e do Consello “*Apoiar as estratexias nacionais para o futuro da asistencia sanitaria e da asistencia ás persoas de idade avanzada*” de 2003 foi un

claro indicio da integración da materia na dinámica do método aberto. Nunha Comunicación de 2004, a Comisión proclamou a necesidade de aplicar sen reservas o método, incluíndo no seu documento propostas sobre o establecemento de obxectivos comúns, de grupos de reflexión ao máis alto nivel (como os que cristalizaron nos respectivos Comités) e de indicadores para o seu exame e comparación entre os distintos Estados membros. Cando en 2005 a Comisión propuxo o novo deseño integrado de aplicación do método aberto, a asistencia sanitaria non quedou á marxe desta formulación.



3. A articulación de sistemas: favorecer o movementos das pensións dos traballadores


O terceiro achegamento mencionado, o fundado sobre o artigo 42 TCE, deu lugar a algunhas das normas comunitarias máis exitosas. Aínda que só tomásemos como referencia os galegos que se beneficiaron dese sistema poderíamos celebrar este conxunto de normas como un gran logro, que permitiu aos cidadáns gozar plenamente dos dereitos de Seguridade social gandos noutros países con independencia do seu lugar de residencia.

Este campo de actuación naceu como un simple comple-

mento da libre circulación e segue sendo indiscutible que a vinculación entre ámbalas materias continúa sendo estreitísima. Pero a progresiva expansión do ámbito subxectivo da normativa transnacional deu lugar a unha figura nova que pode ser considerada de forma autónoma. Da mesma xeito que a liberdade de circulación desbordou o seu marco inicial, os aspectos transnacionais da protección social son hoxe algo máis que un simple instrumento da libre circulación de traballadores. O Tribunal, coa sentenza Unger, alterou en 1964 o contido da normativa sobre Seguridade social de migrantes, pasando a un novo ámbito que se refería aos traballadores que se desprazan polo interior da Comunidade e ás súas familias. A actual proposta de Regulamento de aplicación do Regulamento (CE) nº 883/2004 ponno de manifesto de forma incontestable: ¿Esta normativa afecta a todos e cada un

dos cidadáns europeos que se desprazan na Unión, sexa polo motivo que sexa?.

As intervencións de articulación distínguense das que pretenden a harmonización en que non buscan modificar as lexislacións nacionais. A actuación comunitaria baseada no artigo 42 TCE non aspira, nin aspirou en ningún momento, a crear un sistema común de protección social para todos os Estados membros. Pola contra, inspirándose en tendencias internacionais xa existentes, buscou paliar os problemas derivados da territorialidade das normas de Seguridade social nacionais. Así, proxectouse a elaboración de normas que regulasen referencias e conflitos, co fin de garantir a continuidade na aplicación sucesiva dos diferentes réximes, sen modificalos directamente. Búscase, pois, deste xeito permitir a acumulación de todos os períodos tomados en consideración polas distintas



lexislacións nacionais para adquirir e conservar o dereito ás prestacións sociais, así como para o cálculo destas e, de non menor importancia, garantir o pago das prestacións ás persoas que residan nos territorios dos Estados membros.

No referente ás pensións de xubilación, o principio central nesta continxencia é a totalización de períodos. Cando a lexislación dun Estado membro subordine a adquisición, a conservación ou a recuperación do dereito ás prestacións ao requisito de que sexan cumpridos determinados períodos de seguro ou de residencia, a institución competente de devandito Estado membro terá en conta, na medida necesaria, os períodos de seguro ou de residencia cumpridos de acordo coa lexislación de calquera outro Estado membro, xa sexa

nun réxime xeral ou especial, aplicable a traballadores por conta allea ou por conta propia. Para iso, terá en conta devanditos períodos coma sé se tratase de períodos cumpridos de acordo coa lexislación que aplique. Deste xeito, os períodos traballados e cotizados en Alemaña, Francia ou Holanda servirán ao traballador español para alcanzar os períodos de carencia esixidos no noso país, coma se se traballase toda a súa vida en España.

4. Calculando a pensión dun traballador emigrado a Europa

Para o recoñecemento de pensións de xubilación e viuvez os regulamentos comunitarios establecen a máxima coordinación, pois resultan competentes

as lexislacións nacionais de Seguridade social de todos os Estados membros onde estivese asegurado como traballador o solicitante de cobertura ou, no seu caso, o causante da mesma. A valoración da concorrencia deste requisito de vinculación a un sistema de Seguridade social debe contemplarse dende a óptica de cada ordenamento nacional, en cuxo marco débese determinar: non só se existe tal cobertura, senón tamén a propia virtualidade que tales períodos de cotización puidesen ter respecto do recoñecemento do dereito e o seu subseguinte cálculo.

A aplicación destas normas pode ser simultánea ou diferida, por exemplo, solicitando a pensión nalgúns Estados membros e esperando noutros ao cumprimento dos requisitos tanto de carencia como de idade. En calquera caso, todas as Administracións de Seguridade social dos Estados membros onde se recoñeza o dereito a unha pensión, por cumprirse os requisitos nacionais esixidos, han de seguir un procedemento común de cálculo comunitario que implica un constante intercambio de información entre institucións a través dos correspondentes formularios comunitarios. Este procedemento, fixado no Regulamento (CEE) nº 1408/71, trata de impedir que o traballador migrante beneficiario dunha pensión resulte perjudicado como consecuencia dos seus desprazamentos profesionais a outros Estados membros, e varía en función de que a entidade xestora nacional

O *recoñecemento ao dereito a unha pensión, por cumprirse os requisitos nacionais esixidos, obriga as Administracións de Seguridade social dos Estados membros a seguir un procedemento común de cálculo comunitario que implica un constante intercambio de información entre institucións*

recoñecese unha “*pensión nacional*” ou o que se denomina unha “*pensión comunitaria*”.

Si se recoñeceu nun Estado membro unha pensión comunitaria, isto é, unha pensión nacional pero mediante a totalización dos períodos de seguro foráneos precisos, o seu cálculo inclúe os dous seguintes pasos básicos. En primeiro lugar, o cálculo da contía teórica que equivale á pensión de xubilación que percíbese o migrante de acreditar en devandito Estado toda a carreira de seguro realizada en todos os Estados membros da UE. En segundo lugar, hase de calcular a prorrata temporis da contía teórica adecuándoa ao tempo cotizado no Estado membro. Para iso a Administración aplica sobre devandita contía unha porcentaxe que equivale a unha fracción que ten como numerador os períodos de seguro nacionais, incluíndose no denominador a suma dos períodos cumpridos en todos os Estados membros ao longo da súa carreira de seguro. Os períodos computables na prorrata non teñen que ser os mesmos que serviron para determinar a contía teórica, pois só se poden tomar en consideración os períodos previos ao feito causante.

Se se recoñeceu unha pensión de xubilación nacional ou autónoma, isto é, sen recorrer ás asimilacións de condicións establecidas no Regulamento, realízase un dobre cálculo. En primeiro lugar, hase de calcular a pensión fixando a contía teó-

rica prorrateada. En segundo lugar, débese calcular a pensión aplicando exclusivamente o establecido na normativa interna de Seguridade Social. Os resultados de ámbolos cálculos han de compararse, pois a administración nacional debe abonar a pensión máis elevada.

Ademais pódese impoñer unha segunda comparación, de novo, para a elección da máis cuantiosa, neste caso, entre a pensión resultante do procedemento comunitario descrito e a pensión calculada no marco dun Convenio bilateral suscrito por dous Estados membros, normativa que sorprendentemente adoita resultar máis tuitiva. Esta segunda comparación só é posible cando o traballador migrante xerese unha expectativa de dereito no seo de tal Convenio bilateral antes da entrada en vigor da normativa de coordinación no Estado que o aplica.

O Fondo de Reserva, unha garantía

Carla Cunqueiro Pérez

Economista

En España contamos dende 1995 co PACTO DE TOLEDO, froito do consenso entre tódalas forzas políticas representadas no Parlamento, cuxo obxectivo foi facer viable financeiramente o actual modelo denominado de reparto e solidariedade interxeracional de Seguridade Social, e continuar avanzando no seu perfeccionamento e consolidación.

No seu preámbulo subliñase claramente que dos réximes de pensións dependen as condicións de vida dun sector da poboación, numeroso e potencialmente vulnerable, polo que é preciso respectar as expectativas lexítimas e manter un equilibrio xusto e viable entre os dereitos e as obrigas.

Froito dese consenso e co gallo de garantir a viabilidade financeira do modelo, crease o Fondo de Reserva por medio da Lei 24/1997 de 5 de xullo, de

Consolidación e Racionalización do Sistema de Seguridade Social. Nutrírase cos excedentes dos ingresos por cotizacións sociais, e os bens e dereitos do propio Fondo, en particular os activos financeiros públicos en que se materialicen as dotacións do Fondo nos sucesivos exercicios, e que pasarán a integrar o Patrimonio da Seguridade Social como un elemento do mesmo, distinto do Patrimonio do Estado, sendo por elo que a titularidade do Fondo de Reserva corresponde a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A finalidade do Fondo é a de atender as necesidades futuras do sistema de Seguridade Social, para así alternar os efectos dos ciclos económicos, constituíndo por elo, fondos de equilibrio que permitan actuar nos momentos baixos do ciclo, sen ter que instrumentar reducións das prestacións ou incrementos das cotizacións.

Conforme o acordo do Consello de Ministros de 25 de febreiro de 2000, a dotación inicial do Fondo de Reserva a constituír naquel ano, ascendeu a 100.000 millóns de pesetas, ou 601 millóns de euros. O fío da etapa de crecemento que experimenta a economía española naqueles anos, a dotación do fondo vai medrando de xeito espectacular, acadando os 25.000 millóns de euros no ano 2005, e os 65.000 millóns de euros con que conta no final deste ano 2009.

Dende o seu inicio, a administración do Fondo efectúase pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, en canto que titular do patrimonio da mesma, nos termos establecidos no Regulamento de Xestión Financeira da Seguridade Social e outras disposicións relacionadas.

Na actualidade o Fondo está xestionado por un Comité de Xestión, presidido polo

A existencia do Fondo de Reserva supón un factor de estabilidade do Sistema, que outorga capacidade de actuación en fases baixas do ciclo económico, como na actualidade, sen necesidade de instrumentar reducións de prestacións ou incrementos de cotizacións

Secretario de Estado da Seguridade Social, e conta como membros con altos cargos responsables tanto do Ministerio de Economía e Facenda, como do Ministerio de Traballo e Inmigración, aínda que na práctica a administración corre a cargo da Tesourería Xeral da Seguridade Social. As funcións deste Comité son “formular propostas de ordenación, asesoramento, selección de valores que constituirán a carteira do Fondo, enaxenación de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, e o control superior da xestión do Fondo, así como elaborar o informe a presentar ás Cortes Xerais sobre a evolución de dito Fondo”.

Outros organismos rectores do Fondo de Reserva son a Comisión Asesora de Investimentos e a Comisión de Seguimento. Se na primeira tódolos seus membros son cargos administrativos (Economía e Traballo), na segunda están presentes asemade representantes tanto das organizacións sindicais mais representativas como das organizacións empresariais.

Encol da situación económica financeira do Fondo de Reserva, recollo os aspectos subliñados no derradeiro Informe do Comité de Xestión correspondente á situación a 31 de decembro do 2008:

“Tódolos aspectos detallados neste informe dan mostra

do importante volume de xestión que representa o Fondo de Reserva da Seguridade Social en termos de dotacións aprobadas por Acordo do Consello de Ministros, os ingresos dos excedentes das Mutuas de Accidentes de Traballo e Doenzas Profesionais da Seguridade Social”.

“O Fondo de Reserva da Seguridade Social, a 31 de decembro de 2008, acada un importe de 57.233’18 millóns de euros”.

“A pesar das difíciles perspectivas económicas ás que se enfronta España, a previsión é poder seguir incrementando nos vindeiros anos as dotacións ó Fondo, permitindo así a continuidade e consolidación dos principios que inspiraron a creación do Fondo de Reserva e manter a confianza no Sistema de Seguridade Social”.

“Asemade, compre resaltar que o Fondo de Reserva supón actualmente o 5’45% do PIB, porcentaxe que se irá incrementando de manterse as previsións do crecemento do Fondo de reserva nos vindeiros anos”.

Como non podía ser doutro xeito, tanto a existencia do Fondo como a súa operatividade e viabilidade, ten sido, o longo destes anos, obxecto de controversia case sempre interesada.

En relación o primeiro aspecto: a importancia da súa existencia. Con independencia

como digo, das opinións interesadas, especialmente aquelas procedentes de organismos e institucións, públicas e privadas, que turren pola privatización destes servizos, obxectivamente hai poucas dúbidas de que os anos transcorridos dende a súa constitución evidencian que a existencia do Fondo de Reserva supón un factor de estabilidade do Sistema, que outorga capacidade de actuación en fases baixas do ciclo económico, como na actualidade, sen necesidade de instrumentar reducións de prestacións ou incrementos de cotizacións.

Con calculada regularidade, a viabilidade non xa do Fondo de Reserva, senón de todo o sistema de Seguridade Social, é cuestionada tanto dende organismos privados, como entidades financeiras, mutuas aseguradoras, fondos de pensións, etc., interesados, loxicamente na “capitalización” - privatización para entendernos - do sistema e os seus servizos: *“O Fondo de Reserva da Seguridade Social ten os anos contados polo que haberá que procurar outros mecanismos para poder financiar as prestacións sociais”...* “A creba do sistema de pensións está garantida entre o 2015 e o 2020 así como o Fondo de Reserva estará esgotado para esta derradeira data”. Tamén cualificados responsables de organismos públicos, co Banco de España a cabeza, insisten: *“Empezaremos a comemos o Fondo de Reserva entre 6 e 10 anos antes do previsto”*. Unha



actitude que resulta menos comprensible xa que, como subliña o Ministro de Traballo, Celestino Corbacho, *“arroxa inseguridade e xoga coa tranquilidade dos máis de 8 millóns de pensionistas españois”*.

Independentemente das declaracións dos responsables da Seguridade Social encol da viabilidade do sistema, os datos económicos, incluso en conxunturas tan desfavorables como a actual marcada pola

crise económica e o elevado desemprego e, xa que logo, a forte caída das cotizacións, non parecen deixar marxe as dúbidas. Así, se deica o ano 2006, o ano inmediatamente anterior ó inicio da actual crise económica, o superávit da Seguridade Social permitira “nutrir” o Fondo de Reserva – 35.879 millóns de euros a decembro do 2006 – e, xa que logo, asegurar a súa viabilidade. Unha dinámica que nos anos seguintes continuou, logrando incrementarse de

xeito sobresaínte o chegar a finais do 2008 ós 57.223 millóns, con unha estimación para o 2009 de 65.000 millóns de euros. Unha situación que fai declarar a responsables cualificados da administración pública nacional que *“a Seguridade Social ten asegurado o equilibrio económico e financeiro deica o 2020, gracias o superávit destes anos que nutriu ó Fondo de Reserva”*.

En relación a operatividade do Fondo de Reserva hai que subliñar a polémica levantada co gallo da súa posible *“utilización”* polo goberno nacional para financiar gasto público:

“ O Fondo de Reserva da Seguridade Social, ademais de instrumento de garantía das pensións públicas esta servindo como elemento de dinamización económica para saír da crise, axudando as empresas en dificultades e financiando o gasto público”.

“Os recursos do Fondo de Reserva están sendo orientados dende a débeda exterior alemana e francesa a financiar a débeda do Tesouro Español”.

“O ingreso dos superávits están sendo utilizados para xerar unha marxe de tesourería que permita o aprazamento de cotas a empresas en dificultades económicas”.

Afirmación contestada polo Goberno co argumento de que esta decisión de utilizar o Fondo de Reserva das pensións para financiar o extraordi-

nario aumento do gasto público que vai realizar o Goberno débese, precisamente, á maior rendibilidade que ofrece a débeda española respecto a das locomotoras europeas (Alemaña e Francia) e a de outras economías europeas que están mellor posicionadas como Suecia, Dinamarca ou Holanda.

En calquera caso esta polémica remite a aspectos operativos importantes do Fondo de Reserva que xa reflectín anteriormente.

BIBLIOGRAFIA:

Informe da poñencia para o análise dos problemas estruturais do Sistema da Seguridade Social e das principais reformas que deberán acometerse. BOE, 02.10.03

Lei 28/2003, de 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social. BOE, 30.09.03

Informe ás Cortes Xerais sobre o Fondo de Reserva da Seguridade Social. Situación a 31.12.08. SECRETARIA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL. MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN.

Comparecencia do Gobernador do Banco de España diante da Comisión non permanente do Congreso de Deputados para a renovación do Pacto de Toledo. 16.04.09.

Informe de Estratexia de España en relación con futuro do Sistema de Pensións. MINISTERIO DE TRABAJO.

O sistema de pensións nos Estados Unidos

Amelia Uveira González

Economista

O sistema de pensións estadounidense adopta tres modalidades: a. A Seguridade Social (Sistema de Seguro de Vellez, Supervivencia e Invalidez / Old Age Survivors and Disability Insurance System), financiada mediante os impostos. Un réxime básico obrigatorio que funciona baixo o principio de repartición, ó cal contribúen uns 110 millóns de cotizantes, e do que se benefician 40 millóns de persoas con pensións de preto do 50% do seu salario bruto anterior b. O Sistema Privado de Pensións, patrocinado polos empresarios tanto do sector público como privado (65/70 %), que acolle hoxe en día a uns 400 millóns de persoas, un sistema incentivado fiscalmente que ben se establece voluntariamente, ben como resultado da negociación colectiva. A importancia crecente deste sistema - calcúlase que na actualidade existen 31.000 fondos de pen-

sións- converteuno no principal investidor nos mercados financeiros dos Estados Unidos con moita influencia nas “innovacións financeiras”, etc. O Réxime de Aforro Voluntario, en contas de capitalización individual administrado hoxe por organismos privados independentes das empresas -preto dun millón na actualidade- que moven sumas colosais de diñeiro e que acollen a uns 65 millóns de persoas.

A Seguridade Social

Constituída no ano 1935 foi, dende xa, unha parte integral da economía americana e da propia estrutura social do país e representa para a maioría de xubilados, a principal fonte de ingresos. Para os que perciben ingresos máis baixos, case as tres cuartas partes dos mesmos, proveñen da Seguridade Social, e para un terzo dos xubilados constitúe a única fonte

ingresos, sen a cal non percibirían ren. A Seguridade Social está, xa que logo, encargada do sistema público de pensións:

- Todo empregado por conta allea cotiza unha porcentaxe do seu salario - 7'65% aproximadamente - e o empresario unha porcentaxe semellante. No caso de traballadores por conta propia a porcentaxe é notablemente superior, o 15'30%, equivalente ó dobre.

- Estas cotizacións garanten unha contía de pensión equivalente por termino medio ó 42% do salario do traballador, porcentaxe que en caso dos empregados mellor remunerados pode descender deica o 27%. A idade legal de xubilación está fixada nos 65 anos, aínda que pode retardarse deica ós 67 anos.

Nembargantes, a Seguridade Social non é a única fonte de ingresos para os xubilados. O primeiro piar é o seguro médico. A pesar do seguro universal de asistencia sanitaria do goberno para xubilados e discapacitados, coñecido como programas Medicare e Medicaid, existen case 44 millóns de persoas nos Estados Unidos que non dispoñen de ningún tipo de asistencia sanitaria. O segundo piar da seguridade na xubilación, recae nos ingresos por seguir traballando. Moitos estadounidenses esperan traballar, ou veranse obrigados a facelo, deica moitos anos despois de cumpriren os 65 anos. O terceiro piar o constitúen os aforros e os plans privados de pensións. O cuarto piar é a Seguridade Social. Dos catro piares, só e exclusivamente este último, a Seguridade Social, está garantido.

Segundo algúns autores de prestixio e con coñecemento de causa, a Seguridade Social estadounidense, a pesares dos agoireiros, das voces interesadas e da fortísima ofensiva neoliberal que procura o desvío das cotizacións da Seguridade Social ó financiamento das contas privadas goza de boa saúde. En efecto, durante anos os ingresos superaron os desembolsos, de maneira que para estes analistas o Fondo Fiduciario da Seguridade Social ten capacidade suficiente para pagar o 100% das pensións comprometidas deica o ano 2042.

Nembargantes o optimismo anterior debe ser matizado. Algunhas actuacións da

Administración Bush deixaron moi tocada a Seguridade Social estadounidense. Así, e co argumento de reducir os custos, impulsou a indexación progresiva dos prezos, o que significa vincular as pensións en función dos prezos, en vez de facelo con relación ós salarios. Os prezos medran máis lentamente no tempo que os salarios. Isto comeza cunha boa idea, protexer ós traballadores que obteñen salarios máis baixos, pero en realidade apunta a reducilos beneficios da clase media. Deste xeito, un traballador ou unha traballadora mozos cuns ingresos medios, cando se xubilen, as súas pensións reduciranse nun 29%: en xeral 7 de cada 10 xubilados verán reducidas as súas pensións.

O sistema privado de pensións

Este sistema está integrado por un amplo e moi variado conxunto de plans, dentro dos que destacan os de tipo empresarial ou ocupacional, ofertado polas sinaturas grandes e medianas, os sindicatos e os entes públicos estatais e locais, que poden diferir de actividade a actividade e incluso de empresa a empresa. Nembargantes, e en termos xerais, estes plans privados de pensións pódense clasificar en tres grandes categorías: **a)** Plans de contribución definida, **b)** Plans de beneficio definido, e **c)** Plans híbridos.

Os plans de contribución definida son "*plans de aporte*

fixo e beneficio variable". O patrocinador só é responsable de efectuar as contribucións prometidas, que tipicamente consisten nunha porcentaxe do salario do empregado ou unha porcentaxe das utilidades da empresa. Os beneficios estarán en función do rendemento dos investimentos, polo que o monto da pensión depende do desempeño do fondo. Preto do 50% dos traballadores que teñen un plan privado de pensións pertencen a esta categoría, unha porcentaxe que vai en aumento.

Os beneficios que ofrecen estes plans non contan con ningunha garantía ou seguro por parte do Estado, polo que a pensión só depende da parte do fondo que posúa cada traballador, valorada a prezos de mercado no momento do retiro. Se ben é certo que estes plans outorgan aos traballadores unha maior autonomía sobre os seus investimentos, pois poden elixir o xeito de investir o seu diñeiro entre accións e fondos de investimento, tamén os expón a un maior risco, xa que agora atópanse a mercé dos mercados financeiros.

Estes son plans voluntarios. A miúdo os empregados non realizan as achegas que poden, ou deberían, ós seus plans de pensións individuais. Os que non participan alegan falta de tempo ou coñecemento á hora de estudar tódalas opcións, séntense abruados. Recentes irregularidades contables e malas xestións das empresas minaron aínda máis a confianza

destes empregados, e ninguén pode esquecer o derrube de Enron e World Com. E logo, claro está o declive das bolsas, que produciu 5 billóns de dólares de perda en ingresos e aforros persoais. Hoxe en día tan só un terzo dos maiores de 65 anos obtén algún tipo de ingreso por xubilación baseado unicamente no empresario. En canto a traballadores con idades próximas á xubilación, só a metade goza de cobertura de pensión, e se prevé que esa tendencia decrecente continúe.

Nos plans de beneficio definido, o patrocinador promete pagar ó traballador que cualifique, unha suma mensual definida durante o seu retiro, ou unha porcentaxe específica do seu salario final. O monto da pensión usualmente determinase tomando en conta o tempo de servizo ó patrón e ós ingresos do empregado. En moitas ocasións, estas condicións négóciase entre a empresa e un sindicato, e tipicamente proporcionan un beneficio mensual fixo por cada ano de servizo, aínda que nalgúns casos, tamén se toma en conta a clasificación salarial do empregado.

Tódolos plans de beneficio definido teñen a garantía do Estado mediante unha axencia especializada ó efecto (PBGC). Isto é a teoría, pero ¿qué pasa




na práctica? Recentemente, no ano 2006, os traballadores estadounidenses abraiáronse diante da declaración de bancarrota de United Airlines, o que libera a empresa das súas obrigas de pagalas pensións. Por elo os traballadores empezaron a cuestionarse se o seu beneficio definido polo compromiso da empresa suporía algo verdadeiramente seguro, e a preguntarse canto de vulnerables son os empregados. A Oficina de Contabilidade do Goberno dos Estados Unidos informou recentemente que os case 30.000 plans de pensións individuais, asegurados pola Corporación de Garantía de Beneficios de Pensións (PBGC, polas súas siglas en inglés) carecía de fondos. O Departamento de Traballo do

Estados Unidos estima que durante o ano 2006, as empresas deixaron de aportar aos plans uns 450 mil millóns de dólares, previa declaración obrigatoria de bancarrota, naturalmente. Nembargantes os contribuíntes estadounidenses quedáronse atónitos ó saber que podían estar en risco, debido a unha intervención multimillonaria do PBGC.

Os plans híbridos de pensións son unha combinación dos plans anteriormente citados. Nos Estados Unidos apareceron por primeira vez en 1985 e cobraron moita popularidade recentemente xa que o empregado non ten que asumir todo o risco do investimento como no caso dos de contribución definida, nin resulta tan caro e difícil de implementar cando se trata de poucos traballadores que traballan para unha compañía durante moitos anos.

A xestión dos plans

Os plans de pensións privados están regulados pola Lei de Ingreso para o Retiro dos Traballadores, ou Employee Retirement Income Security Act (ERISA), que establece unha serie de requisitos bastante estritos ós plans de pensións privados, e que para o seu cumprimento conta co apoio e vixilancia tanto do Ministerio de



Traballo (Department of Labor) como da Oficina de Recadación de Impostos (Internal Revenue Services).

A citada lei recolle disposicións obrigatorias para estes plans, que detallo a continuación:

a) Establece estándares para as contribucións mínimas que deben efectuar os patrocinadores dun plan de pensións, co gallo de manter a solvencia actuarial do mesmo, e dicir, para que se poidan cumprir os beneficios actuarialmente proxectados, estando as empresas obrigadas a cubri-lo custo normal e amortizar calquera outro pasivo suplementario ou outra deficiencia.

b) Impón a “regra do home prudente” para todos os fondos privados de pensións do país, e prohibe as cláusulas exculpatórias. Establece están-

dares que deben cumprir os fideicomisarios, administradores, xerentes e conselleiros dos plans co obxecto de que as súas decisións se orienten ao beneficio dos afiliados.

c) Define estándares mínimos para os dereitos dos afiliados a un plan de pensión.

d) Garante os dereitos dos beneficiarios a unha pensión por medio da axencia governamental PBGC xa mencionada.

Nembargantes o anterior, en materia de regulamentación sobre investimentos, os Estados Unidos é un dos países que conceden grande liberdade aos administradores dos fondos de pensións. Aínda que están suxeitos a normas, a nivel federal non se imponen límites cuantitativos para asignación de investimentos, agás a prohibición de investir máis do 10% dos recursos en accións

da mesma empresa patrocinadora. En materia de composición de carteira cabe subliñar que os plans de pensións, na súa maioría, tenden a guiá-los seus investimentos baseándose nun criterio estritamente comercial, e que xunto ás compañías de seguros de vida convertéronse nas principais fontes impulsoras das innovacións financeiras.

O réxime de aforro voluntario

De xeito complementario ós plans de pensións citados, outra serie de programas de xubilación, os do réxime de aforro voluntario, toman corpo no sistema privado de pensións estadounidense:

a) Plans Keogh, son plans de pensións complementarios de pensións dirixidos especialmente aos traballadores por conta propia.


b) Contas individuais para xubilación.

c) Plans de propiedade de accións por parte dos empregados (ESOPS), que son plans nos que a empresa efectúa contribucións ó plan e este utilízalos na compra de accións da mesma empresa contribuínte, a nome dos traballadores. As accións vanse asignando aos empregados mediante algún método preestableci-

do, pero deben manterse deica que o traballador se xubile, intre no cal o capital en accións de cada traballador convértese nun fondo de pensión individual.

Compre finalmente subliñar que os plans de pensións privados, ou sistemas de xubilación por capitalización, xunto cos seguros de vida, convertéronse nos Estados Unidos *“nas principais fontes impulsoras das innovacións financeiras”*, sendo aqueles os maiores compradores e vendedores nos mercados financeiros. Como tales, ao tempo que foron os principais actores e beneficiarios da liberalización financeira, cun poder sen precedentes e implicacións concretas moi importantes no crecemento económico dos Estados Unidos, están suxeitos moi directamente ás vicisitudes e riscos inherentes ós mercados financeiros, de tal xeito que calquera caída destes ten efectos paralelos naqueles.

Así, a actual crise económica, que ten unha compoñente claramente financeira, *“prexudicou aos traballadores ó traveso das crebas de xigantes multinacionais, despedimentos masivos, e unha diminución de confianza respecto ao sistema financeiro dos estadounidenses”*. O que levou a prestixiosos analistas a afirmar, que os traballadores, en Estados Unidos teñen motivos máis poderosos para mirar o futuro con temor, xa que os seus plans de xubilación, en especial os baseados nos aforros privados, corren un serio risco. O colapso dos mer-



cados de accións tras a creba de Lehman Brothers deixou ós 100 maiores plans privados de xubilación cun déficit de 217 mil millóns de dólares, deixándoos só co 79% dos activos necesarios para cubrir as súas débedas a longo prazo. Os activos dos plans de pensións caeron un 26% no ano 2008, especialmente debido ás perdas en investimentos. Estudos máis recentes falan de que os maiores plans de pensións estadounidense perderon 54 mil millóns de dólares adicionais só en febreiro deste ano 2009. Diante deste escenario, moitos traballadores estadounidenses que están a punto de se xubilar decidiron retardar o seu retiro.

BIBLIOGRAFIA:

“O estado de benestar”. GENERALITAT DE CATALUNYA.

“A reforma da Seguridade Social nos Estados Unidos. Cuestións principais en consideración”. MARIE F. SMITH

“O sistema de pensións nos Estados Unidos”. R. CHAVES MARTÍN

“A crise financeira golpea ó sistema de pensións nos Estados Unidos”. P. NAMUR.



A Seguridade Social, factor de cohesión política

Xesús Mosquera Sueiro

Presidente Fundación Luis Tilve

Como no resto de Europa, en España, o sistema público de pensións e de seguridade social, polos ataques de que ben sendo obxecto, empeza a parecerse a un reduto, ate agora inexpugnable, fronte a voracidade das entidades financeiras e actores que operan nos mercados financeiros, sexan estes de España ou doutro país. O cerco é implacable, e consiste en grande medida en fortísimas campañas para meter medo, debilitar ás resistencias, e conseguir ocupar posicións favorables para o asalto definitivo ó botín.

A pesar de todo, a resistencia e a oposición da poboación ás políticas para a súa progresiva privatización segue a ser moi forte. É algo que a xente non quere, polo que ningún partido político se atreve a levar no seu programa a privatización das pensións ou da sanidade, por exemplo, todo o máis, referen-

cias moi xenéricas á súa "mellora", agochando os verdadeiros obxectivos. De aí a gravidade que suporía ceder á presión destes intereses privados cando se chega ao poder, actuando de costas ao interese xeral, poñendo en venda o que é común, o que é de todos. Os pretextos son moi vellos, e tan manidos como falsos: "*Esíxeo a difícil situación económica*", "*por razóns de eficacia*", etc.

Entre os defensores do sistema público de pensións e de Seguridade Social, insístese e con razón, na súa importancia como factor de cohesión social e redistribución da riqueza dun país. Pero hai outro aspecto que non convén esquecer: o seu decisivo papel como factor de cohesión política, xa que afecta a toda á poboación, iguala aos cidadáns en dereitos e obrigas, e supón compartir a administración dun sistema común, cun importante volume de recursos económicos, baseado nada menos que na solida-

riedade entre xeracións, dun territorio e dun país. De aí a contradición que supón que a dereita política española, tan defensora da identidade e unidade nacional, aposte a fondo polas políticas neoliberais, encamiñadas á progresiva privatización das pensións e da seguridade social, en detrimento do Estado e en beneficio das entidades financeiras de diverso signo.

En España, algúns partidos políticos nacionalistas, reivindicaron abandonar o principio de "caixa única" da Seguridade Social, fraccionándoa para posibilitar a súa posterior transferencia ás Comunidades Autónomas que o demandasen. A proposta, sen embargo, non foi ben acollida nin sequer pola cidadanía das Comunidades das que partía, polos riscos para o sistema que esa fórmula implica, e porque ademais sendo certo que nesas Comunidades Autónomas se cotiza máis, porque os salarios son

máis altos, tamén é certo que precisamente por iso as pensións que perciben son máis elevadas. Co engadido de que están moito máis seguras que no suposto dun sistema público de seguridade social e de pensións dependentes exclusivamente da autonomía. Nin que dicir ten que o fraccionamento da “caixa única” suporía unha debilitación tal do sistema público de pensións e da propia seguridade social, que conduciría a súa desaparición e substitución por sistemas de capitalización privados en moi poucos anos.

Os sistemas públicos de seguridade social, foron ate agora un sinal de identidade dos estados membros da Unión Europea, e do seu modelo de “Estado de Benestar”, por certo, hoxe acosado e ameazado en cada un deses estados. Sen embargo, a Unión Europea como tal non ten ese sinal de identidade, senón máis ben a contraria. De feito, non foi posible avanzar cara un modelo público europeo de seguridade social, de pensións e de protección á vellez, que de levarse a cabo converteríase nun importante, non só sinal, senón realidade común de europeísmo e de identidade europea. Polo momento a aposta non parece esa, senón a de que os sistemas públicos permanezan no ameto de xestión dos respectivos Estados, acompañados de “recomendacións” para a súa reforma debido aos “perigos que os ameazan” a corto e medio prazo. Actitude esta, coherente co modelo europeo

que se está construíndo, no que predominan os aspectos económicos a moita distancia dos sociais.

O que se percibe con respecto á Unión Europea en materia de pensións é a carencia dun modelo propio, de maneira que cada país ten o seu, que nalgúns deses países recen incorporados á Unión adoptáronse modelos de capita-

O s sistemas públicos de seguridade social, foron ate agora un sinal de identidade dos estados membros da Unión Europea, e do seu modelo de “Estado de Benestar”

lización privados, que están empezando a ser revisados con certa urxencia polos seus resultados negativos. As recomendacións ós estados membros van na liña da redución do gasto público, e aínda respectando formalmente ós sistemas públicos, advírtese “dos riscos aos que están sometidos”, e veñen a recomendarse en paralelo os incentivos aos sistemas de pensións privados.

Así, podemos estar camiñando cara un progresivo esvaecemento das identidades nacionais, que pasan a ser compartidas por outras entidades, con “sede administrativa coñecida” pero sen patria nin máis control que as leis do mercado. Entidades as que, cada quen, lle vai confiando en maior medida cada vez a súa “seguridade e protección para a vellez, os accidentes, as enfermidades ou para outras continxencias”. Deste xeito, ademais de aceptar o principio de que “o que é bo para o meu país, e bo para min”, acabaremos por admitir e compartir “que o bo para a compañía de seguros privada onde teño o meu fondo de pensións é bo para min”.

En realidade, estamos diante do gran debate sobre o papel dos Estados e das empresas multinacionais na sociedade actual, o seu papel nos mercados, os mecanismos de control dun poder cada vez máis concentrado, o mantemento dos principios democráticos, e a superación dos grandes riscos aos que estamos sometidos, como se puxeron de manifesto coa crise económica internacional que estamos padecendo. Uns riscos que están lonxe de ter sido superados. Contra poñer a defensa da liberdade e da democracia como esixencia de medidas de debilitación dos Estados pode ser un erro de consecuencias incalculables, e dun inmenso custo social.

As nosas pensións, un modelo seguro que debemos mellorar

José Antonio Gómez Gómez

Secretario Xeral de UGT-Galicia

No noso país existe un amplo consenso sobre o actual modelo de pensións, público e de reparto, o que, sen embargo, non impide que en ocasións se manifesten con dureza as demandas dos que preferirían un cambio de modelo cara un sistema de capitalización ou, alternativamente, unha máis grande extensión das pensións complementarias privadas fomentando para elo unha debilitación progresiva do modelo de pensións públicas.

A crise que estamos vivindo ten posto en evidencia a inmensa inxustiza de deixar á eventualidade dos mercados financeiros o núcleo principal da protección dos pensionistas. Na zona OCDE, e segundo os datos deste organismo, no ano 2008 as pensións privadas rexistraron unha perda real de preto do 20% do seu capital. Nalgúns países de América

Latina a crise financeira levouse en tan só doce meses o aforro de 6 anos dos fondos privados.

Resulta curioso que, despois do trompazo que a crise económica lle deu aos sistemas privados de pensións, algúns queiran centrar a atención exclusivamente no futuro das pensións públicas, cando nalgúns países que viron reformados estruturalmente os seus sistemas de pensións se demanda agora a volta a modelos anteriores de reparto ou, cando menos, a posta en práctica de fortes doses de solidariedade.

Parécenos inaceptable o alarmismo infundado e interesado sobre a viabilidade do noso sistema de pensións. Parécenos inaceptable xogar cos sentimentos de inseguridade da maioría da xente. Polos datos que coñecemos, non hai risco de déficit a curto prazo e, en calquera caso,

cómpre recordar que o Fondo de Reserva, cunha contía actual de 65.000 millóns de euros, ten como finalidade, precisamente, o equilibrio orzamentario en fases baixas do ciclo económico e, por último, temos que recordar tamén que é responsabilidade de todos transmitir confianza aos pensionistas actuais e futuros de que as súas pensións están aseguradas.

Compre volver a insistir na necesidade de separar as fontes de financiamento da Seguridade Social e, de xeito especial, recordar dúas das recomendacións que ao respecto se facían polo Pacto de Toledo en 1995 e se reiteraban en 2003.

A primeira referíase á necesidade de que os *complementos de mínimos* se financiasen mediante aportacións públicas. Pois ben, no 2008 financiáronse con cotizacións sociais máis de 3.700 millóns

A actual situación de crise debe servirmos para afianzar o modelo de protección social pública e, sobre todo, para resolver as carencias que a propia situación económica agudizou

de euros, é dicir, o 64% do importe total de ditos complementos.

A segunda recomendación di, textualmente, que a fiscalidade xeral *“debe facer fronte á bonificación nas cotizacións de contratos dirixidos a grupos de especial dificultade na busca de emprego, así como a aquelas actuacións que se leven a cabo en materia de anticipación da idade ordinaria de xubilación ou de axuda á sectores produtivos”*. É dicir, que bonificacións de determinados contratos de traballo e prexubilacións deben financiarse mediante recursos fiscais.

A actual situación de crise debe servirmos para afianzar o modelo de protección social pública e, sobre todo, para resolver aquelas carencias máis notables en materia de protección social, que a propia situación económica agudizou.

En primeiro lugar, a protección por desemprego. Segundo os datos do Ministerio de Traballo, referidos ao mes de setembro deste ano, en Galicia os desempregados sen cobertura ascendían a 73.700, o que representa un 37% dos desempregados, é dicir, que preto de 40 de cada cen non teñen cobertura. É de esperar que a extensión do subsidio dos 420 euros axude a ir paliando en parte esta grave realidade.

En calquera caso, o desemprego é, sen dúbida, o risco social máis importante na actualidade e a súa gravidade vese

acentuada pola inexistencia de mecanismos suficientes, a pesar dos esforzos recentes, de garantía de rendas de subsistencia que corrixan as limitacións do seguro por desemprego, especialmente as relativas aos períodos mínimos que dan dereito ás prestacións e á duración e contía destas. Este risco intensifícase nos supostos de desemprego en familias con fillos a cargo, dada a insuficiente protección económica por fillo que concede a Seguridade Social, sen dúbida a menos xenerosa de Europa.

Esta situación de insuficiencia protectora non pode prolongarse eternamente, sendo por elo que Cándido Méndez, na súa comparecencia do pasado 13 de maio diante da Comisión non Permanente de Seguimento e Avaliación do Pacto de Toledo reclamou que se incluíra, entre as súas recomendacións próximas, as tres seguintes: en primeiro lugar, a necesidade de mellorar, por unha banda, as prestacións económicas e de servizos dirixidas ás familias con fillos e, por outra, da cobertura por desemprego. Igualmente, compre harmonizar e mellorar as rendas mínimas en coherencia e colaboración coas competencias das Comunidades Autónomas. Tamén, é necesario establecer mecanismos de coordinación entre administracións en orde á instauración de garantías de rendas cando se esgoten as prestacións e subsidios por desemprego.

Se a caída da fecundidade é un dos grandes problemas aos

que se enfrenta o sistema de pensións ao non garantir a substitución xeracional, situación esta en calquera caso moi matizada polo importante volume de inmigración recibida nos últimos anos, debe poñerse en marcha canto antes unha política social, coherente e seria, de protección ás familias que reduza os custes directos e indirectos de ter fillos, para que estas poidan exercer a liberdade de ter os fillos que desexen.

nidades para a súa promoción profesional, cando non en abandono definitivo ou temporal do mercado de traballo o que implica, tamén, unha mingua nos seus dereitos de seguridade social.

Se ben non ocultamos a nosa satisfacción polos avances que nestes últimos anos se produciron, especialmente por medio da Lei de Igualdade e outras reformas na Seguridade Social, é evidente que a protección das familias en España segue estando moi lonxe do que é común nos países máis avanzados de Europa.

dade de reducir as cotizacións empresariais á Seguridade Social, como chegou a propoñerse dende instancias gobernamentais. Resulta contradictorio sinalar un día o apoio ao sistema público de pensións, para ao día seguinte socavar a súa base financeira mediante a proposta de reducir as cotizacións e os impostos.

É obvio que para asegurar a viabilidade financeira da Seguridade Social caben dúas opcións: reducir a intensidade das súas prestacións, que sería a consecuencia inexorable de reducir os ingresos, ou incrementar os recursos. Dende a UGT rexeitamos a formulación que sitúa ás prioridades na redución da contía media das pensións.



Para a UGT a protección ás familias debe ter un dobre obxectivo: por un lado, a compensación económica polos gastos que supón o coidado dos fillos e, por outro, facer compatible a súa atención coa actividade laboral de homes e mulleres.

Na medida en que as responsabilidades familiares son asumidas fundamentalmente polas mulleres, elo tradúcese, en ausencia de servizos e dun marco laboral e social axeitados, nunha diminución das oportu-

No ámbito das pensións, ao reto demográfico únese o da crise económica coa súa consecuencia de redución do emprego e, polo tanto, dos ingresos por cotizacións. A pegada da crise sobre o mercado de traballo é fonda e aínda non coñecemos cal será a que deixe na protección social.

Neste contexto sería moi preocupante calquera posibili-

Reiteramos a nosa proposta de que se recupere a recomendación de 1995 do Pacto de Toledo de estudar novas fontes de financiamento da Seguridade Social, entre as que se atopaba aquela consistente en aplicar unha *"contribución universal sobre tódalas rendas"*, a imaxe da



Contribución Social Xeneralizada francesa, destinada únicamente ao financiamento de certas prestacións sociais, imposto que nese país se aplica á maior parte dos ingresos, sexa cal sexa a súa natureza: rendas profesionais, pensións e prestacións sociais, ingresos non salariais dos traballadores autónomos e ingresos patrimoniais e de inversión, entre outras. Sería un bo sinal para a opinión pública, indebidamente alarmada sobre a viabilidade das súas pensións futuras.

Seguimos defendendo que as pensións públicas deben contar con outras fontes de financiamento ademais dos ingresos por cotizacións. As achegas públicas ao financiamento da protección social en

España son das máis baixas da Unión Europea. Sendo que, ademais, con cotizacións, se seguen a financiar prestacións que en puridade deberían financiarse mediante recursos públicos. Referímonos, en concreto, ás bonificacións ao emprego que no 2007, por exemplo, supuxeron en torno a 3.500 millóns de euros, o equivalente a 1'3 puntos de cotización.

Para concretar, no relativo ás pensións paso a expoñer algúns criterios que considero importantes:

1.- Para reforzar o consenso social e por coherencia, é necesario dar satisfacción a cousas acordadas no ano 2006, aínda

non cumpridas. En concreto, á integración dos traballadores agrarios por conta allea no Réxime Xeral e á reforma do Réxime de Empregados do Fogar. Deben abordarse, igualmente, aqueles compromisos relativos ao procedemento xeral para rebaixar a idade de xubilación en sectores con alta sinistralidade, así como ás condicións de xubilación anticipada e parcial dos empregados públicos e persoal estatutario dos servizos de saúde.

2.- A idade de xubilación non é o principal problema que ten o noso sistema de pensións, dado que, pola forte penalización da xubilación anticipada, a media sitúase en 63 anos e 10 meses, moi superior á de moitos países europeos.

As propostas de aumentar a idade legal de xubilación, é dicir, traballar máis tempo para recibir a mesma pensión que na actualidade, suporía, en realidade, unha redución adicional das pensións para aqueles asegurados que non poidan seguir traballando a partir de certos anos, xeralmente os peor situados no mercado de traballo.

Debe seguir fomentándose a prolongación voluntaria da vida laboral e buscar outros mecanismos para incentivar que a idade

media de xubilación se achegue máis aos 65 anos, situando o eixo das políticas non no traballador senón nas empresas, mediante o reforzo das políticas activas dirixidas a aumentar o emprego dos traballadores de idade, mediante a mellora das condicións laborais e a adecuación dos postos, e a través do reforzamento da protección contra o despido destes colectivos e contra a discriminación por razóns de idade.

3.- En relación á revalorización das pensións, é preciso recordar que, entre as recomendacións do Pacto de Toledo de 2003, atopábase aquela de que as ganancias de poder adquisitivo que se deriven dunha inflación real inferior á prevista se consoliden con carácter permanente. Dado o actual nivel de pensións mínimas, aínda que notablemente superior ao de fai algúns anos, estas deben seguir mellorando co fin de situalas por enriba do limiar da pobreza.

4.- En canto ás bases de cotización, a día de hoxe, o 24% dos afiliados, máis de 4.200.000, cotizan ben por bases únicas e mínimas (os traballadores agrarios e os empregados do fogar) ou ben poden elixir a base pola que cotizan (os traballadores autónomos), moi próxima á base mínima dese



réxime. Polo tanto, debe seguir sendo un obxectivo prioritario xerar bases de cotizacións máis amplas que redunden nunhas mellores prestacións. Na mesma orde de cousas, debe reformularse a actualización das bases máximas de cotización, cando menos seguindo os criterios fixados nos acordos do ano 2006 e, de ser posible, con máis intensidade, xa que a non incorporación dos incrementos de produtividade na actualización supón un menor esforzo contributivo por parte das rendas mais altas.

5.- Cómpre prestar especial atención aos traballadores peor situados no mercado de traballo, co fin de mellorar os seus dereitos futuros, especialmente os traballadores de maior idade expulsados

prematuramente do mercado de traballo, así como aqueles outros con contratos precarios, concretamente os de tempo parcial. A pesar das melloras incorporadas mediante o acordo de 1998 sobre traballo a tempo parcial e fomento da súa estabilidade, este tipo de contrato, do que mais do 79% dos ocupados nesta modalidade son mulleres, está dobremente penalizado respecto das prestacións da Seguridade Social, pola aplicación do principio da dobre proporcionalidade, loxicamente na determinación da base reguladora ao ser menores os seus salarios, pero tamén nos períodos de carencia para o acceso ás prestacións.

6.- No tocante ás pensións complementarias, non convén esquecer que

U*nha sociedade como a española non pode permitirse o actual volume de desemprego, pero tampouco pode soportar un modelo laboral baseado na precariedade*

o seu obxectivo é complementar as prestacións dun sistema público, obrigatorio, xeral e solvente. Por razóns diversas, o 82'4% dos partícipes nos fondos de pensións son da modalidade individual, ao idearse estas máis coma un produto financeiro, utilizado para obter beneficios fiscais, que como dispositivo de previsión para complementar a pensión futura. Debe mellorarse o tratamento dos sistemas colectivos fronte aos individuais, potenciarse os sistemas de aforro finalistas fronte ao aforro xeneralista e favorecerse as prestacións que mellor se adapten ás do sistema público, é dicir, en forma de renda, fronte ás que permiten o consumo inmediato do aforro xerado. En definitiva, deben potenciarse os aspectos sociais fronte aos simplemente económicos.

Para desenvolver estes criterios é preciso abordar reformas normativas que busquen a extensión dos sistemas complementarios de emprego a través da negociación colectiva. Tamén é necesario adaptar a xestión dos fondos comprometidos ás novas circunstancias dos mercados financeiros, reorientando as inversións cara activos máis seguros e reformando os criterios de valoración para reducir os efectos das flutuacións financeiras. Dende o punto de vista do apoio institucional, débense reordenar os incentivos fiscais

para potenciar os instrumentos colectivos sobre os individuais.

Pero, aparte do reto demográfico e da crise, existe un desafío máis ao que debemos prestar moitísima atención e non é outro que o cambio de modelo produtivo, que os sindicatos nos temos formulado como prioridade. Unha sociedade como a española non pode permitirse o actual volume de desemprego, pero tampouco pode soportar un modelo laboral baseado na precariedade, no que un de cada tres traballadores ten un contrato temporal, que fai do emprego a principal variable de axuste do sistema económico e cunha proporción de baixos salarios moi superior á do noso entorno, o que ademais de enormemente inxusto, distorsiona o sistema produtivo e o da Seguridade Social.

Tampouco é de recibo que, diante da actual situación de crise, dende certos sectores se insista nas mesmas receitas que fixeron do mercado laboral español un dos máis desregulados de Europa, como o demostra o forte ritmo de destrución de emprego.

A opinión dos axentes sociais galegos: CEG, UGT, CC.OO e CIG

Cando se reclaman cambios e reformas no sistema de pensións en España, e no seo do Pacto de Toledo sucédense as comparecencias para levar a cabo unha avaliación dos resultados habidos, e no seu caso, elaborar novas recomendacións ao Goberno e ao Parlamento sobre esta materia, é importante coñecer o que pensan ao respecto dende Galicia, tanto a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), como os tres sindicatos máis representativos (UGT, CC.OO., e CIG). Para elo enviamos un cuestionario con nove preguntas referidas a algunhas das principais cuestións que se están debatendo. Estas son as súas respostas:



José Antonio Neira

Director de Relacións Laborais da Confederación de Empresarios de Galicia

1.- Considera vostede que está en perigo o sistema público de pensións en España?

Na actualidade, o sistema goza de boa saúde. Non obstante, debemos mirar sempre á fronte para asegurar a súa sustentabilidade e adiantarse a futuras ameazas, entre as que destacaría a evolución demográfica. De acordo coas proxeccións de Eurostat, a taxa de dependencia, de aquí ata o ano 2050, duplicarase.

2.- Ve necesaria unha suba da contía das pensións mínimas e da pensión media? Considérao factible a curto prazo?

Dada a conxuntura económica que atravesamos, convén aplicar certa cautela na suba das pensións pois é unha medida na que hai que ter en conta a evolución do emprego, da produtividade e do desenvolvemento da economía. A teor das previsións

que se manexan nestes ámbitos, o marco actual non parece o máis favorable.

3.- Debe atrasarse a actual idade de xubilación?

Consideramos que debe propiciarse un debate sobre esta medida, posto que xa se produciu noutros países. En Alemaña, por exemplo, aprobouse un incremento gradual da idade de xubilación desde os 65 ata os 67

anos. Claro está, unha medida deste tipo debe asentarse sobre o diálogo social e promoverse sobre bases negociadas. Cabe traer a colación que xa no Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social, asinado o 13 de xullo de 2006, adoptábanse medidas que incentivaban a prolongación voluntaria da vida laboral, en liña coas orientacións da Unión Europea e doutros organismos internacionais. Todo iso, sen prexuízo de seguir pactando, vía negociación colectiva, as idades obrigatorias de xubilación como medida de fomento de emprego.

4.- Debe ampliarse a máis de 15 anos o actual período de cálculo para establecer a base reguladora da pensión?

Neste ámbito, a CEG é partidaria de medidas que reforcen o principio de contributividade e de proporcionalidade, co obxectivo de facer máis sustentable e viable desde o punto de vista financeiro o sistema a medio e a longo prazo. A ampliación do período de cotización para o cálculo da base reguladora pode axudar a incrementar a solidez do sistema. Non obstante, parece necesario abordar un debate, ao igual que se realizou en Francia, onde se pasou de tomar 10 anos a incluír 25 anos. Mesmo nalgúns países, aumentou o período de cálculo á totalidade da vida laboral.

5. - A base mínima de cotización é de 728,10 euros mensuais. Considera que debe incrementarse

nos próximos anos por enriba do IPC?

Non son aconsellables incrementos por enriba do IPC, pois xerarían unha secuencia de reaccións sobre o resto das bases, e repercutirían nos custos empresariais. Polo tanto, minguaría a competitividade empresarial, que afectaría ao tecido produtivo máis intensivo en man de obra. Ademais, un incremento nesta liña produciría tamén efectos negativos sobre o emprego.

6. - A base de cotización máxima sitúase nos 3166,20 euros ao mes. Considera que debe superarse este tope aumentando por enriba do IPC nos próximos anos?

Non. De feito, no Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social asinado o 13 de xullo de 2006 sinalábase que a base máxima de cotización evolucionará conforme á variación real do IPC. Os argumentos neste sentido son idénticos aos da base mínima. En todo caso, a evolución das cotizacións sociais debe realizarse dentro dun marco xeral que asegure a competitividade das empresas españolas, a xeración de emprego, a evolución da afiliación e o desenvolvemento económico.

7. - A contía das pensións en Galicia está por debaixo da media española. A que cre que se debe?

Un dos factores que explican esta circunstancia é o peso que manteñen na nosa comunidade

autónoma certos sectores nos que se cotiza pola base mínima ou polo período mínimo, como é o caso das pensións do sector agrario ou da especialización en sectores de gran preponderancia de autónomos.

8. - España ten un gasto público en pensións dos máis baixos da Unión Europea, como valora este feito? Que se pode facer para superar este déficit?

É necesario abordar con prudencia un incremento no gasto público de pensións, dado que, insisto, débense ter en conta a evolución do emprego e da afiliación, o desenvolvemento do tecido produtivo e a propia sustentabilidade do sistema.

9. - Con carácter xeral, que outras medidas propoñen desde a súa organización en materia de pensións?

Continuar avanzando, a través do Diálogo Social, nos procesos de reforma xa iniciados, dado que os resultados en materia de Seguridade Social se alcanzan tras longos períodos de aplicación das medidas acordadas. Nun plano máis concreto, conviría reforzar o principio de contributividade, potenciar as medidas de control e racionalización da prestación de incapacidade temporal por continxencias comúns; aplicar excedentes á redución de cotizacións sociais empresariais e promover as necesarias reformas do marco regulador da previsión social complementaria.



Galicia

M^a Carmen Brea Iglesias

Secretaría de Servizos Sociais e Políticas de
Igualdade de UGT – Galicia.

1.- Considera vostede que está en perigo o Sistema Público de Pensións en España?

Para UGT Galicia o sistema público de pensións é solvente, sólido e ten garantías de presente e de futuro. Solicitamos que o debate non sexa como recortar o gasto, senón como aumentar os ingresos públicos para reforzar ese sistema. Ademais as análises que pretenden xustificar o recorte fano en base a previsións a 40 ou 50 anos que, ao noso xuízo, son só proxeccións que están sometidas a erros de apreciación (téñase en conta que en 1995 dicíase que en cinco anos ía quebrar o sistema e agora hai superávit). Cuestionase o sistema público de pensións por medio de estudos que non recollen o incremento da produtividade.

Os argumentos que se empregan para cuestionar a viabilidade das pensións non teñen peso. Para apoiar as súas propostas faise referencia a un estudo da Comisión Europea que sinala que o gasto público en pensións aumentará moito máis en España que na Unión Europea. Segundo ese informe, España, que destinaba

o 8'4% do PIB á xubilación no 2008, subirá esta porcentaxe ata o 15'1% do PIB no ano 2060, cifra que o estudo considera excesiva. Pero, por moi lóxico e razoable que pareza, este argumento é profundamente erróneo. É fácil demostralo. Supoñamos, pois, que o crecemento anual da produtividade é dun 1'5% (unha cifra razoable utilizada ata polo Banco de España) durante o período 2007-2060. Neste suposto, o PIB do ano 2060 sería 2'25 veces maior que o PIB do ano 2008. O que isto quere dicir é que, se consideramos o valor do PIB do ano 2008 como 100, o valor do PIB no ano 2060 será de 225.

Por expresalo máis claramente e sobre a base dos datos que proporciona Eurostat, ¿Por qué nestes momentos Italia pode manter un gasto en pensións do 14'7% do seu PIB, Austria e Alemaña do 14%, ou Portugal do 13% e España non pode chegar a soste-ter esa porcentaxe en 2060 cando se supón que para entón a nosa renda nacional será superior á de case todos ese países? ¿Por qué o gasto medio en pensións na Unión Europea de 27 membros é do 12'4% do PIB e esas porcenta-

xes non se consideran insostibles nestes momentos e si se consideran para o caso de España onde o gasto en pensións non chega o 9% do PIB?

Outro erro é non considerar o aumento da poboación que traballa como solución á posible diminución de fondos das cotizacións sociais. Se España tivese a taxa de participación da muller no mercado de traballo que ten Suecia habería 3 millóns máis de traballadoras pagando impostos e cotizando á Seguridade Social. Por iso é polo que investir en escolas de infancia e servizos domiciliarios que axudan á integración da muller ao mercado de traballo é un investimento público de gran calado que os economistas do goberno español (a maioría homes de clase media alta) non captaran ata hai pouco.

Pero o maior erro que os Srs. Fernández Ordóñez, o sector financeiro e o Partido Popular cometen, é asumir que o sistema de pensións pode colapsarse por falta de cotizacións sociais. O sistema de pensións é un dos programas públicos mais populares de calquera país entre a poboación adulta. Os intentos errados de moitos analistas que intentaron

substituír a loita de clases pola loita de xeracións fracasaron, pois as pensións son a garantía de estabilidade para os pensionistas de hoxe e os seus fillos. Se as cotizacións sociais non fosen suficientes no ano 2060 (e non hai evidencia que indique que non o serán), o Estado podería financiarlas directamente con impostos (como xa fan moitos países europeos), co cal o que fosen ou non viables non é unha cuestión económica, senón política. É máis que dubidoso que o programa máis popular existente hoxe nas nosas sociedades deixase de apoiarse publicamente.

O futuro das pensións ten unha ameaza que non é outra que o alarmismo dende o interese por vender plans privados. Coa crise o que se demostra é que quen falla non é o sistema público de pensións, senón que foron os fondos privados, que rexistraron unha perda media dun 20% do seu capital por mor da actual conxuntura económica.

2.- Ve necesaria unha subida da contía das pensións mínimas e da pensión media? Considérao factible a medio prazo?

Na actualidade é imprescindible incrementar o poder adquisitivo dos colectivos máis vulnerables. Non podemos esquecer que en Galicia as porcentaxes de pensións que perciben complementos a mínimos son moito máis elevados que no conxunto do Estado.

Garantindo incrementos

suficientes destas rendas baixas mellórase o consumo e a actividade económica.

A subida das pensións medias, se é porque hai unha mellora das pensións máis baixas e medias, é unha das reivindicacións da nosa organización. Agora ben, o aumento da pensión media non pode vir dada por unha mala distribución da renda que prexudique ás rendas medias a favor dun maior peso das máis altas.

3.- Debe atrasarse a actual idade de xubilación?

O atraso da idade de xubilación é enormemente regresivo a nivel social, pois a saúde dos traballadores e traballadoras depende tamén da súa clase social. As persoas que están na decila superior de renda en España viven dez anos máis que as que pertencen á decila inferior. E iso débese a que o nivel de saúde é moito mellor no primeiro que no segundo grupo. As mulleres de limpeza do Banco de España teñen ós sesenta anos o mesmo nivel de saúde que un Gobernador de tal Banco que ten setenta. Por iso, pedirlle ás clases populares que traballen aínda dous anos máis (algúns ate piden cinco anos máis) para pagar as pensións das persoas de rendas superiores que vivirán moitos anos máis é unha enorme inxustiza.

Por outra banda, a idade real de xubilación en España está nos 64 anos, sendo unha das máis elevadas da UE.

Tendo en conta iso, o debate non debe centrarse en atrasar a idade de xubilación, senón en loitar por unha maior incorporación de colectivos ó mercado laboral, maior incorporación das mulleres, impedir o abandono do colectivo de máis de 55 anos (as taxas de inactividade deste colectivo son elevadísimas), un tratamento máis racional das prexubilacións, etc. É dicir, ten que ampliarse o colectivo dos traballadores.

4.- Debe ampliarse a máis de 15 anos o actual período de cálculo para establecer a base reguladora da pensión?

Este debate para a UGT ten que ser negociado no ámbito do diálogo social, mediante unha reforma global e non con iniciativas illadas na actualidade ao requisito dos 15 anos, cuestión que non dá resposta a un cómputo real, efectivo. Na actualidade hai titulares que incluso cotizando os quince anos esixidos non acadan a pensión mínima e tense que complementar.

5.- A base mínima de cotización é de 728'10 euros mensuais. Considera que debe incrementarse nos vindeiros anos por enriba do IPC?

Na actualidade hai moitos traballadores galegos que están cotizando por unha base que é superior ao seu salario. O esforzo daqueles que cotizan polas bases mínimas é considerable. Velaquí a diferenza, que no caso da máxima, e comparándoa co

país veciño, Francia, onde a base mínima é a equivalente o SMI 1.333, en España está 104 por riba do SMI.

6.- A base de cotización máxima sitúase nos 3.166'20 euros ao mes. Considera que debe superarse este tope aumentando por riba do IPC nos vindeiros anos?

Se ben as bases máximas de cotización nos últimos anos veñen medrando un punto sobre a previsión de inflación, creceron menos que a inflación real, o que supón un menor esforzo contributivo por parte das rendas máis altas. De 1.990 a 2005, por exemplo, a base máxima de cotización medrou un 60%, mentres que o IPC o fixo un 70%. En calquera caso, dicir que, paradoxicamente, a base máxima permitida está por riba da media europea. Por exemplo, en Francia o tope permitido é de 2.852 euros. Atendendo a estas cifras, considero excesiva a diferenza existente entre a mínima e a máxima.

7.- A contía das pensións en Galicia está por debaixo da media española. A que cree que se debe?

En Galicia sóese dar resposta a esta cuestión co argumento de que na comunidade galega o peso das pensións procedentes do réxime agrario por conta propia tiran fortemente á baixa a pensión media. Con datos dos últimos anos, conséntase que ese diferencial no só se dá só por esa razón,

senón que incluso as pensións de xubilación procedentes do réxime xeral se están quedando atrás con respecto a media española. Isto é un claro reflexo dun mercado laboral feble, dun sistema produtivo baseado nos baixos salarios e dunha incorporación ao sistema de pensións de traballadores con bases de cotización baixas ou ben con poucos períodos cotizados debido ás dificultades de atopar emprego.

Pero ademais nesta CC.AA. hai moitos traballadores que desenvolvían a súa actividade na economía mergullada, en talleres de confección, como coidadores informais de nenos e familiares, no mar ou no agro, entre outras actividades. Ese traballo fai que as pensións aínda sexan máis baixas e, en moitos supostos, soamente acceden á pensión non contributiva.

8.- España ten un gasto público en Pensións dos máis baixos da Unión Europea. Como valora este feito? Que se pode facer para superar este déficit?

Como xa comentei anteriormente, España dedica ás pensións o 8'4% do seu PIB, cando a media dos 27 estados membros da UE é do 12'4%. Neste sentido dáse unha situación similar co gasto social en xeral. Por exemplo:

- Os países europeos destinan á cobertura da dependencia un 1'24%, mentres que España dedica o 0'55.

- O gasto público total en España é inferior ao 39% do PIB. En cambio, en Suecia é superior ao 52%, e na Europa-15 é do 46%.

- Dos 27 países membros da UE, só oito financian as súas pensións exclusivamente mediante cotizacións, e España é un deles.

Isto ten moito que ver con que a presión fiscal en España é a máis baixa da Europa dos 15.

En UGT seguimos defendendo que as pensións públicas teñen que contar con outras fontes de financiamento e no só dos ingresos por cotizacións. Na actualidade as achegas públicas ao financiamento da protección social en España son das máis baixas da UE. Pero no so iso, xa que se da a situación de que existen prestacións que se financian mediante cotizacións cando deberían financiarse mediante recursos públicos.

9.- Con carácter xeral, que outras medidas propoñen dende a súa organización en materia de pensións?

- Se o gran reto da economía española é o cambio de modelo produtivo e a mellora da cohesión social, un dos instrumentos imprescindibles para facilitar tal obxectivo é a mellora da protección social, o que debe implicar un maior esforzo de gasto social, aínda hoxe moi afastado da media europea.

• O impacto favorable dunha protección social avanzada sobre o benestar individual e colectivo é evidente. En primeiro lugar, porque contribúe ao aumento e estabilización de demanda e a favorecer a especialización da economía cara a sectores de maior produtividade. En segundo lugar, porque atenua o conflito social e reduce as desigualdades sociais, o que, ao cabo, redonda nun maior progreso económico. En terceiro lugar, porque certos servizos de benestar social, especialmente os de carácter sociosanitario e educativos, son moi intensivos en man de obra.

• Os principais obxectivos da nosa organización son, polo tanto, o afianzamento e reforzo desas conquistas sociais, a mellora na cobertura das necesidades sociais peor cubertas na actualidade, especialmente as prestacións dirixidas ás familias, e a consolidación e adaptación do noso sistema de protección social para que as súas prestacións sexan adecuadas, viables e seguras a longo prazo.

• As pensións mínimas teñen que seguir incrementándose por riba da inflación e con maior intensidade naqueles fogares con cónxuxe a cargo e naqueles outros constituídos por unha persoa soa.

• Temos que loitar por que se manteña o complemento anual de 200 euros para pensións non contributivas acadado no “Acordo pola Competitividade”, asinado co bipartito, que intenta garantir o mantemento da capacidade adquisitiva da poboación pensionista. Desde a nosa organización consideramos que é preciso, non só alongar esa axuda no tempo mais aló da vixencia que se estipula no Acordo, senón que compre ampliar a súa contía, que cremos de todo insuficiente, para poder así garantir o poder adquisitivo daqueles que perciben pensións por debaixo do SMI.



comisións obreiras

1. Considera vostede que está en perigo o sistema público de pensións en España?

Non. O noso sistema público de pensións goza dunha saúde excelente, mesmo a pesar do momento de crise económica que vivimos. Isto débese, entre outras razóns, ao acordo social previo ao que se somete calquera reforma que precise o sistema e a que está demostrado que os sistemas públicos de repartición, como é o noso, son moito máis estables en momentos de dificultade económica fronte a outros modelos como de capitalización privada.

Para velo cun exemplo, nun contexto de crise como o actual, os sistemas públicos de repartición son capaces de ir mellorando o poder adquisitivo das pensións máis baixas (que corresponden ás dos traballadores con menos recursos), mentres que os países con sistemas de capitalización privada viron como nos últimos anos os seus pensionistas perderon o 30% do valor dos seus activos, é dicir, os seus pensionistas perderon o 30% do valor das súas pensións.

2. Ve necesaria unha suba da contía das pensións mínimas e da pensión media?

A boa saúde do noso sistema de pensións non debe facernos esquecer que aínda nos queda moito que mellorar. O caso máis evidente é o das pensións máis baixas. O obxectivo dun sistema de pensións é concederlles unha renda coa que poder vivir con dignidade ás persoas que, pola súa idade ou outras circunstancias, xa non poden traballar. E en España aínda temos máis de tres millóns de pensións inferiores aos 600 euros, así que é evidente a necesidade de incrementar as pensións mínimas para que estes pensionistas poidan vivir con dignidade. En CC OO coidamos que debería facerse un especial esforzo na suba de pensións mínimas, especialmente cando os beneficiarios destas sexan persoas que viven soas e que teñen a pensión como única fonte de ingresos.

Respecto á pensión media, mellorou considerablemente nos últimos anos, froito, sobre todo, da mellora das condicións de traballo e

salario que se conseguiron no noso mercado laboral. Como exemplo abonda con sinalar que a pensión de xubilación media en España é hoxe de 850 euros, pero os traballadores que se están xubilando este ano teñen unha pensión media de 1000 euros. Sen dúbida, a mellor reforma que podemos facer no noso sistema de pensións para ter unhas mellores pensións no futuro é incrementar a calidade do emprego e os salarios de hoxe.

3. Debe atrasarse a actual idade de xubilación?

En CC. OO. non cremos que sexa unha prioridade atrasar a idade legal de xubilación. En todo caso, como partidarios de crear mecanismos que incentiven a «xubilación flexible», de xeito que quen queira seguir traballando máis alá dos 65 anos poida facelo e, ao mesmo tempo, aqueloutros traballadores cun emprego especialmente penoso ou que, sinxelamente, xa teñan unha carreira de cotización moi grande, poidan acceder libremente á xubilación anticipada. En ámbolos casos, os coeficientes bonificadores ou

correctores, segundo os casos, poderían garantir plenamente o acceso ao dereito á xubilación sen poñer en perigo o equilibrio do sistema de pensións.

4. Debe ampliarse a máis de 15 anos o actual período de cálculo para establecer a base reguladora da pensión?

Este é un tema moi delicado e no que é moi difícil atopar o punto de equilibrio que garanta unha solución xusta para tódolos casos. Encontrámonos, por exemplo, que as persoas que con máis de 50 anos perden o emprego ao cabo dunha longa vida laboral e os últimos anos transitan entre o desemprego e os subsidios ven penalizada a súa pensión precisamente por ter en conta só os últimos 15 anos. Pero tamén poderíamos mencionar casos radicalmente contrarios a este. A solución, en todo caso, debería pasar por un acordo social amplo no marco do Pacto de Toledo, que é a mellor fórmula de que dispoñemos para preservar a boa saúde do noso sistema de pensións.

5. A base mínima de cotización é de 728,10 euros mensuais. Considera que debe incrementarse nos anos vindeiros por encima do IPC?

A base mínima de cotización resulta dunha fórmula matemática que se aplica

sobre a base do salario mínimo interprofesional (SMI + 1/6). A mellor forma de incrementar a base mínima de cotización é, polo tanto, incrementar o salario mínimo. Canto maior sexa a base de cotización, máis recursos terá o sistema de seguridade social, mellor poderán atenderse as necesidades dos pensionistas actuais e máis altas serán as pensións dos traballadores actuais.

6. A base de cotización máxima sitúase en 3.166,20 euros ao mes. Considera que debe superarse este tope aumentando por riba do IPC?

A idea de establecer unha base máxima de cotización naceu no noso país coa posta en marcha do sistema de seguridade social, na crenza de que o sistema público de pensións debía fixar tamén unha pensión máxima. Quizais este sexa un bo momento para detérmonos a estudar como mudou a estrutura salarial do noso país desde aquela e ver se as contías de ambos os conceptos seguen estando aínda vixentes ou, en todo caso, se cabe ir acomodándose aos tempos actuais.

7. España ten un gasto público en pensións dos máis baixos da UE. Como valora este feito? Que se pode facer para alcanzar ao resto dos países do noso contorno?

España está na cola da UE, non só en gasto público en pensións, senón en xeral en tódolos conceptos de gasto social. O problema real de fondo non é só de vontade política senón, en parte tamén, de falta de recursos financeiros. España arrastra con respecto á UE-15 unha presión fiscal máis baixa en 7% do PIB, que é precisamente o mesmo diferencial que temos cos mesmos países en gasto social. Se queremos ter un gasto social como o dos países nórdicos, debemos ter uns impostos como os que eles teñen e a vontade de gastalos no que a xente necesita.



Confederación Intersindical Galega

1º.- ¿Considera vostede que está en perigo o Sistema Público de Pensións en España?

Non está en perigo en canto á súa viabilidade financeira, xa que debe ser unha prioridade no gasto público, sacar doutras partidas para alimentar esta se fose preciso, pero si que está ameazado polo interese do neoliberalismo de transferir os recursos públicos ao dominio privado.

2º.- ¿Ve necesaria unha subida da contía das pensións mínimas e da pensión media?

É necesaria unha subida das pensións mínimas e medias ate acadar unha cantidade digna, que permita unha independencia persoal. Na actualidade debemos recoñecer a precariedade financeira de todas aquelas persoas con pensións mínimas e medias.

3º.- ¿Debe atrasarse a actual idade de xubilación?

Non debe atrasarse porque non condiciona a sostenibilidade do sistema tal e como comento na primeira resposta. Entendo que debería antici-

parse por Sectores concretos con actividades de alta intensidade produtiva e de sobreesforzo, como certas actividades siderometalúrxicas ou mesmo a construción.

4º.- ¿Debe ampliarse a máis de 15 anos o actual período de cálculo para establecer a base reguladora da pensión?

Non debe ampliarse pola dificultade actual de sumar cotizacións, pola incidencia da eventualidade, dos contratos parciais e pola alta porcentaxe de parados de alta duración.

5º.- A base mínima de cotización é de 728'10 euros mensuais ¿Considera que debe incrementarse nos vindeiros anos por enriba do IPC?

Debe incrementarse sempre que falamos de pensións mínimas, e porque ademais o cálculo xa está penalizado polos baixos salarios e pola dificultade de manter estable unha cotización pola permanencia no traballo. Debe incrementarse por encima do IPC.

6º.- A base de cotización máxima sitúase nos 3.166'20

euros ao mes ¿Considera que debe superarse este tope aumentando por enriba do IPC nos vindeiros anos?

Entendo que non debe incrementarse por encima do IPC, se non estaríamos premiando os salarios mais altos que sempre suben máis polo efecto da aplicación porcentual sobre cantidades máis altas. Debe racionalizarse acurtando as distancias entre as mínimas e as máximas.

7º.- A contía das pensións en Galicia está por debaixo da media española ¿A que cree que se debe?

Dous factores inciden nisto. As retribucións son menores e os conceptos cotizables tamén. A maiores a taxa de eventualidade é maior e a media de anos cotizados queda afectada por esta precariedade.

8º.- España ten un gasto público en pensións dos mais baixos da Unión Europea ¿Cómo valora este feito? ¿Qué se pode facer para superar este déficit?

Está asociado aos factores comentados anteriormente, á influencia dos niveis salariais e

á alta taxa de eventualidade. Evidentemente a corrección nas pensións mínimas e medias compensaría en parte esta situación e como actuación política debería modificarse o réxime de contratación temporal. Como sindicatos deberíamos modificar as demandas salariais sempre ligadas ao IPC, que mantén criterios porcentuais e que ademais penaliza na súa medición o impacto da inflación nas rendas máis baixas.

**9º.- Con carácter xeral
¿Qué outras medidas
propoñen dende a súa orga-
nización en materia de pen-
sións?**

Basicamente as propostas están recollidas nos comentarios anteriores, pero fundamentalmente debe defenderse o mantemento da actual Cobertura Pública, sen penalizar o acceso e as cantidades, e na tendencia de mellorar as prestacións mínimas e facelas máis dignas.

ARCHIVO
HISTORICO
Buenos Aires

A Unión Obreira Galaico Portuguesa, un antecedente do CSI Galicia Norte de Portugal

Emilio Garrido Moreira

Historiador

Dende o comezo da organización das primeiras sociedades de resistencia, en boa parte influenciadas polas teorías socialistas, os obreiros santiagueses viñan tropezando continuamente cun obstáculo á hora de levar adiante as súas reivindicacións diante dos patróns. Este inconveniente non era outro, que a chegada de obreiros procedentes do outro lado do Miño ás obras declaradas en folga, o que impedía o triunfo das demandas do proletariado santiagués, pois os mestres de obras conseguían, que os traballos seguisen adiante por medio da contratación de obreiros portugueses.

A chegada destes obreiros de Portugal para traballar nas obras da Universidade no ano 1898 ía incrementalo descontento dos canteiros que traballaban en Santiago, que convo-

can un mitin no edificio de San Agustín para tratar de solucionar o problema. A tensión que se vivía na cidade pola chegada dos traballadores portugueses pódese apreciar no informe que o Alcalde lle envía ao Gobernador da Coruña para darlle conta da situación cando sinala: *"Hay mucha excitación en los obreros por la venida de los de Portugal"*.

É neste contexto onde nace a idea de crear unha unión de obreiros galego – portugueses, para evitar este tipo de conflitos. Polo tanto, serán as sociedades de resistencia composteláns, no seus inicios baixo órbita socialista, as que convoquen as súas homólogas do norte de Portugal para a constitución dun Congreso Internacional. De feito, a Comisión Xestora formada para iniciar o proceso deste Congreso Internacional estableceu o seu domicilio nas terras composteláns, e quedou

composta por Nicolás Pardo Cernadas, Manuel Costas, José Mareque, Juan Puente, José S. Prot en calidade de secretario, e Constantino Nogueira que exercía o cargo de presidente.

A iniciativa recibiu o apoio da dirección da UGT en Madrid, de xeito que consta nas súas actas o seguinte: *"Quedó enterado el Comité de una hoja impresa enviada por las sociedades obreras de Santiago en la que éstas convocan a sus compañeros del norte de Portugal a un Congreso con el fin de acordar la mejor manera de practicar la solidaridad en el porvenir, evitando que ocupen unos u otros plazas vacantes de obreros que estén sosteniendo alguna huelga"*.

O entón semanario *EL SOCIALISTA*, no seu número de 30 de novembro de 1.900 tamén recolle a noticia:

"CONGRESO GALAICO PORTUGUÉS.- Por iniciativa de la Sección de Oficios Varios de Santiago, las Sociedades Obreras de este punto, convocan a todas las Sociedades de trabajadores de Galicia y del Norte de Portugal a un Congreso donde se estudien los medios de evitar que se recluten en el país vecino obreros que, cuando se declaren huelgas en Galicia, ocupen los puestos de los que abandonen el trabajo.

En la circular-convocatoria se encarece la importancia de la celebración de dicho Congreso, llamado a remediar el inmenso daño que a los trabajadores organizados de Galicia causa la insolidaridad de un buen número de obreros portugueses de los pueblos fronterizos que viven en el aislamiento, y se expresa la esperanza de que sus resultados serán beneficiosos para los trabajadores de un lado y de otro de la frontera, puesto que estrechará los lazos de solidaridad entre ellos.

Las sociedades convocantes estiman que el mejor punto para celebrar el Congreso es Tuy, por mas que se hallan dispuestos a aceptar el que designe la mayoría de las colectividades que tomen parte en él.

Celebraremos que el propósito que persiguen

las Sociedades obreras de Santiago lo consigan con esa Asamblea".

O 1 de decembro de 1900, un chamamento semellante publicase na Revista Blanca, dirixido "os traballadores asociados de Galicia e Portugal". Dende fai uns cantos anos, os traballadores galegos asociados, que utilizaban a folga como medida para conseguir melloras nas condicións de traballo, contemplaban como os mestres de obra substituían aos folguistas por traballadores sen afiliación procedentes de Portugal. O Manifesto finaliza cun chamamento: " Solidarios de una misma causa, víctimas de igual explotación, es nuestro deber marchar unidos, ayudamos mutuamente en la lucha entablada entre poderosos y oprimidos".

Tamén o periódico de carácter sindical "A OBRA" que se publicaba en Lisboa, farase eco do chamamento, publicando o anterior documento. O mesmo ocorre con "LA LUCHA", órgano do Partido Republicano Federal de Vigo, no número 13 correspondente a xaneiro de 1901.

I Congreso Galaico Portugués

Por fin, o 18 de xaneiro de 1901 o I Congreso Galaico Portugués inicia os seus traballos na localidade de Tui. En representación de 92 sociedades que suman 60.163 asociados, asisten 39 delegados, dos que trinta son de Galicia e nove

de Portugal, segundo informa o corresponsal de La Voz de Galicia.

Foi elixido Presidente do Congreso o delegado dos caniteiros e albaneis coruñeses, e destacado socialista da cidade herculina, José Rodríguez. Como Vicepresidente foi elixido Concepción Fernández, representante dos obreiros dos metais de Oporto. Obtiveron maioría de votos para secretarios: Bricio Serantes, de Ourense; Riveiro, de Oporto; Campos, de Pontevedra; e Lenha de Viana.

O primeiro no que coincidiron os congresistas, foi na circunstancia de que a chegada a Galicia de traballadores portugueses está ocasionada pola falta de organización e escaso salario de que gozan. Dos acordos destácase a promoción de propaganda societaria, o desenvolvemento das sociedades xa existentes e a creación e impulso doutras novas, ademais do intercambio de información puntual sobre as folgas en curso.

O día 19, o Congreso celebra a súa segunda sesión que tamén é de clausura, acto que tivo lugar no teatro da localidade, con asistencia de numerosísima concorrencia, entre a que figuraban moitas mulleres, segundo informa o citado diario de La Voz de Galicia. Para a posta en práctica das decisións adoptadas no Congreso, e da nacente "Unión Obreira Galaica Portuguesa", constitúese unha Comisión Internacional presidi-



Enrique Heraclio Botana,, significado socialista de Vigo e primeiro presidente da Comisión Internacional da Unión Obreira Galaico Portuguesa.

da polo vigués Enrique Heraclio Botana, con dúas seccións nacionais, por un mandato anual, situadas respectivamente en Vigo e Viana do Castelo, as cales deberán velar polo cumprimento das responsabilidades contraídas.

Enviouse un resumo das resolucións a tódalas sociedades que apoiaran a convocatoria, recibindo os congresistas o respaldo oficial da Unión Xeral de Traballadores de España e do Centro Socialista de Porto. Compoñen a Comisión galega con sede en Vigo, ademais de Enrique Heraclio Botana, catro

traballadores vigueses da construción: Jesús Blanco, Patricio Mosquera, Antonio Abeleira e Modesto Martínez. A Comisión portuguesa, que pasará a ter a súa sede en Viana do Castelo, intégrana: Manuel Costa Barbosa, Francisco Luís Barros, José Loureiro e os irmáns Ferreira.

Na sesión de clausura do Congreso, tódolos congresistas mostráronse dispostos a contribuír cun céntimo diario cada un á obra de propaganda emprendida. Nos días seguintes celebraríanse mitins para dar a coñecer as conclusións do

Congreso en Vigo, Ourense, Santiago e A Coruña, así como tamén en diversas localidades portuguesas.

II Congreso Galaico Portugués

No mes de abril de 1902 ten lugar en Viana do Castelo o II Congreso da Unión Obreira Galaico Portuguesa. Por Portugal asisten 19 delegados representando a 44 sociedades. Por Galicia os delegados son 16 en representación de 37 sociedades. Asisten un grande número de prensa socialista, así como algúns anarquistas. Foron numerosos os comunicados de adhesión de sociedades e periódicos.

As reunións de traballo deste congreso celebráronse nos locais do teatro de Sá de Miranda. Os delegados galegos que asistiron á convocatoria, facían en nome das sociedades de Vigo, Pontevedra, Baiona, Porriño, Santiago, Marín, Vilagarcía e a Guarda.

Este segundo congreso estivo presidido por Vitorino Ribeiro de Miranda que militaba na Federación de Porto, acompañado na Vicepresidencia polo galego Emilio Vilar. Os congresistas reunidos en Viana decidiron seguir mantendo o mesmo domicilio social para as comisións internacionais, é dicir, a de Galicia seguía estando en Vigo, e a do Norte de Portugal seguiría en Viana do Castelo, coa diferenza de que esta

localidade tivo dez votos en contra, que manifestaban a súa preferencia por establecer a sede da Comisión en Porto.

Os congresistas confirmaron inicialmente as decisións adoptadas no Congreso de Tui, considerando que a maneira mellor de estreitar os vínculos entre os traballadores de ambos países consistía en imitar o que as sociedades portuguesas acostumaban a organizar promovendo excursións de sociedades dunha a outra cidade propagando a solidariedade sindical. Así, no último día do Congreso de Viana do Castelo, centenaes de traballadores procedentes de Porto e Braga acudiron a confraternizar cos de Galicia, asistindo todos eles a un gran mitin de clausura.

Das decisións tomadas no congreso cabe salientar, por unha banda a decisión de fundar un xornal propio da Unión, aínda que nunca chegou a saír as rúas, e tamén se puxo de manifesto que era conveniente non convocar mais dunha folga ó mesmo tempo.

Como un logro sobresaínte deste segundo encontro, está sen dúbida, a elaboración dun regulamento polo cal se haberá de rexer en adiante a Unión Obreira Galaico Portuguesa. Así, establécese que o fin primordial da Unión é desenvolver o proceso societario. E, como resultado, dáse un firme apoio a unha Confederación Nacional de Obreiros Portugueses, así como a recomendación que se fai aos obreiros galegos para

que ingresen na Unión General de Trabajadores de España.

A elección do lugar para celebralo seguinte Congreso Galaico Portugués non estaría exento de discusión, saíndo triunfante a candidatura presentada por Braga fronte ás de Galicia e Porto.

III Congreso da Unión Obreira Galaico Portuguesa

En abril de 1903 ten lugar en Braga o III Congreso da Unión. O número de organizacións que participan segue sendo elevado, asistindo por Portugal 47 sociedades e 30 por Galicia, aínda que descendendo notablemente o número de obreiros representados, sendo nesta ocasión de 12.000, dos que 5.000 corresponden a Galicia. Estivo presidido polo portugués Xosé Baptista de Almeida.

Preocupa a forma de frear o aumento do paro e evitar a caída dos salarios. De novo afirmase a necesidade de reducir a xornada de traballo a oito horas, con arranxo ás resolucións acordadas pola Segunda Internacional e as súas organizacións ibéricas dende o Congreso de París en xullo de 1889. Os debates versaron, igualmente, sobre as reivindicacións dos dependentes de comercio, restaurantes e hoteis. A Comisión Internacional galega seguirá tendo a súa sede en

Vigo, pasando a presidila o dirixente local do Partido Socialista e da Sociedade de Canteiros e Marmoristas, José Araújo.

Neste congreso tomouse a decisión de convocar o próximo Congreso para setembro de 1904 en Pontevedra, e que a partir de entón os congresos da Unión se reunisen cada dous anos, pero sen abandonar por elo as actividades de propaganda sindical en ambas marxes do Miño. Con todo, o Congreso de Braga será o último celebrado pola Unión Obreira Galaico Portuguesa.

No número 20 de “La Revista Socialista” (Madrid, 26/X/1903), referíndose o movemento obreiro en Galicia, aparece unha colaboración de Botana (baixo o pseudónimo de Heracleo), que este envía no mes de marzo dende Vigo, onde podemos ler:

“En todas aquellas localidades donde existen dos o mas Sociedades obreras— y en esto las de Santiago discrepan de los anarquistas —, están constituidas en Federaciones Locales y algunas pertenecen además a la Unións General de Trabajadores, a las Federaciones nacionales de Tipógrafos y Artes Similares, de canteros y panaderos y a la Unión Galaico Portuguesa, organismo constituido hace tres años por los obreros gallegos y los del norte de Portugal, con el fin de estrechar los lazos de unión y solidaridad y evitar

por medio de la propaganda que las huelgas de los oficios de la construcción fueran traicionadas por los obreros lusitanos, como durante largo tiempo ocurrió, constituyendo esto uno de los mayores obstáculos con que ha tropezado el obrero gallego al dar sus primeros pasos en la organización”.

A Unión Obreira Galaico Portuguesa contribuíu a estreitar os lazos de solidariedade entre os obreiros de ambas beiras do Miño, e a partir de entón ese vínculo internacionalista terá continuación en diversos actos e ocasións. Como exemplo, e con motivo de cumprirse o II aniversario da proclamación da República en Portugal, o 5 de outubro de 1912 aparece repartido por toda a cidade de Vigo un panfleto coa lenda “A los amigos de la República Portuguesa”, e que firma “La Comisión”. Impreso en La Nueva Prensa – imprenta de Botana – sirve para anunciar que ese día reuniranse ás seis e media da tarde, na Federación de Traballadores, os portugueses e españois que firman o diploma pergamiño que, con ocasión de tan fausto acontecemento, dedican ao Goberno da República Portuguesa.

Sinalábase que o acto da entrega da homenaxe ás novas institucións do país irmán, quérese realizalo coa presenza do maior número posible de amigos da república Portuguesa, diante do Consulado de Portugal, e a ese efecto, invítalos a concorrer ao lugar indicado e á hora sinalada. Aquelas



O 25 de abril de 1974 a “Revolução dos cravos” rematou coa ditadura salazarista en Portugal

relacións dos obreiros galaico-portugueses perdurarán, de diversos modos, ao longo de moitos anos.

O Consello Sindical Interrexional (CSI)

Mais todo vai sufrir un dramático paréntese histórico. Durante 48 anos (1926 / 1974), Portugal sofre un longo período ditatorial, corporativista e carente de liberdades, que finaliza coa chamada “revolución dos caraveis” o 25 de abril de 1974. Case en paralelo (1936 / 1976) en España vívense 40 anos durísimos a consecuencia da guerra civil primeiro, e a posterior represión e exilio, no medio dunha férrea ditadura militar, que, como en Portugal, suprime as liberdades, e leva a cabo

unha implacable persecución das organizacións sindicais e políticas.

A dura persecución non impide que aínda na clandestinidade, sobre todo a partir da década dos anos sesenta, se retomen relacións e contactos encamiñados á reorganización de núcleos obreiros de resistencia e de loita, embrión das futuras novas organizacións dos traballadores, tanto en Portugal como en España.

Coa recuperación da democracia e das liberdades, e ao amparo da condición de sindicato fundador da Confederación Europea de Sindicatos (CES), a UGT intensifica a relación e os contactos coas novas organizacións sindicais portuguesas recen constituídas.



Seminario sobre Cooperación e Desenvolvemento Rexional celebrado en Baiona, unha das primeiras actividades do CSI Galicia Norte de Portugal

Das conversas mantidas sobre todo a partir do ano 1982, acábase constituíndo en 1984 o “Consello Sindical Interrexional (CSI) Galicia Norte de Portugal”, sendo o seu primeiro Presidente José Mota, da UGT de Portugal, e o seu primeiro Secretario Xeral, Xesús Mosquera, da UGT de Galicia. Os cargos de Presidente e Secretario Xeral serían rotativos entre ambas organizacións galega e portuguesa cada dous anos. O CSI, é un órgano estatutario da Confederación Europea de Sindicatos (CES), en cuxos congresos participa con dereito á voz, unha representación do mesmo.

Inicialmente, este Consello Sindical Interrexional estivo integrado unicamente pola UGT de Galicia e pola UGT do norte de Portugal, ao ser estas as únicas organizacións membros da CES. Ao incorporarse á

Confederación Europea ós sindicatos de CC.OO. por España, e da CGTP por Portugal, en 1995 tamén fan a súa incorporación ao “Consello Sindical Interrexional Galicia Norte de Portugal”, un organismo de crecente importancia na vida e actividade socioeconómica desta importante eurorrexión, e de cuxa constitución acábanse de cumprir os 25 anos.

Bibliografía:

Antonio Manuel Chaves Cuiñas, “La UGT de Vigo, una Aproximación Histórica”, 1998.

Emilio Garrido Moreira, “UGT Coruña, o Fogar das Esperanzas”, 2001; “O Sindicalismo Socialista en Compostela (1890 / 1936)”, 1999.

Roxelio Pérez Poza e Emilio Garrido Moreira, “Comprometidos co Presente e Sementando Futuro. UGT – Galicia 1979 / 2004”.

Discurso de Manuel Sarille Lanceiro pronunciado o 23 de agosto de 2003 no descubrimento do monolito en memoria dos fusilados en Montecubeiro no ano 1937

Manuel Sarille Lanceiro, naceu o 8 de maio de 1923 en Montecubeiro, Castroverde (Lugo). Faleceu aos 85 anos, o 25 de maio de 2008.

Con pouco máis de 12 anos, en setembro de 1935, ingresou nas Xuventudes Socialistas. O 14 de abril de 1936 participou nun mitín da República en Montecubeiro. Tralos sucesos de agosto de 1937, figurou nas listas de persoas a fusilar (si fusilaron á súa irmán Carmen Sarille Lanceiro, de 22 anos). En 1945 ingresou en Telégrafos por oposición. En 1976 ingresou no PSOE, sendo membro da súa executiva galega durante dous anos e do Comité Federal durante outros dous.

Señoras e señores: Tal día como hoxe, fai 66 anos, o 23 de Agosto de 1937, sobre as cinco da tarde, saíron polo portón do convento, que facía de prisión e cuartel xunto coa casa da Unión, aí enfronte, dous grupos de gardas civís e falanxistas levando con eles a un determinado grupo de persoas detidas. Un dos grupos ía mandado por un tenente da Garda Civil e dirixiuse cara o sur, polo camiño de San Adriano; o outro mandábalos o Capitán do mesmo corpo, Manuel Vilas Rodríguez, e foise cara o norte, camiño de Veiga. Cando regresaron a San Cibrao, xa de noite, deixaban mortos

nos camiños da parroquia ás seguintes persoas:

Virginia Meilán Varela, Antonio Pereira Calderón, Manuel Graña Rico, José Blanco García, José Veiga López e o militar José Palmeiro Valcárcel.

O día anterior, luns, nas primeiras horas da mañá, chegaron procedentes de Castroverde un grupo de Gardas Civís e Falanxistas, tomaron café na casa dun falanxista da zona, e fóronse á casa de Carlos Alvaredo, detiveron a Manuel López López, levárono polo camiño de San Adriano e asasinárono a 800 metros da súa

casa. Deulle o tiro de graza un coñecido galeno. Unha pantomima macabra reservada a execucións resultantes de consellos de guerra; isto era un asasinato ...

O día 24, sobre as once da mañá. Apareceron na casa de Sarille do Campo, aquí cerca, os Gardas Civís e Falanxistas, detiveron a Carmen Sarille Lanceiro e foron a matala no camiño da Mouríña, cerca da canteira do mesmo nome. Era créente, pediu confesarse, no lle deixaron.

O día 26, pasadas as cinco da tarde, mataron en Regos Anchós, cerca da Capela de

Santa Petronila, a Manuela Graña Rico, logo de que un sacerdote vestido con camisa azul e pistola ao cinto a confesara publicamente diante de toda aquela tropa de facinorosos, nunha especie de parodia carnavalesca. Xa morta, levárona diante da Santa, na capela, e alí a deixaron ate que foi levada ao cemiterio.

Estas dúas mozas, de 22 anos cada unha, foron violadas unha en vida e a outra morta.

O 1 de setembro, os falanxistas de Baleira autorizados, González Vallés, o Xefe de toda esta barbaridade, prenderon en San Bernabé (Baleira) o insigne Mestre Argimiro Rico Trabada, de 32 anos, subiron a cabalo del ate o alto da Serra da Ferradura e xunto ás penas de Villarín, xa en Montecubeiro, cortáronlle os testículos e fixéronllos comer, quitáronlle os ollos e cortáronlle a lingua; o resto desfixérono a paus e tiros de escopeta. Este home, como saben os que leron o libro "ARXIMIRO RICO, LUZ DOS HUMILDES", escrito polo profesor Narciso de Gabriel e polo meu fillo, que editei e distribuí eu mesmo, era unha fonte de cultura, os seus asasinados eran case todos analfabetos, os inspiradores non.

Días máis tarde, en Río de Osos, de nome histórico por certo, mataron unha mañá, case diante dos meus ollos, a Domingo Fernández Díaz. Non consta en ningún rexistro. Evaporouse.

O día 3 de outubro, no cami-

ño que de Cernada conduce a San Cibrao, nas Cruces, asasinaron a José Graña Rico. Era domingo de feira en Castroverde. Alguén trouxo a primeira hora o cadáver e colocouno enriba do muro de peche do cemiterio e alí estivo cuberto de moscas ate a noite en que foi enterrado.

E cando xa parecía que certa calma mortífera se instalara na parroquia apareceron días máis tarde os falanxistas de Baleira, mandados por un pai e o seu fillo, entraron aí de fronte na taberna de Pillado, beberon os falanxistas un "neto" de viño para entoarse mellor, marcharon cos dous rapaces que tiñan presos con eles, e fóronse ao punto chamado Forno do Cal e matáronos no camiño que conduce a Toldaos. Non se inscribiron en ningún rexistro. Non se enterraron no cemiterio por orde do cura, porque eran roxos, non se sabe os seus nomes, de onde eran ni a onde ían. Formaban parte dun grupo de sete que foron detidos o día anterior polo Médico e Xefe da Falanxe de Cádado, quen ao ir de madrugada a realizar unha visita da súa profesión, tropezoou con eles na estrada cando marchaban cara a Lugo. Entregounos a súa "xente" en Cádado, encerráronos e decidiron o seu destino: dous morrerían en Montecubeiro como obsequio á parroquia mártir, e os outros cinco fóronos a matar aquela noite a carón da estrada preto de Retizós, onde se salvou un, que se escapou ao monte e aos dous días foi chamar a unha porta de Orán, recibíuno un

falanxista que o acompañara a noite anterior. Prendeuno e entregouno para ser volto a matar, esta vez si, e enterrado fora do cemiterio de Retizós, por roxo coma os outros, por ordes eclesiásticas.

E parece que faltaba un puntal para soste todo este infernal tinglado de morte e sangue. José Freire Millares, do lugar da Graña nesta parroquia, non se entregara ao ser mobilizado. Era moi pobre, a súa muller estaba enferma e os fillos pequenos. O fixo no seu Rexemento da Coruña á ocorrer os sucesos de Maceda. Da Coruña pediron informes á Garda Civil, Falanxe e Alcalde de Castroverde. Suficiente. Sobre todo o do Alcalde, quen lle acusaba de ser compañeiro do cabecilla comunista Bonifacio Sarille. Procesamento, Consello de Guerra, pena de morte e fusilamento en Lugo, o día 27 de Xaneiro de 1938. Son quince mortos.

Sintetizando, este foi o final da vida destas inocentes criaturas cuxos nomes están escritos nesta pedra.

Que fixeran para merecer semellante tratamento?

Que había na mente dos seus asasinados e delatores para tratar de maneira tan infame e cruel aos seus semellantes, veciños, e quizá nalgún caso amigos?

O pobo de Montecubeiro era culto, pacífico, e amaba a liberdade, a solidariedade e a xusti-

za. O producirse o levantamento criminal fascista contra o goberno lexítimo da República que elixira o pobo soberano, moitos mozos non se entregaron ao Exército ao ser chamados a filas, para non loitar contra os seus principios e conviccións. Agocháronse. Outro tanto fixeron os homes máis destacados politicamente, para non ser asasinados. O 21 de agosto de 1937, antes do amencer, houbo un encontro entre a Garda Civil e Falanxistas con catro antifranquistas agochados nunha casa da parroquia. Morreron un Brigada da Garda Civil, un Garda, e feridos dous falanxistas. Este desgraciado suceso deu lugar a que nun burdo e tendencioso libro titulado "El Maquis en España", escrito por Agüado Sánchez, alto mando da Garda Civil anos máis tarde, sinalase tal acontecemento como o primeiro habido en España entre "as forzas da orde e os bandoleiros da cuadrilla do Alférez". Á vista de tales burradas e falsidades que se vertían no citado libro, fixen xestións para entrevistarme co autor e facerlle ver a inxustiza que cometía adulterando a realidade daqueles feitos de forma tan irreal. Cando a persoa elixida por min de intermediario falou con el, xa dentro do período democrático, contestou que o tema estaba concluído xa que obedecía a un contexto determinado polas circunstancias daqueles tempos, por unha realidade xusta ou non. O libro desapareceu da venda.

En 1930 fundouse en Montecubeiro a SOCIEDADE UNION DE LABRADORES DE

MONTECUBEIRO con sede aí na casa de enfronte, a de Cómeas. Aí estaba a biblioteca que daba cultura e sabedoría a este pobo. E ás súas xentes. Aí vimos o teatro de Argimiro Rico e a súa compañía. Aí se resolvían os problemas dos labregos: axudas, impostos, sementes, informes, necesidades, etc.

E chegaron as eleccións municipais de 1931 e con elas o triunfo da República, E este pobo, esta parroquia enteira de Norte a Sur, quizás nun 98% se fixo republicana. A ilusión de cambio que supuxo o triunfo da República nesta parroquia foi unha gloriosa esperanza. Concelleiros de aquí e outros lugares do Partido Republicano Galego, acabaron co caciqueo endémico do Concello de Castroverde daqueles tempos. Favoreceron e loitaron polos máis humildes, polos máis necesitados, facilitáronlle médicos e medicinas gratis, ás que tiñan dereito, pero non acceso polas trabas caciquís; cambiaron o sistema de impostos e pagou máis o que máis tiña. Acabaron co vasalaxe. A vida co sistema republicano no político e coa unión no sindical modificou a forma de pensar e de vivir aquí; en tódolos aspectos sobre todo no cultural. Non son amigo de vaidades nin de presunción, pero no sería fiel aos meus principios se non dixera aquí o nome do meu irmán Bonifacio Sarille. El foi un dos pioneiros na organización da Unión e na súa loita polo triunfo da República, por suposto acompañado por moitos amigos desta parroquia e do municipio. Foi o azote dos caci-

ques e o anxo da garda dos humildes, dos necesitados dende a súa condición de concelleiro, e máis tarde por Esquerda Republicana.

Aquí queda dita a primeira razón da causa dos sucesos de 1937.

A segunda hai que buscala aí dentro deses muros e na institución que os sustenta: A Igrexa. Que non quixo ou non soubo por comenencia propia desempeñar o papel de amor e de caridade que lles enche e lles encheu a boca aos seus ministros e dirixentes, pero que aquí colocáronse do lado do Gran Criminal, apoiaron a sublevación e a guerra dándolle o nome de Cruzada e axudaron, en moitos casos, á eliminación de persoas inocentes, esquecéndose da caridade cristiá, sen que fosen capaces de pedir perdón ate hoxe. Estoume referindo a Igrexa como institución, non aos seus membros con sotana, onde sen dúbida, houbo excepcións, para o amor e para a maldade.

Esta foi a causa segunda da nosa desgraza.

E logo poderíamos valorar o comportamento de Florentino González Vallés, tenente Coronel Xefe da Comandancia da Garda Civil de Lugo naquela data. Único responsable supremo de todos aqueles feitos. O seu desprezo absoluto do Gobernador Militar, Auditor de Guerra e Capitán Xeral da 8ª Rexión. A súa única información pasoulla o Inspector Xeral da

Garda Civil de Valladolid. O seguinte mando é Franco. No medio, ningún. Non sei ben de que poderes está dotado nin que demo llos deu. Único responsable si; se el non dera a orde de matar non se mataba.

O 21 de agosto era domingo, feira en Castroverde. Unha vez que os cadáveres dos civís foron retirados e trasladados a Gomeán, reuníronse no Concello de Castroverde baixo o mando de Vallés, o Alcalde de Castroverde e Xefe da Falanxe local, os falanxistas máis destacados de Montecubeiro e Castroverde, Eustasio Fernández Campo, párroco de Montecubeiro, de permiso militar onde exercía de Capelán, e o cura de Castroverde Juan José Juíz Vázquez, subvencionado polo Concello para recoller nas casas dos labradores as colleitas e demais prebendas que dicían, ían para o exército. Parece que non era certo o destino do requisado. Nesta reunión informouse ao Tenente Coronel qué familias e persoas debían de pagar a morte dos milicos de conformidade co organigrama de asasinatos confeccionado polo Xeneral Mola antes da sublevación, cando dixo: "Hay que sembrar el terror... Hay que dejar sensación de dominio eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todos los que no piensen como nosotros A los que han hecho armas contra nosotros, contra el Ejército, fusilarlos. Yo veo a mi padre en las filas contrarias y lo fusilo".

Esta brutalidade foi unha das razóns fundamentais do trunfo fascista que se aplicou rigorosa-

mente e aquí tamén. Utilizouse a barbarie e as pistolas, onde debía de usarse a poesía, a palabra e o razoamento.

Dada a constitución do sanedrín de Castroverde, con camisas azuis e sotanas deixo ao criterio de todos vostedes averiguar que-nes terían máis influencias para compoñer unha lista de 65 persoas que debían ser asasinadas, pero advírtolles que un solo falanxista de aquí anotou 35.

O día seguinte empezou a carnicería, como deixo dito.

Non vou cansar máis a vostedes coa narrativa destes tráxicos feitos. Un día propúxenme que xa que os vencedores sanguinarios querían tapar para sempre estas atrocidades baixo a lousa da historia, eu tiña que deixar constancia do que verdadeiramente tiña ocorrido, a infamia desatada contra tanta persoa honrada, libre e inocente. E foi así como pasei varios anos da miña vida investigando en arquivos, rexistros, entrevistando e recordando para escribir o libro "POLOS FILLOS DOS FILLOS", que xa está no seu recorrido polas librerías contando e dicindo a realidade destes crimes, desta salvaxada. Eu son pai da criatura e meu fillo o comadrón.

Ben, aquí queda esta pedra para recordo imperecedeiro. É grande, pesa 10 Tm. É un símbolo que sexa así, ten as súas razóns. Dinlle ao meu amigo Mallo as miñas impresións e verdade do ocorrido e el sacou isto; parece que representa un leito para 65 persoas, tal e como era

a idea dos asasinados. Porque, a verdade, aquí faltan nomes se nos atemos a eses parámetros infameis. Falta Bonifacio Sarille Tellado; Manuel Fomeas López, que anda por aí cerca con 94 anos; Manuel e Isidro Freire Díaz, de Villarín; Ángel Seijas Ferreiro; Francisco Pérez Penelas, á quen lle quero enviar un abrazo polos seus 100 anos a cumprir dentro de pouco; José Trashorras Tellado, de Sagaruxe; Carlos do Canteiro, que lles dixo aos matóns que tiña un fillo no fronte e 14 máis que alimentar que morrerían de fame se el faltaba, e deixárono porque ao garda xa lle salpicara o sangue inocente de Virginia e tiña as súas dúbidas de todo aquilo; Victoriano de Curral, que fixo o recorrido cos que ían morrendo mentres esperaba o seu propio fin; Gómez de Berlán; Daniel de Gómez; Daniel Freire de Cabanela e quizais o seu pai; meu padriño, Manuel Veiga, do fato; Severino Rielo, que lle salvou a vida a súa montura; e moitos outros ate os 65, se non, xurdía algún para reenchegar os números. Así que a pedra cumpre ben o seu cometido.

Como ven, quedan dándolle as costas á Igrexa que tamén lla dou a eles cando máis falta lles facía. E crían nela. Quedan mirando para a Biblioteca, que morreu con eles. E quedan tamén mirando para a figura dese home que morreu fai dous mil anos, segundo se di, de forma parecida a eles, por querer cambiar os destinos do mundo, por loitar a favor dos pobres, dos marxidados, das prostitutas, dos enfermos, dos débiles. Foi un comodín para

tódolos usos, de quen se serviron desde reis ate xuíces falsarios, bispos, inquisidores coa cruz colgada no peito, verdugos, tódolos conservadores para defender os seus privilexios, curas con camisa azul e pistola, etc. Francisco Franco, Caudillo de España pola graza de Deus entraba baixo palio nas igrexas, o maior criminal da historia desta país. Os asasinados militares arxentinos mataban ás nais despois de parir ou tirábanas vivas ao mar, vendían os nenos e a Igrexa bendecía todo en nome de Deus. Quedan mirando a ÉL porque nel crían. E iso que non hai un só dato histórico e científico verdadeiro que avala a súa existencia. Quizais sexa todo un mito. Non importa, queda a fe, e estes tiñana. No seu nome matáronos. Están ben xuntos, xa que ningún deles merecía o destino que lles deron os que deshonraron a súa memoria, a súa dignidade e a súa vida, porque ÉL foi quen dixo "NO MATARÁS". ¡Que escamio o cometido actuando en nome de quen pronunciou tan fermosa palabra!

Fai algúns anos, falando en Bos Aires con fillos desta parroquia, concretamente co fillo do meu padriño, Eulogio Veiga, con Manuel Polín, e outros que non recordo nestes momentos, recibín a oferta de que eles costearían este monólito, entre outras razóns pola grande amizade que os unía cos mortos e polo seu amor a súa terra natal. Foi moi emotivo para min tal ofrecemento. Pero pasaron anos e a situación arxentina nestes momentos non permite que aceptemos tal ofrecemento, pero quero deixar aquí constan-

cia dos seus desexos e agradecerlles na alma o seu desexo. Ao efecto paso a lerlles un fax de Eulogio Veiga e do seu fillo Daniel, así como do meu sobriño Héctor Herbón, persoas que queren, con estas mensaxes, estar ao noso lado nestes históricos momentos.

Vou finalizar a miña intervención para non facer pesado este entrañable acto. E teño que facelo cunha moi especial mención: O agradecemento á Corporación Municipal de Castroverde por parte de tódolos familiares dos fusilados no 37, e moi especialmente ao seu Alcalde José María Arias Fernández. Pensamos todos nos que este acto honra a esta Corporación e a cada un dos seus membros, por canto é un acto merecido e xusto que deixa aquí para as xeracións futuras este recordo inmortal. É a historia viva do Concello de Castroverde de aqueles tempos, que deshonrou a esta parroquia con aquela salvaxada, e que hoxe esta Corporación que administra liberdade, cultura e tolerancia desagravia aqueles feitos. Grazas de todo corazón señor Alcalde no nome de todos nos. Porque non contemplamos nin perdón nin esquecemento. Esquecer sería unha inxustiza para os que deron a vida defendendo a liberdade e para nos que a perdemos. En canto o perdón son outros os que teñen que pedilo: o Exército, a Igrexa, os fascistas que aínda quedan, e os poderes da dereita intolerante. Tódolos que causaron tanta dor e sufrimento.

Embárgame unha grande ledicia, despois de tanta loita, por

ver aquí a tantos amigos e persoas interesadas na historia trágica desta parroquia na guerra. Os meus recordos para tantos que xa non están e que moito me axudaron coas súas informacións para o libro "POLOS FILLOS DOS FILLOS". O meu agradecemento a tódolos representantes dos medios de comunicación, dos sindicatos, dos partidos políticos, ao amigo Mallo por este traballo ben feito, á xente da cultura que nos honra coa súa presenza, ao Ateneo Republicano de Galicia, xa que republicanos eran os mortos, os seus familiares, a parroquia e o seguen sendo. A Don Isaac Díaz Pardo, ergo Edicións do Castro e Sargadelos, que tanto monta, pero que tanto está facendo por recuperar a memoria da guerra para deixar no seu xusto lugar o que pasou. El, que fixo o monumento aos asasinados e fusilados na Coruña polo mesmo sinistro personaxe que fusilou aos desta parroquia.

O Sr. Regueiro, Director de Galería Sargadelos de Lugo, persoa sempre disposta a atender a toda persoa relacionada co tema cultural da liberdade. Espero e desexo que non quede ninguén esquecido na miña exposición, en todo caso, créame que non hai máis que agradecemento por parte de todos nos, os familiares dos mortos.

Finalizo: Co desexo de que os meus netos, aquí presentes, cando un día veñan a ensinar os seus esta lápida, recorden o amor e desexo de liberdade que puxen neste traballo para que triúnfen os dereitos humanos e a igualdade de todos. Foi o meu empeño.



Gallegos en Argentina, voluntarios en España

Jerónimo E. Boragina

Historiador

Conocido por todos es el proceso inmigratorio que sufrió Argentina desde mediados del siglo XIX, que junto con Estados Unidos se convirtieron en los dos más importantes de América. Claro que sus particularidades nunca han llegado a demostrarnos lo que realmente fue la inmigración en nuestro país, y en particular, el de la colectividad gallega.

A partir de 1860 el boom inmigratorio comenzaba a desarrollarse en la provincia de Buenos Aires para extenderse rápidamente por todo el territorio nacional. El atraso y la pobreza agraria, las malas cosechas y el estancamiento económico, lanzó a hombres y mujeres de diversas latitudes a buscar un presente mejor, siendo los italianos y españoles los grupos mayores. Desde 1857 a 1930 más de dos millones de españoles ingresaron al país y el 54% se instaló definitivamente¹, y

sabemos ciertamente que la llegada de inmigrantes no cesó por lo menos de manera significativa hasta el primer gobierno de Perón en 1952.

El caso gallego tendrá un calado particular, entre 1860 y 1960, 600.000 personas de dicha colectividad se asentaron en Argentina de manera definitiva. El motivo era sin duda la situación económica, la búsqueda de mejores posibilidades y el espíritu aventurero, que hizo emigrar a trabajadores e intelectuales de Galicia. Así, para la primera Guerra Mundial, el término “gallego”, se había

convertido genéricamente –a veces desdeñosamente– en un nombre para referirse a todos los españoles.

La vida de nuestro país tendría un promisorio inicio democrático con la elección del candidato radical H. Yrigoyen como presidente en 1916, pero eso no evitaría que se desarrolle una conflictividad social y política en escala durante las primeras décadas del siglo XX. La agitación y las huelgas de principios de siglo dieron origen a la Ley de Residencia, que permitía a las autoridades nacionales expulsar a los extranjeros consi-

¹ Moya, José C., *Primos y Extranjeros. La inmigración española en Buenos Aires 1850-1930*, Buenos Aires, Emece, 2004. Pág.13.



Camiones de la Central Gallega, órgano de la FSG, repletos de bolsas de maíz y trigo para enviar a la República

derados “*peligrosos para la sociedad*” sin ningún tipo de juicio o proceso judicial. Cientos de detenciones antes y después de los actos por el 1^a de mayo, reclusiones en la cárcel de Ushuaia, la Semana Trágica de enero de 1919, la matanza de los huelguistas de la Patagonia en 1921-1922, son todas historias del movimiento obrero. Como también la solidaridad por la libertad de Sacco y Vanzetti en 1920, y la liberación de los Presos de Bragado a partir de 1934. Pero el terreno político cambiaba rotundamente a partir del golpe de Estado dirigido por José F. Uriburu el 8 de septiembre de 1930, y que continuaría su colega el General Agustín P. Justo hasta 1938.

Había que sumar algo más, y que profundizaría las desigualdades: la crisis de 1930.

Las consecuencias económicas estaban a la vista, cientos de miles de desocupados recorrían las calles sin ninguna esperanza. En estados Unidos eran barrios de cartón “*Hoovervilles*” y aquí se formaban la “*Villa Desocupación*” y el “*Barrio las latas*”. La brusca caída de los precios agrícola-ganaderos y la disminución del volumen comercializado generarían una retracción económica que llevaría a la firma del Pacto Roca-Runciman en 1933. El mismo consolidaba la posición dependiente del mercado ganadero hacia Inglaterra para mantener los niveles de

exportación y así afirmar a la elite local para que no pierda su posición dominante.

Los años 30, convulsionados socioeconómicamente, traerían una fuerte politización urbana y una organización creciente en la clase obrera en sus vertientes sindicalistas, anarquistas y comunistas principalmente, ya que los socialistas se volcarían en su mayor parte al trabajo y la gestión parlamentaria.

Pero la organización política no dejaba fuera a los gallegos que cada día eran más y necesitaban organizaciones propias de autoayuda y principalmente, de identificación política y social hacia nuestra sociedad y España. La Federación de Sociedades Gallegas (FSG) fue fundada en 1921 por líderes comunitarios como Ángel Martínez Castro, Avelino Valladares, Juan González y Bonifacio Botana entre otros. Aglutinó con los años a más de 60 organizaciones gallegas, con miles de militantes y asociados².

Es así como durante esta crisis, en verdad durante 1929, termina de fracturarse la organización gallega entre socialistas y nacionalistas gallegos. Pero un hecho tan contundente como la irrupción del período democrático en España y el comienzo de una guerra civil, uniría a los diferentes grupos en auxilio de sus hermanos.

² Para profundizar la cuestión ver: Díaz, Hernán, *Historia de la Federación de Asociaciones Gallegas, Identidades políticas y practicas militantes*, Buenos Aires, Biblos y Fundación Sotelo Blanco, 2007. Pág.22.

Galicia en Buenos Aires y la solidaridad con la Republica Española

Ya durante los avanzados años 30, y con el inicio del conflicto en España, las dos tendencias parecen estar más cercanas, o al menos como en muchos casos, la guerra civil tiene la cualidad de unir –si bien con antiguas diferencias– a los partidos de izquierda, a los movimientos sindicales, y también a los gallegos. En este sentido la solidaridad será un objetivo, pero la prioridad ante el avance del fascismo no es Galicia, sino España. Como comenta el autor H. Díaz, la visión de la colectividad no giraba en torno al nacionalismo gallego, sino que el eje será la ayuda al Frente Popular³. Si el fascio triunfaba, nada quedaría para las autonomías regionales.

Con decisión, la FSG forma la Central Gallega de Ayuda a España, dirigida por José Cobelo, Gerardo Díaz, Constantino Fernández y Antonio Seoane, y será una de las más organizadas y de las que envía rápidamente auxilio a la península. Se envía ropa, alimentos, medicamentos y dinero. Son tantas cajas y bolsas que no entraran más de 2 semanas en la Federación. A partir de 1937 se emprende la fabrica-

ción de una marca de Cigarrillos “Leales”, para generar ganancias para ser derivadas al Frente Popular. Este emprendimiento fue coordinado por Alfredo Baltar, Antonio Pousa, Manuel Lamas y Antonio Alonso, y según un informe de mayo de 1939 se logró una retribución de más de 2000 pesos que se derivó a España.

Se editó también un libro de poesías de Ramón Rey Baltar

“A gaita a Falare. Lembranzas e Maldicións”, cuya recaudación fue enviada por la Central Gallega al gobierno republicano. Dicho texto contaba con las ilustraciones de Castelao, Colmeiro y Seoane, y salió en marzo de 1939, casi finalizando la guerra.

Las mujeres de la Federación también harían lo suyo. En los primeros meses se formó la Asociación Gallega Femenina de Ayuda a los Huérfanos Españoles (AGFAHE) luego integrada a la Central Gallega. Se creaban comisiones femeninas en las diferentes regionales gallegas y se destacaron por su gran participación en la elaboración y compostura de ropas y abrigo para la población civil y el Ejército Republicano. Según Fanny Edelman, dirigente del Socorro Rojo Internacional en Buenos Aires y voluntaria en España durante 1937, se trató “...de la primera organización femenina de masas que irrumpió en el escenario político del país...”⁴.

Luego vendría otra etapa solidaria igual de dura que estaba relacionada con la ayuda a los exiliados, con el traslado o los intentos de traer de la patria gallega a la mayor cantidad posible y ayudarlos en su reinserción en nuestro país. Lo cierto, es



Publicidad de cigarrillos Leales, emprendimiento de la FSG.

³ *Ibid.*, Pág.93

⁴ Edelman, Fanny, *Banderas, pasiones, camaradas*, Buenos Aires, Ediciones Dirple, 1996. Pág. 47.

que el gobierno fraudulento del presidente Ortiz, no tuvo ninguna intención no sólo de repatriar a los voluntarios argentinos que estaban en los campos de concentración franceses, sino de recibir a ningún excombatiente de la República o presunto “militante izquierdista”. Ante una queja realizada por la FSG al gobierno nacional por la discriminación ante la recepción de inmigrantes gallegos, y la aceptación de personas de otras regiones de España, el presidente Ortiz contesta: “...los vascos llegaban al puerto y se iban a trabajar al campo, pero los gallegos lo primero que hacían era ir a los sindicatos...”⁵. En los años posteriores esta excepcionalidad se cumplirá y se tendrá mayor aceptación al ingreso de vascos que de otros contingentes⁶.

En fin, la solidaridad gallega hacia la España Republicana se hizo sentir de manera comprometida y organizada, y de mano de la colectividad más numerosa. Así lo muestra el poeta y político gallego Alfonso Castelao, que bromeaba con un periodista danés al preguntarle; ¿cuál era la capital de Galicia?. El periodista contesta: “*La Coruña*”, -no, le dice A.C., se llama Buenos Aires, está en América del sur y tiene 200.000 habitantes gallegos”⁷.

Voluntarios de Argentina en España

La causa republicana atraerá a todos los partidos políticos y movimientos sindicales que organizaran algún tipo de ayuda para España. Era demasiado visible, que los españoles y la comunidad gallega atravesaban todos los oficios, clases y actividades laborales y políticas de nuestro país. Eso originaba un natural pedido de auxilio que sumado al creciente totalitarismo y avance fascista en nuestro país hacia de la guerra civil una fuente de espíritu y voluntad para todos aquellos que luchaban en nuestro país. Fue como un sistema que se retroalimentaba a sí mismo y cada vez se hacía más fuerte. La represión impedía el avance de la política nacional, entonces se daba especial atención al contexto internacional. Fue el primer movimiento femenino de masas que irrumpió en el escenario político nacional, y aglutinó hombres de todas las nacionalidades. Se luchaba contra el golpe de Estado de Franco y Mola porque no se podía hacer desde aquí. Se volcaba la solidaridad hacia los españoles porque era una manera posible y concreta de ayudarles. La guerra unió a la población con un único objeti-

vo: luchar contra el fascismo en España, por la democracia en Argentina.

Pero la lucha tenía su parte más complicada y España necesitaba no sólo ayuda material como preconizaban los anarquistas desde la CNT-FAI, sino también dirigentes, escritores y sobre todo, combatientes para empuñar las armas.

Para estos años, gran cantidad de gallegos argentinizados pertenecían al Partido Comunista Argentino (PCA), y realizaban una destacada labor gremial y militante. Juan Calvo, tesorero del sindicato de Cocineros y Mozos de a bordo. Domingo Cubeiro redactor del despertar gallego a fines de los años 20. Otro gallego comunista como José Agudín, perteneciente al gremio marítimo. Israel Mallo López dirigente del PCA e ilustrador del diario La Internacional. Edelmiro Bernardez, obrero de la construcción, dirigente de la Federación Obrera Marítima. El marxismo caló hondo en la Federación durante toda su vida, y la relación con el comunismo local siempre fue muy estrecha.

En este sentido, en agosto de 1936 llega el pedido formal de la Internacional para que todos los partidos comunistas del mundo recluten hombres para ir a España. El PCA no demorará en cumplir con dicha

⁵ *Ibíd.* Díaz, Hernán, *Historia de la Federación de Asociaciones Gallegas* Pág. 9.

⁶ Schwarstein, Dora. *Entre Franco y Perón, Barcelona, Crítica, 2001. Pág. 67.*

⁷ *Diario El Trabajo, 24/7/1937.*



Brigadistas argentinos, Jesús Castilla y Roberto Fierro, ambos alistados en las Brigadas Internacionales.

petición y silenciosamente comienza el proceso de selección en manos de un orfebre italiano llamado Biocco, que clandestinamente sacará del país cientos de voluntarios argentinos. Los dirigentes argentinos seguirán algunas condiciones antes de seleccionar a los candidatos, aunque muchas veces no logran cumplirlos. En primer lugar, que los reclutas tengan experiencia militar, ya que el viaje a España era, en su mayoría, para ir a combatir. Los interesados sabían de esta situación, más aún si se les pedía experiencia o conocimientos militares, aunque lo cierto es que gran parte eran novatos. Otra de las condiciones tiene que ver con la ideología propiamente del recluta, que, si bien no debía ser exclu-

sivamente comunista, debía tener antecedentes claros de antifascista. Las fichas demuestran que no todos eran comunistas, pero probablemente el partido haya enviado afiliados, simpatizantes o militantes conocidos en el ambiente y muy cercanos a las células o secciones de barrio. El tercer punto tiene que ver con la búsqueda de hombres y mujeres sin carga de familia ya que el partido no preveía la ayuda a posteriori, excepto para altos dirigentes de trayectoria de madura edad⁸.

En cuanto al Partido Socialista de nuestro país, de larga tradición parlamentaria, tenemos que aclarar el inmenso apoyo que dieron a la solidaridad con la República Española. Pero para el caso de

los voluntarios, si bien el PS apoyaba el envío de hombres, nunca trabajó en ello y en la mayor parte de los casos tuvieron que costearse los pasajes ellos mismos o con colectas en centros socialistas barriales.

En el caso de los anarquistas es más complicada la situación porque las ordenes de la CNT-FAI, -confirmadas por Diego A. de Santillán que estaba en zona catalana- eran que las necesidades pasaban por armamento y materiales, y no por hombres. Importante fue toda la labor solidaria desarrollada desde el Comité Coordinador de Ayuda a España. La sección local anarquista se basó en este argumento para no iniciar un reclutamiento entre sus fuerzas, pero lo cierto es que por goteo y de a pequeños grupos, participaron casi un centenar de ellos en España.

Un escritor argentino, José Gabriel viaja a España como corresponsal del diario *Crítica* y recorre el frente de Aragón. Su interés estaba en entrevistar a Buenaventura Durruti y así logra hacerlo en un pueblito cerca de Lérida:

*“... ¿Dónde está Durruti?
Un hombre todavía joven,
flaco, largo, algo agobiado,
que se cala un aludo sombrero para completar su vestimenta de Boy scout, me responde, ¿Quién eres tú?
Apenas se lo he dicho, ende-*

⁸ Ver en L. González, J. Boragina, G. Dorado, E. Sommaro. *Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española*, Buenos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.

reza por la puerta, pasa ante mí invitándome a seguirlo y me procede por el corredor diciéndome: Entonces tú eres gallego allá, como yo lo era, (...) estuve en Buenos Aires y fui secretario de la FORA del Quinto [congreso]; y allá me persiguieron hasta martirizarme..."⁹

A su regreso y antes de que termine la guerra publicara sus crónicas en *La vida y la Muerte* en Aragón. Otros escritores dan nota de los voluntarios argentinos, pero lo cierto es que su disgregación y participación tanto en el Ejército Republicano como las Brigadas Internacionales hizo difícil su reconocimiento. Actualmente podemos hablar de alrededor de 700 voluntarios de Argentina registrados, superando en más de 150 los de la última publicación del 2008. La gran mayoría eran trabajadores, obreros con diferentes oficios, aunque también fue importante el aporte de cuadros políticos y dirigentes. En el ámbito militar desde cabos a generales, los argentinos se hicieron notar en toda la cadena de mandos.

En la retaguardia casi una docena de galenos participaron con otro tanto de traductores que tenían el español como lengua materna.

Médicos como Juan Godstraj o Emilio Pizarro Crespo, cabos



Antonio Casanova, nacido en Betanzos, desde su juventud milito en el anarquismo argentino y volvió a España enviado por la FACA

como Simón Tur y Juan Harris ambos en las Brigadas Internacionales. Comandantes como Víctor de Frutos o Jorge Testena y comisarios políticos como Ángel Ortelli o Rafael Nieto.

Claro que no estaban ausentes voluntarios con sangre gallega que participaron en España¹⁰ como Antonio Casanova nacido en La Coruña en 1898 y emigrado a los pocos años a Argentina. Militó y logró ser uno de los principales dirigentes del movimiento anarquista local. Es enviado por la FACA (Federación anarco Comunista) a España en 1936 y se integra a la División 28 comandada por Gregorio Jover, en la que editará el periódico de dicha unidad. David Rodríguez,

natural de Orense, sale de Argentina para España en 1936 para luchar contra el fascismo. Luchó junto a los milicianos gallegos y fue apresado sufriendo cárcel y tortura, muriendo en 1940 en Soledad Real. Su hermano Salomón pertenecía a la FACA y fue un activista permanente en la defensa de la República, integrando todo el movimiento antifascista argentino. Xose Domínguez González llegado a Buenos Aires en 1912, dirigente y redactor de *El Progreso* y *A Fouce*, regresa a Galicia en 1936 y es fusilado en Vigo en 1937. Maximino Misa Puig, dirigente de la FSG del ala socialista, es integrante del comité de redacción de *Acción Gallega* en 1930, regresa a Galicia en 1931 y es fusilado en 1937 por el franquismo.

La lista continua superando los 700 hombres y mujeres, aunque la gran mayoría de voluntarios participarían en el Ejército Republicano, les seguiría en cantidad en la Brigada Internacional XV Lincoln, y luego en la XII Brigada Garibaldi.

Como ocurrió con la mayoría, el final se dio con el retiro de las Brigadas Internacionales en octubre de 1937 y su paso a Francia. En diferentes campos de concentración como Gurs, Saint Cyprien o Argeles Sur Mer, los argentinos esperaron la

⁹ Gabriel, José. *La vida y la Muerte en Aragón*, Buenos Aires, Imán, 1938. Pág. 35.

¹⁰ Por lo menos 50 voluntarios tenían sangre gallego-argentina y participaron en España durante la Guerra Civil. Base de datos de Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española.

repatriación, aunque muchos de ellos fueron reclusos en campos de trabajo como Miranda de Ebro o San Pedro de Cerdeña. El recibimiento no fue acorde a los sufrimientos y a la valentía dejados en España, pero forjaron un destino silencioso lleno de entereza y rectitud pocas veces visto. Otros pasaron décadas en la cárcel como Luís A. Quesada, Juan Arhancet o Manuel Villar. Nuevos voluntarios partieron a España años después como Antonio Seoane que sería fusilado por el régimen franquista en 1948. Pero esa es otra historia.

El final de una gesta, el principio de la memoria

Cuando hablamos de gallegos en Argentina, estamos hablando de argentinos, de los cuales hay alrededor de 6 millones de descendientes en nuestro país. Parte de esa historia la tenemos atesorada en numerosos Centros Gallegos esparcidos por numerosas localidades del interior, y por sobre todo, en la Federación de Sociedad Gallegas de la ciudad de Buenos Aires. Ésta es sin duda, la sede más relevante y que genera un gran trabajo por la memoria gallega y española, por la democracia y la justicia.

La tradición republicana data de principios de siglo y esta ligada a la FSG, ya que en 1908 se fundó el Centro Republicano Español (CRE) en

la ciudad de Buenos Aires y luego se van replicando en otras localidades del interior. Actualmente el único Centro Republicano Español abierto es el de nuestra ciudad, Mar del Plata, fundado en 1929 y con una larga y rica tradición al respecto.

Pero en los años cercanos a 1980, problemas internos, sumado a las necesidades económicas para mantener la sede, obligan a cerrar el CRE de la ciudad de Buenos Aires, quedando todo su legado en la FSG. Así también, el archivo de la FSG cuenta con la biblioteca personal del Teniente Coronel Francisco Galán, exiliado en Argentina en 1940 y fundador de la editorial Oberon años después.

Es decir, que la Federación de Sociedades Gallegas siempre ha tomado la iniciativa en diversas cuestiones, como la memoria, la cuestión republicana y la Guerra Civil.

Inclusive el último acto aniversario de la República la sala completa con cientos de personas se hizo en el teatro Bambalinas de la FSG el 18 de abril de 2009 con la presencia de su presidente Francisco Lores Mascato, el descendiente gallego y premio Nobel de la Paz (1980) Adolfo Pérez Esquivel, y Fanny Edelman, voluntaria argentina en España durante la guerra civil.

La historia militante de la FSG durante la guerra civil y el franquismo, e inclusive de parte de toda la colectividad español-

la, es interminable.

Sólo nos queda recordar, que a pesar de todo, el olvido creo una nueva generación de hombres y mujeres dispuestos a encontrar la verdad, cosa impensada tanto en Argentina como en España hace 30 años atrás. Este aporte pretende redescubrir a aquellos que fueron ignorados o escondidos por las instituciones y los gobiernos de turno.

Demoramos 70 años en Argentina para reconocer a nuestros voluntarios que dieron su vida por la democracia en España y lucharon contra el fascismo. Saber de ellos, conocerlos, mostrarlos y homenajearlos es un trabajo de todos aquellos que deseen construir una democracia justa.

Bibliografía

Gabriel, José. La vida y la Muerte en Aragón, Buenos Aires, Imán, 1938.

Penelas, Carlos. Los Gallegos anarquistas en la Argentina, Buenos Aires, Torres Agüero, 1996.

L. González, J. Boragina, G. Dorado, E. Sommaro. Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española, Buenos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.

Devoto, Fernando, Historia de la Inmigración en la Argentina, Buenos Aires, Sudamericana, 2003.

Matsushita, Hiroshi. El movimiento obrero argentino. 1930-1945: sus proyecciones en los orígenes del peronismo, Buenos Aires, Hyspamerica, 1983.

López Trujillo, Fernando, Vidas en rojo y negro, Una historia del anarquismo en la década infame, Letra Libre, La Plata, 2005.

Años de Formación Política. Selección de Textos 1916-1931. Ramón Suárez Picallo, Alborada, Buenos Aires, 2008.

Díaz, Hernán. Historia de la Federación de Sociedad Gallegas. Identidades políticas y prácticas militantes, Sotelo Blanco, Buenos Aires, 2007.

Moya, José C. Primos y Extranjeros. La inmigración española en Buenos Aires 1850-1930, Buenos Aires, Emece, 2004.

Edelman, Fanny. Banderas, pasiones, camaradas, Buenos Aires, Diple, 1996.

Maguid, Jacobo. La Revolución Libertaria Española (1936-1939). Buenos Aires, 1994.

Schwarstein, Dora, Entre Franco y Perón, Barcelona, Crítica, 2001.

Archivos

Base de datos de Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española. Archivo personal del autor.

Archivo y Biblioteca de la Federación de Sociedades Gallegas, Ciudad de Buenos Aires.

Archivo Histórico Municipal Roberto Barili, Mar del Plata.

Fuentes:

L. González, J. Boragina, G. Dorado, E. Sommaro. Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española, Buenos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.

Lecturas para tempos estraños

Manoel Barbeitos Alcántara

Corren tempos estraños.

Premio Nobel da Paz (OBAMA) xustifica e defende unha guerra (IRAK) que provoca sufrimento, fame e moitas mortes nunha poboación onde os nenos e as mulleres son os máis afectados ao tempo que permite que gracias a esta guerra as grandes sinaturas enerxéticas do país invasor (USA), con fortes vínculos con anteriores gobernantes (administración Bush) fáganse co mercado de petróleo do país terceiro produtor mundial.

Axencia de cualificación (STANDARD&POOR'S) que ven de amosar a súa total falta de credibilidade e competencia –cualificara a empresa Enron e a financeira Lehman Brothers coas mellores notas: as dúas quebraron cun enorme impacto comercial e financeiro a nivel mundial- provoca un terremoto política e financeiro –suba dos tipos de xuro dos bonos do Estado, movidas na Bolsa- cando atreve a cualificar negativamente a débeda dun país europeo solvente (ESPAÑA).

Entidades financeiras (ban-

cos especialmente) e empresas (construtoras maiormente) que provocaron unha das maiores crises do capitalismo actual –peche de empresas, incremento exponencial do desemprego- repártense, sen o menor rubor- enormes beneficios (bonus) e adxudícanse pensións que aseguran retiros dourados ao tempo que reclaman, co apoio de institucións públicas relevantes (BCE, BANCO DE ESPAÑA) sacrificios salariais, redución de plántellas e recortes dos dereitos sociais para os traballadores.

Gobernanza transnacional (COMISION EUROPEA) incapaz tanto de prever a inminencia e gravidade da crise construtora- financeira como de impulsar medidas conxuntas que, cando menos, amortecer os seus efectos, quere agora impulsar a aplicación dunha taxa sobre as transaccións financeiras que á algúns, na súa ignorancia, recórdalles dalgún xeito a Taxa Tobin que tanto tempo rexeitaron por “imposible de aplicar” e “atentar contra a liberdade”.

Medios de comunicación que se autoproclaman liberais (EL PAIS entre outros) non teñen o

mais mínimo rubor en xustificar golpes militares (HONDURAS) que apoiados polas oligarquías locais e o capital internacional nos retrotraen ós tempos máis escuros e terribles do continente latinoamericano.

Nestes tempos estraños, un modesto periódico nacional (PUBLICO) que tenta abrirse camiño na selva mediática dominada polos grandes grupos de comunicación regálanos tres libros (O MANIFESTO COMUNISTA, GUERRA E PAZ NO SÉCULO XXI e O SUBDESENROLO SOCIAL EN ESPAÑA) que reflicten pensamentos radicalmente opostos ós actualmente dominantes e que pertencen a intelectuais (Carlos Marx e Federico Engels o primeiro, Eric Hobsbawm o segundo e Vicenc Navarro o terceiro) que, evidentemente, están hoxe en día totalmente “fora de mercado”.

Tres libros que, nembargantes, atrevome a recomendar encarecidamente a todos aqueles que aínda non os leran e pedirles que o fagan con liberdade, independencia e sen prexuízos previos. Quizás atopen nos tres traballos que, xunto a un rigor pouco frecuente, unha redacción brillante e unha seguridade na exposición admirable, documentos deste tipo poñen en evidencia que na outra veira –a dos traballadores- houbo e segue habendo persoas coas ideas moi claras e moi dignas de ter en conta.

Quizás por elo se tente silencias.


Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española

Hace 70 años, cientos de argentinos se encontraban en España participando en una de las gestas mas recordadas por la defensa y la lucha contra el fascismo. La historia de los pueblos se nutre de la Guerra Civil Española, como enseñanza de un movimiento solidario que se extendió por todo el mundo y por el compromiso de cientos de jóvenes argentinos que dieron su vida por la causa Republicana. Este es el tema que ocupó al **Grupo de Historia desde Abajo**, integrado por **Lucas González, Jerónimo Boragina, Gustavo Dorado y Ernesto Sommaro**, todos ellos egresados de la Universidad Nacional de Mar del Plata de la carrera de Historia. El fruto de las investigaciones desarrolladas desde hace años por J. Boragina trasciende en un documental realizado sobre el tema en el 2006 llamado *"Esos Mismos Hombrs"*, y en la reciente publicación *"Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española"*, editado por el Centro Cultural de la Cooperación y coordinado por él mismo. En el texto los autores desarrollan el contexto argentino de los años 30, la crisis económica y el fraude político que abatía la reciente democracia, junto al ambiente solidario y antifascista en el cual debieron inscribirse los voluntarios argentinos para viajar

a España. Varias organizaciones políticas enviaron hombres y mujeres, ya sean anarquistas, comunistas o republicanos que tuvieron como destino las unidades militares del Ejército Republicano o las Brigadas Internacionales. Pero también se menciona otro grupo que colaboró intensamente en el trabajo de retaguardia como dirigentes, periodistas y escritores, enfermeras o traductores, y que desarrollaron labores en toda la zona republicana durante el conflicto.

No solo se menciona, sino que se describe a más de 540 voluntarios argentinos que participaron en la contienda. Sobre ellos se analizan la cuestión de la nacionalidad con todas las implicaciones socioculturales de la época, teniendo en cuenta la masiva inmigración que recibió nuestro país desde finales de siglo XIX.

Justamente con una colectividad española tan importante aun hoy en nuestro país, el trabajo trata de achicar la brecha entre el gigantesco movimiento de solidaridad con la República Española que se dio en Argentina en los años 30, y el esfuerzo hecho por las distintas organizaciones en el envío de voluntarios a España. De esta forma el libro trata todo el



recorrido que tuvieron que realizar estos voluntarios, con altas graduaciones y responsabilidades en el ámbito militar y político en España. No solamente resalta lo novedoso de la temática, sino también el enfoque que da este grupo de historiadores basado en el intento de dar explicaciones desde la gente común, que vivió y participó de los acontecimientos históricos, y no dar explicaciones preconcebidas e instaladas desde décadas. Según ellos, desde la historia desde abajo, es cuando lograremos conocer a aquellos hombres y mujeres anónimos que dejaron todo y dieron su vida por el otro, por sus sueños e ideales de una sociedad mejor.

Muchas veces se ha enseñado la historia de los que traicionaron, engañaron e hicieron daño a nuestro país, justamente por ello es necesario rescatar este tipo de historias para sentirnos orgullosos y reivindicar el ejemplo, al menos como homenaje a ellos y a nuestra memoria.

Reseña

Ricardo Pérez Medín Memorias



A última publicación da Fundación Luís Tilve é toda unha aventura vital, na cal o seu propio protagonista demostranos que con esforzo, dedicación, e as ideas claras, todo empeño humano é posíbel, sobrevivindo ás peores circunstancias e superando tódolos golpes da vida. De obreiro a alcalde do Concello de Miño, de fuxido e emigrante a dirixente do PSOE en América.

A obra complétase cun extenso e coidado traballo de investigación documental e xornalística, a través da cal móstrase o que era a vida política e social por aquel

entón nun pequeno concello como o de Miño, ao que se lle engaden entrevistas e fotografías da época.

Reseña

Diccionario Biográfico del Socialismo Español


Recuperando a historia

O ano 2006 foi declarado o ano da Memoria Histórica. Ese mesmo ano a Fundación Pablo Iglesias, coa colaboración do Ministerio de Educación y Ciencia, puxo en marcha o proxecto de Diccionario Biográfico del Socialismo Español, encamiñado a recuperar para a historia a memoria das persoas que formaron parte do movemento socialista en España.

A Fundación Luís Tilve formou parte deste equipo de traballo, integrado por investigadores de sete universidades españolas e doutras entidades relacionadas coa historia do socialismo español.

En unha primeira fase foi cuberto o período 1879-1939, e na actualidade se está poñendo en marcha a etapa 1939-1955, na que tamén participa a Fundación Luís Tilve.

Diccionario Biográfico del Socialismo Español



www.diccionariobiografico.org

Un diccionario interactivo

A importancia das novas tecnoloxías da información tívose en conta á hora de desenrolar o Diccionario Biográfico del Socialismo Español. Este, consultábel na páxina web www.diccionariobiografico.org, permite interactuar ao visitante e seleccionar a información. As buscas pódense facer por criterios onomásticos, xeográficos e polo papel desempeñado nas organizacións socialistas, así como combinar varios deles.

Unha fonte documental

A páxina web do Diccionario Biográfico del Socialismo Español permitirá ademais a consulta de material gráfico procedente do Arquivo Histórico da Fundación Pablo Iglesias e de documentos de interese que se irán incorporando paulatinamente, tamén dende outras institucións ou entidades.

X Congreso de UGT-Galicia

A Fundación Luís Tilve estivo presente, cun stand, no X

Congreso de UGT-Galicia, celebrado en Santiago de Compostela entre os días 28 e 30 de maio do 2009. Con esta iniciativa buscouse presentar aos traballadores e afiliados do sindicato socialista os derradeiros traballos da Fundación, as súas actividades e publicacións. Así mesmo, tamén se expuxeron diversos documentos orixinais, de gran valor patrimonial, conservados no Arquivo Histórico da entidade, e se proxectaron documentais sobre a historia do movemento obreiro. O evento sindical foi aproveitado tamén para presentar o libro que, con motivo da celebración do 1º de Maio, editou a nosa institución, no que se recolle a historia desta data fundamental en Galicia, así como o número 7 da revista Claridade.



Premios Luis Tilve 2009

O venres 19 de xuño, no Salón de Actos da Deputación de Lugo, a Fundación Luís Tilve fixo entrega dos seus galardóns anuais, que este ano recaeron nas seguintes persoas ou entidades:

Premio Traballo Digno: Fundación ADCOR, pola súa contribución a mellorar a vida das persoas adultas con discapacidade intelectual e das súas familias, fomentando a integración sociolaboral e a incorporación ao mercado laboral.



Premio Acción Solidaria: Fundación Erguete-Integración, pola súa importante labor e contribución á integración sociolaboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, tales como ex-reclusos/as, mulleres con dificultades de inserción sociolaboral, xente en tratamento de deshabituación, ou parados/as de longa duración.

Premio Defensa do Medio Ambiente e dos Bens Comúns: CEMMA, Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños, unha ONG ambiental cuxos obxectivos son impulsar o estudio e a investigación dos mamíferos e tartarugas mariñas, fomentando accións que conleven á conservación destas especies e do medio mariño en xeral.

Premio Investigación e Divulgación Histórica: Rosa María López González, historiadora e xornalista, polo seu traballo “Las memorias olvidadas, los desheredados de la Guerra Civil Española”, que se centra en recuperar unha parte da historia do exilio producido en España, durante e trala Guerra Civil, a través das vivencias dos refuxiados en Francia e das expedicións dos “niños de la guerra”.

Estes recoñecementos foron recollidos por Andrés Vellé, Carmen Avendaño, Alfredo López e Rosa María López González, respectivamente, de mans das autoridades presentes na mesa presidencial -encabezadas polo Presidente da Fundación Luís Tilve-, Jesús Mosquera Sueiro; José Ramón Gómez Besteiro, Presidente da Deputación de Lugo; Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña; José López Orozco, Alcalde de Lugo; Raquel Arias, Delegada da Xunta de Galicia en Lugo; ou Eladio A. Romero Ares, Secretario de Acción Sindical de UGT-Galicia. Ao acto tamén asistiron personalidades da vida pública e social galega como Rosalía Mera, María Xosé Rodríguez Galdo, Tareixa Navaza, Roxelio Pérez Poza –todos eles membros do xurado dos premios-, Emilio Pérez Touriño ou Manuel Chaín Fernández, entre outros moitos.

DECEMBRO 2009

108

CLARIDADE

Curso

ARCHIVO
HISTÓRICO
de la Provincia de Buenos Aires

Entre a revolución e a reforma: Cuestión agraria e asociacionismo rural

A necesidade de transferir os resultados do proxecto de investigación “Diccionario Biográfico del Socialismo Español hasta 1930”, desenvolto pola Fundación Pablo Iglesias, e no que colabora, facéndose cargo da Comunidade Autónoma galega, a Fundación Luís Tilve, levou á primeira e a todo o seu equipo de investigación, a desenrolar tódolos anos un curso en torno ao socialismo, que permitise, ademais de dar a coñecer o proxecto, afondar no estudio dos movementos obreiros, agrarios e sociais. Coa idea de contrastar opinións e hipóteses con outros especialistas na materia, contemplouse a utilidade de levar a cabo xornadas de intercambio de información e de debate que redundaran na mellora dos obxectivos do citado proxecto, e permitise a transferencia adecuada de coñecementos. Con esta intención viñéronse celebrando cursos en Alcalá de Henares e Santander, nos que participou tamén a Fundación Luís Tilve.

Para o ano 2009, a Fundación Pablo Iglesias cedeu a organización do correspondente curso á Fundación

- ACTIVIDADES DA FLT -

Luís Tilve, acordándose tratar, para esta ocasión, o tema do agrarismo, de fondo calado e estudo na nosa comunidade.

A organización do curso, por parte da Fundación Luís Tilve, contou, ademais da colaboración da Fundación Pablo Iglesias, coa cooperación da Universidade de Santiago de Compostela -coa que se asinou un convenio-, do Consello da Cultura Galega -co que se asinou un protocolo de colaboración e que prestou a súa sede- e do Museo do Pobo Galego -que programou unha visita guiada polo mesmo e facilitou material bibliográfico para regalar aos conferenciantes. Así mesmo, a actividade contou co patrocinio de UGT-Galicia e o apoio de UU.AA.

O curso comezou o 1 de xullo, mércores, ás 9 horas, no Salón de Actos do Consello da Cultura Galega, coa inauguración do curso, que contou coa presenza e intervencións do Presidente da Fundación Luís Tilve, Jesús Mosquera Sueiro; do Concelleiro Delegado de Relacións Institucionais do Concello de Santiago, Andrés Fariña; da Secretaria de Administración de UGT-Galicia, Rosa Arcos Caamaño; do Director do Arquivo e Biblioteca da Fundación Pablo Iglesias, Aurelio Martín Nájera; e do Secretario de Desenvolvemento Rural, Medio Ambiente e Forestal de UU.AA., Jacobo Feijoo Lamas. O acto contou ademais coa presenza do Xerente do Consello da Cultura Galega, Marcelino Fernández Santiago.

Realizada a presentación do curso, iniciouse este abordando a historia dos movementos agraristas en España, utilizando para elo a contraposición das diferentes visións políticas e ideolóxicas destes movementos, as variables rexionais, e outras cuestións do asociacionismo rural, como é a situación da muller no campo, as circunstancias económicas ou a influencia da Igrexa, todo elo baixo enfoques históricos, políticos, económicos, sociais e culturais que serviron para analizar este período marcado pola aparición da sociedade de masas, a alfabetización, a prensa popular, o sufraxio feminino ou as diferentes correntes ideolóxicas.





Tódolos relatorios foron impartidos por catedráticos e investigadores de diversas universidades que aportaron as derradeiras tendencias e coñecementos na materia a tratar, de tal maneira que o curso serviu para poñer ao día aos novos estudantes nunha temática de fondo calado na historiografía galega, que conta con moitos dos mellores especialistas neste campo. O primeiro grupo de conferenciantes que falon durante a mañá do primeiro día, abordando o primeiro bloque do curso, dedicado ás variantes rexionais, estivo composto por: Lourenzo Fernández Prieto, Catedrático de Historia Contemporánea da USC e Vicepresidente da Sociedad Española de Historia Agraria, que falou das tendencias recentes en historia rural, prestando especial atención á mellora tecnolóxica levada a cabo polo agro galego dende finais do século XIX. Continuaron Diego Caro Cancela, Doutor en Historia Contemporánea da Universidade de Cádiz, e Manuel Morales Muñoz, Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Málaga, que falon das circunstancias rexionais do asociacionismo agrario en Andalucía. A estes seguiu Emilio Majuelo Gil, Doutor en Historia Contemporánea da Universidade Pública de Navarra, que abordou as características rexionais do agro na comunidade Navarra. Finalmente falou Manuel Requena Gallego, da Universidad de Castilla La Mancha.

Pola tarde retomouse o curso, ás 16 horas, da man de Enrique Bernad Royo, Doutor en Historia Contemporánea da Universidade de Zaragoza, que falou das características do movemento agrario e as súas problemáticas na rexión aragonesa. As exposicións remataron con Miguel Cabo Villaverde, Profesor titular da USC e especialista en historia agraria de Galicia, quen abordou as peculiaridades galegas, para pasar logo á celebración dunha Mesa Redonda na que tódolos relatores do día debateron sobre as casuísticas e as circunstancias diferenciais de cada rexión, chegando a distintas conclusións, o que deixa abertas varias liñas por onde seguir investigando nesta temática, o que serviu ademais para expor estas posibilidades aos moitos alumnos de historia presentes nas xomadas.

O xoves 2 de xullo, ás 9:30 horas, iniciouse a 2ª xomada do curso cun novo bloque de conferencias, centradas en abordar “os camiños da mobilización:

ideoloxías e politización no campo español". Para elo contou coa participación de Ramón Villares Paz, Presidente do Consello da Cultura Galega e gran coñecedor da historia do agro galego, tendo realizado multitude de traballos sobre a politización no mundo rural. A este seguiu Salvador Cruz Artacho, Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Jaén, que tratou os cambios no rural dende a óptica dos sindicatos agrarios de ideoloxía socialista, especialmente a través da historia da Federación de Trabajadores de la Tierra, de gran implantación no sur da provincia. A continuación interveu Francisco Cobo Romero, Doutor en Historia Contemporánea da Universidade de Granada, que analizou a perspectiva agraria dende a ideoloxía anarquista. Finalmente Samuel Garrido Herrero, Profesor titular de Historia Económica da Universidade Jaume I, abordou a visión das sociedades agrarias católicas e a súa influencia, especialmente en Navarra e no norte da Península.

Ás 16 horas continuáronse as conferencias coa participación de Juan Pan-Montojo, Doutor en Historia Contemporánea da Universidade Autónoma de Madrid, membro da Xunta Directiva da Sociedad Española de Historia Agraria e coeditor da revista Historia Agraria, que tratou a actitude do Estado restauracionista fronte á cuestión agraria e ao asociacionismo. Tras el, tivo lugar unha mesa redonda na que se debateu sobre a loita de ideoloxías, as súas circunstancias e os seus logros, aportando diversas conclusións e coincidindo noutras.

A terceira xornada, do venres 3 de xullo, tratou diversos temas transversais pero fundamentais para comprender a historia agraria. Os relatores que tomaron parte foron: Ricardo Robledo Hernández, Catedrático de Historia e Instituciones Económicas da Universidade de Salamanca e Presidente da Sociedad Española de Historia Agraria, quen abordou a "Reforma agraria" e as súas problemáticas durante a II República, prestando especial atención a Vázquez Humasque, ao que eloxiou, considerándoo un galego universal. Deseguido falou María José Rodríguez Galdo, Catedrática de Historia e Instituciones Económicas da USC, que expuxo as dinámicas do traballo e das relacións de xénero nas explotacións agrarias familiares. Os relatorios da mañá remataron coa intervención de Luís





Domínguez Castro, Profesor titular de Historia Contemporánea da Universidade de Vigo, que realizou un repaso polos marcadores económicos da época e as súas estatísticas.

A sesión da tarde comezou coa intervención de José Ramón Rodríguez Lago, Profesor Asociado na Universidade de Vigo, quen mostrou os seus coñecementos sobre as influencias da Igrexa no mundo rural e a confrontación desta nos distintos problemas agrarios. Tras el falou Xaime Barreiro Gil, Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais da USC, que analizou as circunstancias económicas do rural entre finais do século XIX e principios do XX, para, a continuación darlle paso ao relatorio de Aurelio Martín Nájera, Doutor en Historia Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid, que presentou os derradeiros avances nos proxectos sobre os movementos obreiros que está levando a cabo a Fundación Pablo Iglesias. Para rematar esta xornada celebrouse unha mesa redonda na que se cuestionou o papel da muller no campo, o analfabetismo, as condicións económicas, o papel da Igrexa e a progresión que se levou a cabo durante a II República, na que participaron, como nas anteriores, os conferenciantes do día. Tras esta, tivo lugar o acto de

Clausura, no que tomou a palabra o Secretario da Fundación Luís Tilve, Rogelio Pérez Poza.

A última xornada do curso tivo lugar no Museo do Pobo Galego, onde se realizou unha visita guiada polo museo, centrándose especialmente nas salas relativas ao traballo no campo. Trala visita, procedeuse á proxección dunha gravación realizada entre 1939 e 1940 en Galicia, titulada "O carro e o home", na que se presenta unha imaxe do rural de por aquel entón e o traballo a través do carro como útil fundamental nas tarefas do campo. Esta derradeira actividade foi de gran interese para os asistentes ao curso, especialmente para aqueles que viñan de fora de Galicia, xa que lles mostrou unha imaxe real e palpábel de todo o antedito durante os días anteriores. A actividade rematou coa entrega dalgunhas publicacións e folletos do Museo do Pobo Galego, así como dos diplomas do curso –que deron dereito a un crédito de libre configuración para os estudantes, acreditado pola Universidade de Santiago de Compostela-.

Homenaxe a Manuel Suárez Castro

O 27 de xullo do 2009, tivo lugar no concello de Ourense un acto de homenaxe ao último alcalde da etapa republicana nesta localidade, o líder obreiro Manuel Suárez Castro, quen foi fusilado no ano 1937 por ser un dos líderes provinciais do sindicato UGT e pola súa oposición ao alzamento militar franquista.



A homenaxe foi organizada polo Concello de Ourense, coa colaboración da Fundación Luís Tilve, quen puxo a disposición do Consistorio o Arquivo Histórico de UGT-Galicia, así como ao equipo de historiadores, formado por Javier Quintas Ferreiro e Marta Longueira Buceta, que están a realizar traballos de investigación sobre o movemento obreiro na provincia de Ourense.

O acto tivo lugar, nunha primeira parte de carácter solemne, no Salón Nobre da Casa Consistorial, coa presenza de destacadas personaxes da vida cultural e social ourensán, para posteriormente desprazarse á nova Escola de Artes Escénicas, onde se procedeu a descubrir unha placa que da o nome do homenaxeado a citada escola. A homenaxe completouse cunha representación teatral, a lectura da carta póstuma que deixou Suárez -que correu a cargo do Director de cine José Luís Cuerda, quen non puido evitar emocionarse coas verbas dun home que sabe que vai a morrer por defender uns ideais-, e a entrega dun presente por parte de Jesús Mosquera, en nome da Fundación, a Dolores Suárez, filla do alcalde represaliado, a cal agradeceu a nosa entidade o esforzo por recuperar a imaxe do seu pai, demostrando, unha vez máis, coas súas verbas, que sigue loitando e crendo nos ideais polos que morreu o seu proxenitor. Finalmente, pechou o acto Francisco Rodríguez, Alcalde de Ourense.

Homenaxe a Ricardo Pérez Medín

DECEMBRO 2009

O pasado venres, día 4 de setembro do 2009, ás seis da tarde, no porto de Miño, a “Agrupación Socialista Ricardo Pérez Medín” desta localidade, rendeu unha homenaxe a quen fora un dos seus fundadores, aló polo ano 1930, con motivo do seu recente falecemento en Panamá cando ía cumprir os 101 anos de idade.



Ricardo Pérez Medín, nado o 7 de Setembro de 1908 en Miño, obreiro afiliado a UGT, ao igual que a súa muller, mestra afiliada a FETE, foi elixido alcalde de Miño, pola Frente Popular, en 1936. Nese mesmo ano, tralo Golpe de Estado, advertido da intención de “pasealo”, fuxiu, xunto coa súa muller e outros compañeiros nun pequeno pesqueiro –“Golondrina”-, co cal chegaron a costa francesa, e de alí a Cataluña, para unirse ás forzas da República. Perdida a Guerra exiliáronse a Francia, onde pasaría dous anos nun campo de concentración. Embarcados finalmente para América –en Panamá-, Ricardo ostentaría a representación do PSOE durante moitos anos, volvendo a súa terra de forma esporádica trala morte de Franco, chegando incluso a afiliarse á nova Agrupación Socialista xurdida da democracia, e que leva hoxe en día o seu nome.

Fai uns meses, chegaron á Fundación Luís Tilve, a través do Presidente da Asociación da Memoria Histórica de Ferrol, as memorias de Ricardo Pérez Medín, cuxa edición será presentada a principios de ano. Neste traballo colaboraron diversos historiadores da Fundación que engadiron á publicación numeroso material de carácter histórico, así como toda a documentación aportada pola familia, a cal lle agradecemos enormemente toda a súa colaboración. Por todo iso, a esta homenaxe, na que tamén estivo presente a súa familia e a súa filla “Cuca”, non podía faltar a Fundación, en cuxa representación acudiu o seu Presidente, Jesús Mosquera Sueiro.

Á homenaxe, á cal acudiu numerosa xente da vida política e social de Miño e de Galicia, como o Secretario Xeral do PSdeG-PSOE, Manuel Vázquez, celebrouse no mesmo lugar do que, nunha noite de fai agora 73 anos saíron, na “Golondrina”, rumbo a Francia, o presente dun futuro mellor.

80 aniversario de la constitución del Sindicato Nacional Ferroviario de la 3ª Zona

O 10 de outubro do 2009, no Parador Nacional de Turismo de Monforte de Lemos, conmemorouse a efeméride do 80 aniversario da constitución do Sindicato Nacional Ferroviario da 3ª Zona. O acto, organizado pola Federación de Transportes de UGT-Galicia, contou coa participación da Fundación Luís Tilve, que puxo a documentación e o fondo fotográfico do seu Arquivo Histórico a disposición dos organizadores e coa presenza do seu Presidente, Jesús Mosquera Sueiro.



O evento, que se iniciou cunha ofrenda floral ante o monólito a Pablo Iglesias, na Praza da Estación, contou coas intervencións de Severino Rodríguez Díaz, alcalde de Monforte; Emilio Bahamonde López, Secretario Xeral de TCM-UGT-Galicia; Cándido Rodríguez Graña, Secretario do Sector Ferroviario de TCM UGT-Galicia; Ángel Rodríguez González, Secretario Xeral de SCTCM Lemos; Miguel Ángel Cilleros, Secretario Xeral de FETCM-UGT; e José Antonio Gómez Gómez, Secretario Xeral de UGT-Galicia. Todos eles participaron nas mesas redondas que tiveron lugar ao longo do día, abordando temáticas como a aproximación histórica ao sindicalismo en Galicia. Sindicalismo ferroviario –que contou cos historiadores Ana Romero Masía e Fermín Avellaneda Vázquez–, ou o sindicalismo na era da globalización –na que participou o Doutor en Historia Económica, Jaime Barreiro Gil.

Durante os actos de conmemoración homenaxeouse aos ferroviarios vivos máis antigos e inaugurouse unha exposición fotográfica-documental na Casa da Cultura.

A sanidade como servizo público

DECEMBRO 2009

116

CLARIDADE

Seguindo coa iniciativa de xerar debate entomo aos temas de maior calado na realidade galega, a través do Foro Claridade, a Fundación Luís Tilve organizou, xunto ao Foro Pontevedra, un mesa redonda que levou por título: A sanidade como servizo público. O acto, que se celebrou o 23 de novembro de 2009, ás 20 horas na Sala de Conferencias de Caixa Nova, en Pontevedra, contou coa inestimábel presenza de Francisco Cerviño González, deputado no Parlamento Galego, quen realizou unha exquisita presentación dos problemas aos que se enfronta a sanidade pública nestes tempos de crise. A continuación falou Manuel Martín García, membro da directiva da Asociación Galega de Defensa da Sanidade Pública, quen fixo unha exposición terrible do que pode significar a privatización encuberta da sanidade pública galega, para o cal comparou e mostrou con datos, a descomposición da sanidade en comunidades

con políticas liberais, como Madrid e Valencia. Finalmente interveu José Emilio Santiago Nieto, ex-director provincial do SERGAS, que expuxo as problemáticas dos cambios de goberno nas políticas sanitarias, utilizando como exemplo o caso do centro hospitalario de Pontevedra, Montecelo, no que se invertiu un importante diñeiro público, que non serviría de nada coa construción dun novo complexo hospitalario, que suporía ademais un novo custo, excesivo e innecesario en época de crise. Tralas exposicións, iniciouse unha mesa redonda, moderada por Pilar Fernández Osorio, membro da directiva do Foro Pontevedra, na que participaron numerosas persoas asistentes, entre as que había numerosos profesionais sanitarios e asociacións de veciños, as cales reclamaron unha maior actividade, por parte dos sindicatos de clase, na defensa da sanidade pública.



BREVES:

A Fundación Luís Tilve presentou, a través do Director do Arquivo e Biblioteca, Guillermo Pérez Agulla, un relatorio co título: *La investigación del movimiento obrero en Galicia*, nas **IX Jornadas de Investigación en Archivos de Castilla La Mancha**, que este ano abordaba precisamente a temática: *El trabajo y la memoria obrera*. Estas xornadas -que convertéronse xa na principal actividade de carácter arquivístico que se celebra en España- celebráronse no Palacio do Infantado de Guadalajara entre os días 27 e 30 de abril do 2009, e contou coa participación da Fundación AG-FITEL –unha das organizadoras-, ANABAD, a Fundación Largo Caballero, a Fundación Pablo Iglesias, ou a Fundación Bernardo Aladrén, entre outros 30 arquivos e centros documentais de toda España. No acto de apertura estiveron presentes representantes da vida social e política como Carlos Pedrosa, Secretario Xeral de UGT de Castilla La Mancha; ou Manuel Fernández López Lito, Presidente de AG-FITEL, quen presentou a exposición realizada pola citada entidade: 120 años del 1º de Mayo.

O Presidente, Jesús Mosquera Sueiro, acudiu, en representación da Fundación Luís Tilve, á **entrega das Medallas Castelao**, que tivo lugar o 28 de xuño do 2009.

O sábado 12 de setembro do 2009 celebrouse a **Festa dos socialistas galegos**, en Vilagarcía, á cal acudiron diversos membros da Comisión Executiva da Fundación, ademais de instalarse un stand da nosa entidade para dar a coñecer as nosas actividades e publicacións.

O 20 de outubro a Fundación acudiu á presentación do **Xacobeo 2010**, que tivo lugar no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

O mércores 4 de novembro, a Fundación asistiu á **Xornada Informativa Programa Cultura 2007-2013**, no Auditorio do CGAC, onde se presentaron os programas de axudas da Unión Europea.

O 19 de novembro a Fundación participou nunha **reunión**, celebrada no Centro Sociocultural do Ensanche, á que foron convocadas **diversas entidades culturais de Santiago**, para tratar as problemáticas que estas estaban a ter e a forma de mellorar os servizos que lles presta o Concello.

O 3 de decembro, trala invitación do Concello de Santiago, a Fundación participou no **Proxecto Urbana Santiago**, como colectividade cultural presente na zona urbana a tratar.

Con motivo da conmemoración do **Día Internacional dos Dereitos Humanos**, a Fundación participou no acto celebrado o 10 de decembro no Consello da Cultura Galega e organizado por este último xunto ao Seminario Galego de Educación para a Paz, UNICEF Galicia e o Colexio de Avogados de Santiago. O Presidente da nosa entidade, Jesús Mosquera Sueiro, leu, xunto a outras figuras destacadas da vida social e política galega, un artigo da Declaración dos Dereitos Humanos.

Invitados polo "**FORUM-EUROPA. Tribuna Galicia**", o Presidente da Fundación acudiu, o 11 de decembro do 2009, no Hostal Parador dos Reis Católicos, á conferencia que impartiu o Secretario Xeral do PSdeG-PSOE, Manuel Vázquez.

O venres, 11 de decembro, no Salón Nobre do Pazo de Mariñán, Jesús Mosquera, en representación da Fundación, acudiu á **Gala da Cultura**, onde se outorgaron os premios instituídos pola Deputación de A Coruña.

O 15 de decembro do 2009, tivo lugar unha xuntanza do **Padroado da Fundación**, no cal, ademais de presentar e ser aprobado o Plan de Traballo para o ano 2010, tamén foi elixida a nova Comisión Executiva que rexerá durante os próximos catro anos os designios da entidade, a cal quedou conformada por: **Fernando González Laxe**, Presidente de Honra; **Jesús Mosquera Sueiro**, Presidente; **Roxelio Pérez Poza**, Secretario; **Rosa Arcos Caamaño**, Tesoureira-vocal; **José Antonio Gómez Gómez** e **José Domingo Barros Montáns**, Vogais. Así mesmo, se incorporaron ao Padroado: Fernando Martínez González, Juan Luís Dopico Díaz, Mariano García González, Olga Alonso Suárez, José Carlos Rodríguez del Río, Baldomero Areán González, e Guillermo Pérez Agulla.

A Fundación Luís Tilve, integrada na **Rede de Arquivos de Galicia**, na **Rede de Bibliotecas de Galicia** e na **Rede de Arquivos de UGT**, estará tamén, antes de que remate o ano 2009, no **Portal Web** que ten esta última, onde se poderán consultar tódolos fondos documentais de UGT dispoñíbeis nas distintas entidades ou fundacións xestoras deste material de indubidábel valor histórico.

Nos últimos meses do ano, a Fundación Luís Tilve, representada na figura do seu Presidente, Jesús Mosquera Sueiro, estivo presente na maioría dos **Congresos** que as Unións e Federacións de UGT-Galicia está celebrando.

O xoves 17 de decembro celebrouse, na sede da Casa do Pobo de Santiago, unha **conferencia** organizada pola XSG-Compostela, coa colaboración da Fundación Luís Tilve, na que o enxeñeiro, exdeputado e membro da nosa entidade, **Isidoro Gracia Plaza**, tratou *O modelo enerxético español: desafíos no marco actual*. A charla tamén foi aproveitada para presentar as derradeiras actividades e actuacións da Fundación e dar a coñecer os fondos documentais que se albergan nela.

Convocados os Premios Luis Tilve 2010

O pasado día 9 de decembro reuniuse a Comisión Executiva da Fundación Luís Tilve, acordando convocar os "Premios Luís Tilve 2010". Esta é a quinta edición dos Premios na súa modalidade actual. Os contidos e bases da convocatoria son os seguintes:

A Fundación convoca os PREMIOS LUIS TILVE 2010, conforme ás consideracións xerais, contidos e bases que se indican a continuación:

Consideracións Xerais:

Os premios serán catro, denominados: "TRABALLO DIGNO", "ACCION SOLIDARIA", "DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE E DOS BENS COMUNS" e "INVESTIGACION E DIVULGACION HISTORICA". Irán destinados a persoas, asociacións ou entidades que merezan ver destacado o seu traballo e premiada a súa labor, como exemplo e factor de estímulo positivo diante da comunidade galega, en relación aos valores que se pretenden impulsar.

O Xurado está presidido por Fernando González Laxe, Catedrático da Universidade de A Coruña e Presidente de Honor da Fundación, e integrado por: Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña; Álvaro Ansias Bacelar, Director de TRAGSA Galicia; Carmen Avendaño Otero, Presidenta de Érguete; Rosalía Mera Goyenechea, Presidenta da Fundación Paideia; Tareixa Navaza González, periodista; María Xosé Rodríguez Galdo, Catedrática da Universidade de Santiago; José Antonio Gómez Gómez, Secretario xeral da UGT de Galicia; e Roxelio Pérez Poza, Secretario da Fundación Luís Tilve.

Contidos

1.- Premio "Traballo Digno"

Distinguirá e premiará aqueles actos e realizacións que constitúan unha referencia do que debe ser un traballo digno para todos, sen diferenzas de sexo, raza, nacionalidade, relixión ou ideas políticas.

Neste senso cabe referirse a:

- Cuestións destacadas, conseguidas e consignadas en convenios colectivos ou pactos de empresa.

- Iniciativas de formación profesional que en calquera das súas modalidades (regrada, ocupacional, continua, etc.) destaquen como contribución a un traballo de calidade para persoas e colectivos, e axuden de xeito singular á creación ou mantemento de postos de traballo, ou a unha significativa mellora das condicións de traballo.

- Iniciativas sindicais e empresariais que teñan servido para mellorar de xeito salientable a prevención de accidentes, así como as medidas de seguridade e hixiene no traballo.

- Actuacións, acordos e iniciativas para suprimir ou reducir substancial-

mente a contratación en precario e a eventualidade.

- Persoas que a través da súa actividade profesional teñan contribuído de xeito destacado ao fomento do emprego e dun traballo digno tanto no ámbito da industria, do agro ou da pesca, como no campo da docencia ou doutras actividades profesionais a través de artigos e traballos nos medios de comunicación, libros, reportaxes, ensaios ou doutros medios.

- Iniciativas que a través do traballo axuden a unha mellor integración social de persoas ou colectivos.

- Iniciativas que teñan contribuído de xeito notable á integración dos traballadores e traballadoras inmigrantes e ao recoñecemento e respecto dos seus dereitos.

- Iniciativas que creen emprego, particularmente a través de cooperativas e pequenas e medianas empresas, respectuosas co medio ambiente.

2.- Premio “Acción Solidaria”

A unión e a solidariedade son valores históricos do movemento sindical, que as sociedades democráticas teñen



Imaxe do acto de entrega dos Premios Luis Tilve de 2009

asumido como propios e que a Fundación Luís Tilve quere impulsar como un ben común fronte ao individualismo, ás actitudes discriminatorias, clasistas ou xenófobas.

As accións solidarias son característica dos grupos humanos que avanza e progresan. A auténtica solidariedade alimenta a convivencia xusta, o respecto político e a paz. É fundamental, con esta orientación, compartir a loita contra as inxustizas, as adversidades e as catástrofes, así como as súas causas.

Dende esta perspectiva distinguirase e premiarase calquera iniciativa que contribúa ó avance dos obxectivos mencionados. Singularmente e a modo de exemplo:

- As accións solidarias con traballadores e traballadoras en dificultades, con

motivo de folgas, peches de empresas, despedimentos, sancións inxustas, etc.

- Accións concretas e eficaces de solidariedade internacional.

- Campañas e actividades concretas para combater as causas da pobreza, das enfermidades, da explotación dos seres humanos, da guerra, etc.

- Accións concretas de solidariedade coas vítimas de accións terroristas, ditaduras, mafias, abusos de todo tipo.

- Accións eficaces de solidariedade coas vítimas de catástrofes, accidentes ou situacións de necesidade.

Aos efectos anteriores, consideraranse accións solidarias,

ademais de actos ou xestos concretos, á publicación de manifestos, declaracións, artigos de prensa, programas nos medios de comunicación, organización de actividades públicas de carácter cidadán, estudos, libros, etc.

3.- Premio “Defensa do medio ambiente e dos bens comúns”

A esixencia dunha actividade económica, produtiva e industrial, respectuosa co medio ambiente, é algo que se fai máis patente e xeneralizado cada día, tanto por parte dos traballadores e traballadoras como da cidadanía en xeral. É tamén unha demanda cara ao inmediato futuro. Neste senso o crecemento económico sostible é un referente estratéxico fundamental.

Ao falar de medio ambiente queremos referirnos a ese ben común, ben de todos, que non se debe converter en monopolio privado ou negocio de ninguén, como é a propia terra que habitamos: os ríos, a auga, o mar, o aire que respiramos, os bosques, a biodiversidade, os coñecementos humanos, a lingua e a cultura compartidas, as terras comunais, etc.

Tamén é importantísimo e necesario defender outros bens comúns, bens de todos, que tampouco poden converterse en particular negocio, e menos aínda monopolio. Referímonos a servizos públicos como a saúde, a educación, a seguri-



Algúns dos premiados nos Premios Luis Tilve de 2009

dade social, os programas de asistencia social, a depuración e subministro de auga potable, a información, a seguridade colectiva, os ferrocarrís, os servizos postais, as cadeas, o transporte aéreo, os museos, as institucións culturais, os dereitos humanos, a atención aos maiores e aos nenos, etc.

Trátase igualmente de premiar aquelas iniciativas concretas encamiñadas a frear a ofensiva privatizadora dos bens públicos, que conduce a unha sociedade máis empobrecida, dualizada, coas liberdades mermadas, e a propia democracia limitada e empequenecida, ameazando ao estado moderno de impotencia para facer fronte aos problemas actuais.

As posibilidades de accións concretas e iniciativas a destacar e premiar son moi amplas e comprenden dende traballos periodísticos ate estu-

dios rigorosos, traballos de profesionais, de alumnos, actividades culturais e de divulgación, así como tamén accións cívicas, incluídas mobilizacións e manifestacións sociais diversas, sempre pacíficas.

4.- Premio “Investigación e Divulgación Histórica”

Distinguirá e premiará os estudos, investigacións ou traballos de divulgación no eido das ciencias sociais, históricas e xurídicas, relativos ao mundo do traballo e da empresa, particularmente no referido ás relacións laborais, á historia das organizacións sociais, políticas e, singularmente, do sindicalismo e da súa problemática na sociedade actual, o cooperativismo, a emigración e inmigración e, en xeral, canto concerne ás condicións de vida e de traballo.

Bases:

1.- Poderán optar aos premios tódalas seccións sindicais, sindicatos comarcais, unións e federacións das organizacións sindicais democráticas con presenza en Galicia. Igualmente tódalas persoas a título individual, así como calquera asociación ou entidade legalmente establecida na nosa comunidade.

2.- Poderán facer propostas tódalas persoas físicas, inclusive os membros do Xurado a título individual, así como calquera asociación, organización ou entidade legalmente establecida en Galicia.

3.- As propostas presentaranse por escrito, dirixidas a:

“Premios Luís Tilve 2010”.

Avda. Cruceiro da Coruña, nº 22, baixo.

15705 - Santiago de Compostela.

Tlf: 981 58 54 90 – Fax: 981 56 68 30.

E-mail: fluistilve@hotmail.com

<http://www.fundacionluistilve.org>

Facendo constar:

- Nome, enderezo e teléfono da persoa ou entidade proponente ou, no seu caso, nome e datos de identificación da persoa ou entidade proposta.

- Premio ao que se opta ou ao que se postula.

- Informe dos feitos

que motivan a proposta. (Ditos feitos non poderán ser anteriores ao 1 de Setembro do ano 2008).

4.- A data límite para a presentación de propostas será o día 17 de maio do ano 2010.

5.- Os premios consistirán nunha figura en bronce de dúas mans entrelazadas sobre unha base de granito negro de Campolameiro, obra exclusiva do artista César Lombera e, no seu caso, a publicación do traballo premiado.

6.- A entrega dos premios realizarase nun acto público que terá lugar en PONTEVEDRA, o 25 de xuño do 2010.

IN MEMORIAM

Santiago Fernández Loureiro

Antonio Rodríguez Rodríguez.

Ex-Secretario General del PSdeG-PSOE



Santiago Fernández Loureiro xunto a Mariano Sanz Pech no ano 1979

Socialista hasta la médula. El socialismo, para él, era un sentimiento vital, una forma de vida hasta el punto de no concebir otra y que le llevaba a disfrutar y a sufrir según los avatares del partido socialista al que pertenecía mucho antes de que yo le conociera en el año 1979.

En el trienio 82-85 ambos formamos parte de la Ejecutiva Gallega del PSdeG PSOE, él como Secretario de Administración y yo como Secretario General. Juntos recorrimos la práctica totalidad de la geografía gallega en una labor entusiasta de implantación y expansión de partido socialista en Galicia. Pese a la diferencia de edad llevaba como nadie recorrer al volante de su coche cientos de kilómetros por carreteras que no eran las de hoy, comer a destiempo o acabar el día a altas horas de la noche en charla formal, informal o negociadora con los militantes de la zona para al día sigu-

iente continuar como si nada la ruta prefijada a otra localidad.

Mis recuerdos de su compañía, del análisis certero a veces un tanto radical pero que se convertía en flexible ante mis decisiones, del conocimiento y aprecio que él tenía de tantísimas personas sobre todo de la provincia de Lugo pero también de las otras como consecuencia de su dilatada y fructífera experiencia comercial, tengo claro que nos fueron de mucha utilidad y permanecerán siempre imborrable en mi recuerdo.

Era leal a las personas y conmigo lo fue siempre pero sobre todo era leal al partido socialista en el que jugó un destacado papel en los primeros tiempos de la etapa democrática en la provincia de Lugo. Luego después ya en la Ejecutiva Gallega, con él se inició una política de dotación de sedes locales para las Agrupaciones del PSdeG-PSOE que sus sucesores continuaron y que visto ahora tantos años

después constituyen el asentamiento físico y la base territorial de la expansión del socialismo en Galicia.

Abierto siempre a las ideas innovadoras y de cambio de los que éramos entonces más jóvenes, no dudó en apoyar cuantas iniciativas apuntaban simplemente a un futuro más esperanzador para Galicia. Sirva de ejemplo la creación de la Fundación Celso Emilio Ferreiro de la que fue patrono fundador desde su creación en el año 1985 y como tal permaneció hasta su fallecimiento.

Como su trato no solía dejar indiferente a nadie en el sentido que fuera, todos cuantos le conocimos y tratamos estoy seguro tendremos siempre un recuerdo imperecedero de su persona. En mi caso concreto, ese recuerdo es de enorme y emocionado cariño hacia su persona, que ahora se agranda en el momento de lamentar su ausencia.

IN MEMORIAM

José María Bouza Allegue “Mario Bouza”


DECEMBRO 2009

124

CLARIDADE

O pasado día 19 en outubro falecía en Ferrol un histórico dirixente da UGT, e un entrañable compañeiro: José María Bouza Allegue, coñecido por todos como “Mario Bouza”.

Nacera na próxima vila de Pontedeume en xaneiro de 1940, aínda que trasladárase a vivir a Ferrol pouco despois de empezar a traballar como aprendiz na factoría de Bazán, chegando a acadar a categoría de mestre de taller. Nesta empresa desenvolvería toda a súa vida laboral, sendo na que se forxou como activista e dirixente sindical. Iniciou a súa andaina moi novo, na década dos anos sesenta na organización católica HOAC, sendo logo un dos fundadores da USO na empresa e na comarca de Ferrol. Participou como delegado no Congreso de Unificación deste sindicato coa UGT que tivo lugar en Madrid en decembro de 1977.



Mario Bouza nunha das últimas comparacións públicas como coordinador de Galicia da Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT

Foi membro destacado da sección sindical de UGT en Bazán, na que desempeñou varios cargos de responsabilidade. Formou parte da Comisión executiva da Unión Local da UGT de Ferrol entre 1978 e 1979. Posteriormente ocuparía a secretaría de organización da Comarcal, e logo a secretaría xeral entre os anos 1991 e 2002. Viviu de cheo o proceso da reconversión naval, de tanta repercusión nas

empresas do naval e en toda a comarca ferrolá, destacando o seu compromiso permanente por sacar adiante medidas de recuperación industrial.

Durante varios anos formaría parte da Comisión de Garantías da UGT Confederal, sendo logo, ate o seu falecemento, o coordinador da Unión de Xubilados e Pensionistas da UGT de Galicia, onde traballou de xeito incansable ate o mesmo día do seu falecemento, na defensa dos intereses e mellora das condicións de vida deste colectivo.

Persoa sumamente responsable e meticulosa, foi colaborador entusiasta da Fundación Luís Tilve a que legou numerosa documentación, que se garda como tal no Arquivo Histórico do Sindicato que custodia a Fundación. O envío máis recente tivo lugar pouco despois do X Congreso da UGT de Galicia, e consistiu nunha colección de fotografías dos anos setenta.

IN MEMORIAM

Demetrio Chorén Vázquez

Demetrio Chorén Vázquez, naceu o 14 de maio de 1970 en Boimorto (A Coruña) e estivo afiliado a TCM de UGT- Galicia dende o 01 de xaneiro de 1995. Foi traballador da Grúa de Coruña (retirada de vehículos da vía pública), onde desempeñou a súa labor sindical coma Delegado de Persoal da UGT. Pasa a formar parte coma Responsable de Área Interna do sector de Estradas e Urbanos de TCM de UGT- Galicia en xuño de 2002. En novembro do ano 2005 no 3º Congreso da Federación Nacional de Transportes, Comunicaci3ns e Mar (TCM) de UGT- Galicia 3 elixido responsable do Sector de Estradas e Urbanos, desempeñando unha moi destacable labor tanto no traballo das Elecci3ns Sindicais coma na



Demetrio Chorén nunha imaxe tomada no desenvolvemento dunha mobilizaci3n sindical

propia Negociaci3n Colectiva, sobresaíndo sempre na súa claridade de ideas e no asesoramento 3s compa3eiros do sector. En novembro do ano 2009 3 elixido no 4º Congreso Nacional da TCM de UGT- Galicia Secretario de Acci3n Sindical, falecendo o d3a 04 de decembro de 2009 3s 39 anos de idade.

Na súa actividade sindical destacou sempre pola súa gran fortaleza e capacidade de traballo, renunciando en innumerables ocasi3ns 3 súa vida persoal en pro do sindicato. Non obstante, participou activamente no 4º Congreso Nacional da TCM de UGT- Galicia, estando xa nunha complicada situaci3n de enfermidade 15 d3as antes do seu falecemento.



BOLETIN DE INSCRIPCIÓN

La inscripción se formalizará cumplimentando el boletín adjunto y abonando la cantidad correspondiente mediante ingreso o transferencia bancaria en la cuenta de Caixanova, abierta a nombre de la Fundación Luís Tilve (los gastos que generen las operaciones bancarias serán por cuenta del alumno):

Entidad	Oficina	DC	Nº de cuenta
2080	0491	14	0040106731

APELLIDOS.....

NOMBRE.....

NIF..... TLF.....

DIRECCIÓN.....

POBLACIÓN.....

C.P. PROVINCIA.....

E-MAIL.....

Estudiante Desempleado Asociado-afiliado

Centro de Trabajo.....

DOCUMENTOS QUE DEBE APORTAR PARA EFECTUAR LA MATRICULA

Boletín de Inscripción

Fotocopia o duplicado del justificante acreditativo del abono de las tasas en el que debe constar el nombre del alumno y el curso.

En caso de ser parado, estudiante o asociado-afiliado, fotocopia de documento que acredite dicha situación.

ENVIO DE INSCRIPCIONES

Los boletines de inscripción deberán ser enviados a la Secretaría Técnica de la Fundación Luís Tilve por fax, correo ordinario o e-mail:

Fundación Luís Tilve

Avda. Cruceiro de A Coruña, 22 – bajo.

15705 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Tlf: 981 58 54 90

Fax: 981 56 68 30

E-mail: cursosfluistilve@gmail.com

fluistilve@hotmail.com

fluistilve@fundacionluistilve.org

La inscripción dará derecho a asistir al curso y a obtener certificado acreditativo de la participación –equivalente a 30 horas lectivas–.

INFORMACIÓN GENERAL DEL CURSO

LUGAR DE IMPARTICIÓN: Sede do Consello da Cultura Galega. Pazo de Raxoi, 2º andar - Santiago de Compostela (A Coruña).

DURACIÓN DEL CURSO: 30 horas. Nº PLAZAS: 100.

